



**RAMÓN MARIÑO PAZ**  
**XAVIER VARELA BARREIRO**  
EDITORES

# **A lingua galega no solpor medieval**

(e i)

CONSELLO DA CULTURA  
GALEGA

ensaio & investigación



# **A lingua galega no solpor medieval**

A lingua galega no solpor medieval / Ramón Mariño Paz, Xavier Varela Barreiro, editores.  
— Santiago de Compostela : Consello da Cultura Galega, 2016. — 194 p. ; 24 cm. —  
(Ensaio & Investigación)  
DL. C 2063-2016. — ISBN 978-84-92923-77-9.  
1. Galego-portugués (Lingua)-Antes de 1500.- 2. Galego (Lingua)-16º século.- 3. Portugués (Lingua)-16º século.- 4. Asturiano Historia. I Mariño Paz, Ramón, ed. lit. II Varela Barreiro, Xavier, ed. lit. III Consello da Cultura Galega, ed.

A edición e preparación deste libro foi financiada parcialmente cunha axuda da Secretaría Xeral de Universidades (Xunta de Galicia - Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional) ao grupo de investigación Filoloxía e Lingüística galega (USC).

**Consello científico da colección (Serie Lingüística)**

Ana Maria Barros de Brito (Universidade do Porto)  
Dante Lucchesi (Universidade Federal da Bahía)  
Josefa Dorta Luis (Universidad de La Laguna)  
María-Pilar Perea i Sabater (Universitat de Barcelona)  
Pedro Sánchez-Prieto Borja (Universidad de Alcalá)

**Edita**

© Consello da Cultura Galega, 2016  
Pazo de Raxoi · 2º andar · Praza do Obradoiro  
15705 · Santiago de Compostela  
T 981 957 202 · F 981 957 205  
correo@consellodacultura.gal  
www.consellodacultura.gal

**Proxecto gráfico**

Imago Mundi Deseño

**Imaxe de cuberta**

Castelo de Pambre  
© Xavier Varela Barreiro

**Maquetación**

Raquel Vila Amado

**Imprime**

Campus na Nube

Depósito Legal: C 2063-2016

ISBN 978-84-92923-77-9

**RAMÓN MARIÑO PAZ**  
**XAVIER VARELA BARREIRO**  
EDITORES

# **A lingua galega no solpor medieval**



(e i)  
ensaio & investigación

# Limiar

Ramón Mariño Paz

Xavier Varela Barreiro

No ano 2007 o Consello da Cultura Galega e o Instituto da Lingua Galega publicaron unha obra colectiva editada por Ana Isabel Boullón Agrelo que levaba o título de *Na nosa lingoage galega. A emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media*. Este volume acha agora o seu reverso nestoutro libro que aquí presentamos, que se debruza sobre a cuestión do abandono do uso escrito formal da nosa lingua entre os séculos xv e xvi e sobre os procesos de cambio en que naquela altura estaba inmersa. As súas páxinas son o froito do traballo dun pequeno grupo de historiadores e lingüistas que deseguido damos a coñecer.

Anselmo López Carreira traza no seu contributo as liñas mestras do marco político, económico e social en que o reino de Galicia chegou ao final da Idade Media. En “O reino de Galicia no remate da Idade Media” o autor fai unha exposición das circunstancias en que a nosa terra transitou do Medievo á Idade Moderna, cun balance final que do seu punto de vista se pode sintetizar dicindo que nese tempo “o país pasou de desenvolver unha dialéctica histórica propia a unha situación de dependencia”. Con claridade e rigor, López Carreira analiza os acontecementos que mediaron entre a guerra trastamarista concluída en 1386 e a clausura do ciclo de revoltas irmandiñas e de enfrontamentos entre a monarquía e o poder señorial galego, cen anos máis tarde. Ao finalizar este século longo de agudas tensións sociopolíticas Galicia quedaba ás portas dun novo tempo histórico caracterizado “polo desenvolvemento do capitalismo comercial, a hexemonía das grandes casas da oligarquía aristocrática e o reforzamento e centralización do poder monárquico do Estado Moderno”.

Despois deste capítulo inicial, sucédense dúas contribucións destinadas a presentar o escenario en que se deu a transición da Idade Media á Idade Moderna en dúas comunidades lingüísticas veciñas de Galicia que estaban inmersas en escenarios sociolingüísticos ben diferentes entre si: Portugal e Asturias.

En “A lingua portuguesa na fin da Idade Media” Juan M. Carrasco González presenta en atinada síntese os trazos básicos do percurso histórico que conduciu

o portugués desde finais do século XIV ata principios do XVII: do punto de vista interno, a culminación dunha suma de mudanzas que desde o “centro político e lingüístico do país van configurar un portugués novo, ben diferenciado xa das vellas formas galaico-portuguesas do Norte, e moi próximo das características modernas da lingua”, proceso que se deu acompañado do traballo de gramáticos, poetas e humanistas empeñados na análise, na apoloxía e no ennobrecemento do idioma patrio; do punto de vista sociolingüístico, a configuración desde finais do XV do escenario do chamado “bilingüismo cultural”, que se traduciu nunha indubitable influencia castelanizante, sobre todo nos ambientes máis cultos e aristocráticos do reino. Finalmente, a expansión do imperio e do comercio transoceánico, a introdución do humanismo pleno ou a difusión da imprenta foron outros factores que marcaron decisivamente o devir da lingua portuguesa no período do seu ingreso na Idade Moderna.

Sobre un treito histórico case coincidente con este proxecto o foco Xulio Viejo Fernández en “El asturiano en el tránsito de la Edad Media a la Moderna (siglos XIV-XVII): entre el retroceso y la toma de conciencia lingüística”. Con todo, Viejo inicia o seu capítulo cunha extensa exposición sobre a emerxencia medieval do asturiano na que explica que, no período de plenitude do cultivo escrito que se viviu, máis ou menos, de 1260 e 1330, o que prevaleceu na documentación foi unha lingua máis propiamente leonesa ca asturiana, aínda que ninguén lle puxese daquela ningún destes dous nomes. Expón despois como desde mediados do século XIV se produciu a chegada e o avance da castelanización, moitísimo máis intensa na escritura ca na oralidade, e sostén que este proceso debeu de propiciar como presumible contrapartida o afianzamento dunha conciencia lingüística asturiana. En efecto, segundo o autor, “la imposición evidente del castellano en estas fechas no solo no anuló el uso oral del asturiano sino que coincide, a partir del XV, con los primeros testimonios explícitos de una conciencia lingüística propia, con la aparición de un discurso intelectual e ideológico en torno a él entre los siglos XVI y XVII y, lo que aún es más, con la defensa de su prestigio social e histórico”.

O abandono do uso da lingua de Galiza na documentación xudicial catrocentista da colección documental da catedral de Lugo é o tema da contribución de Xavier Varela Barreiro e Ricardo Pichel Gutiérrez, titulada “Galego-portugués e castelán na Galiza do século XV. Retrincos significativos na documentación xudicial da colección da catedral de Lugo”. Os autores sitúan o caso particular dos



usos lingüísticos no ámbito da xustiza nun marco medieval no que, a nivel xeral, non se produce a substitución da lingua propia pola foránea ata a última década do século xv e a primeira do xvi. A substitución do galego-portugués polo castelán en tempos recuados foi excepcional e exclusiva dunhas poucas esferas da sociedade, entre as que se atopaba a do aparato da xustiza. Afirmar que foi a que desde máis antigo e con resultados máis patentes foi abrindo ese camiño e marcando a pauta que case tres séculos despois acabaría impoñéndose, nesa altura xa moi aceleradamente, no conxunto dos ámbitos de escrita da sociedade galega. No seu estudo da documentación constatan así mesmo que a implantación do castelán foi máis demorada nos núcleos da xustiza eclesiástica que nos da xustiza civil, nomeadamente a rexia, na que a lingua vernácula fora xa completamente erradicada antes dos albores do século xv, por oposición á xustiza eclesiástica, da que aínda emanaban documentos xudiciais en galego-portugués no ecuador do século xv.

En “Cambios desde abaixo e cambios desde arriba no galego do século xv” Ramón Mariño Paz inscribe no marco da historia da lingua galega dúas mudanzas lingüísticas en marcha no século xv que, coma outras que se produciron en distintos tempos e en distintos lugares, poderían caracterizarse cos parámetros da coñecida clasificación de William Labov a que se alude no título do traballo. Unha delas “era sen dúbida común á gran maioría das variedades da lingua daquel tempo”: a desnasalización vocálica dos resultados das terminacións latinas -ĀNES, -ANĪS, -ĒNES, -ĔNES, -ĪNES, -ŌNES, -ŎNOS, -ŪNES, -ŪNĪS e -ŪNOS. A outra, “polo contrario, semellaba estar liderad[a] basicamente por individuos ao servizo da elite gobernante que nos documentos que produciron lle deron un gran pulo a unha variante morfolóxica cuxo emprego implicaba un achegamento da nosa lingua ao castelán”: a variante *-ble(s)* como expresión do sufixo galego proveniente do latino -BĪLIS.

Xosé Manuel Sánchez Rei aborda o estudo doutro cambio lingüístico en marcha en “A interpolación pronominal no tránsito do galego medieval ao galego moderno”. Neste capítulo o seu autor, logo de facer unha presentación do fenómeno que estuda no galego dos séculos XIII e XIV, mostra como nas fontes do xv e do xvi se van advertindo xa os que serán os trazos máis salientes desta variable no galego medio e no galego contemporáneo: por unha parte, a redución do número de elementos capaces de provocaren a próclise pronominal e, por outra,

a diminución da cantidade e da diversidade dos elementos susceptibles de seren interpolados entre o clítico anteposto e a forma verbal.

Finalmente, Gonzalo Hermo González e Lucía Doval Iglesias fan unha aproximación aos procesos de castelanización da toponimia galega na documentación notarial dos séculos XIII, XIV, XV e XVI. Da exploración que realizan en “A castelanización da toponimia na documentación instrumental galega da Idade Media” conclúen que, aínda que hai “pequenos despuntes de castelanización, nunca regulares e sempre minoritarios, nos séculos da Idade Media”, este proceso desgaleguizador da toponimia non se consolidará ata a Idade Moderna ou aínda ata a Contemporánea.



# ensaio & investigación

Índice

- 6 Limiar**  
Ramón Mariño Paz e Xavier Varela Barreiro
- 15 O reino de Galicia no remate da Idade Media**  
Anselmo López Carreira
- 37 A lingua portuguesa na fin da Idade Media**  
Juan M. Carrasco González
- 67 El asturiano en el tránsito de la Edad Media a la Moderna (siglos XIV-XVII): entre el retroceso y la toma de conciencia lingüística**  
Xulio Viejo Fernández
- 95 Galego-portugués e castelán na Galiza do século xv. Retrincos significativos na documentación xudicial da colección documental da catedral de Lugo**  
Xavier Varela Barreiro e Ricardo Pichel Gotérrez
- 121 Cambios desde abaixo e cambios desde arriba no galego do século xv**  
Ramón Mariño Paz
- 147 A interpolación pronominal no tránsito do galego medieval ao galego moderno**  
Xosé Manuel Sánchez Rei
- 179 A castelanización da toponimia na documentación instrumental galega da Idade Media**  
Lucía Doval Iglesias e Gonzalo Hermo González



**O REINO DE GALICIA NO  
REMATE DA IDADE MEDIA**  
**ANSELMO LÓPEZ CARREIRA**  
UNED - Ourense





A continua sucesión de conexións con que se desenvolve a Historia –cara adiante cando ela se produce, cara atrás cando a estudamos– fai que o presente veña determinado por todo o cúmulo de acontecementos precedentes, o cal dificulta a identificación de momentos concretos que de maneira distintiva balicen o inicio e o final dun período histórico; mesmo ten algo de arbitrario establecer a secuencia das fases. Os feitos históricos máis relevantes remiten sempre a causas previas e os límites cronolóxicos que escollamos teñen un valor relativo, forzados pola necesidade de acoutar os tempos e facer así posible o estudo e comprensible a divulgación.

Porén, dispoñémonos agora a analizar unha fase histórica secular, dotada sen dúbida de elementos dabondo coherentes como para facérmonos idea da importante transformación experimentada por Galicia no tránsito da Idade Media à Moderna, cun balance observable no que o país pasou de desenvolver unha dialéctica histórica propia a unha situación de dependencia.

A unión dos reinos de Galicia (ou Galicia-León se se prefire, ou incluso ao revés: de León-Galicia) con Castela en 1230, sen ter revestido ningún grao de radicalidade, pois seguiu o aceptado curso hereditario e non alterou os niveis estruturais da sociedade, si que foi significativa na constitución xeopolítica da inminente Galicia baixomedieval e, por ende, da posterior. Ao longo do século e medio seguinte o conxunto galaico-leonés preservará as súas peculiaridades político-administrativas no conxunto da Coroa, diferentes das de Castela. O reino de Galicia en concreto vai desenvolver unha destacada iniciativa política, particularmente no terceiro terzo do século XIV, no contexto próximo do conflito trastamarista e no máis amplo da Guerra dos Cen Anos.

No aspecto territorial, nese período foise perfilando con claridade a identificación de Galicia cun territorio bastante coincidente co actual, excepción feita do Bierzo, que permanecerá integrado en Galicia ata finais do século XV. Entón, a concepción do reino galego como un espazo moito máis extenso e heteroxéneo,

o da vella Gallaecia de tradición romano-sueva, foi ficando cada vez máis lonxe; probablemente incluso esquecido. Non xa porque no século XII naceran os reinos de Portugal e de Castela, ata esas datas parte da Gallaecia, senón tamén porque as terras leonesas irán basculando desde o inicial emparellamento con Galicia ata unha crecente fusión con Castela, ata o punto de en época moderna ser difícil precisar os límites entre León e Castela.

## 1. DELIMITANDO UNHA FASE SECULAR

Convencionalmente sitúase o remate da Idade Media no século XV, nun momento impreciso (propóñense diferentes anos exactos, en función da efeméride que se prefira destacar). Semella prudente convir en que o tránsito á Idade Moderna constitúe un proceso estendido ao longo da segunda metade desa centuria.

Postos a demarcar un lapso de tempo entre acontecementos dotados de suficiente significación, e que ademais encerre unha fase historicamente homoxénea e susceptible de ser analizada e exposta con coherencia, optarei por un século casualmente exacto na súa medida: os cen anos que van de 1386 a 1486. Aínda sabendo que –como fica dito– tanta exactitude inclina a sospeitar certo artificio, non obstante eses anos proporcionan uns marcos razoables. Ambos conteñen elementos simbólicos das respectivas inflexións acaecidas na historia de Galicia ao redor deles.

En realidade deberemos contemplar un século longo; non tan exacto, por tanto, como se acaba de dar a entender, pois será preciso ampliar a nosa ollada un par de décadas para atrás. En conxunto, unha centuria particularmente rica en acontecementos, na que tiveron lugar transformacións decisivas para a configuración de Galicia no remate da Idade Media e, en consecuencia, para o establecemento das condicións con que o país tivo que encarar os novos tempos. Adiantémolo: condicións moi adversas.

## 2. REPERCUSIÓNS DA ENTRONIZACIÓN DA DINASTÍA TRASTÁMARA

En 1386 concluían definitivamente dous decenios de aguda conflictividade político-militar, que cabe agrupar baixo a epígrafe de *guerra trastamarista*, con

períodos alternativos de confrontación aberta e de paces ou treguas, toda ela no contexto xeral desa longa manifestación da crise europea coñecida co nome de Guerra dos Cen Anos, na que o reino de Galicia e os seus veciños se viron tamén involucrados. Crise que tivo outras manifestacións paralelas, entre elas (polo seu particular impacto) o Cisma da Igrexa de Occidente e, sobre todo, a catastrófica epidemia da Peste Negra, de tan forte impacto na mentalidade colectiva.

O resultado final dese cúmulo de factores políticos supuxo a ruína da vella (e ata ese momento poderosa) nobreza condal galega, presidida pola casa de Castro (condes de Lemos e Trastámara e señores do Bierzo entre outros varios títulos de non pouca importancia), que en persoa ou por medio dos seus parciais non só alargaran a súa hexemonía sobre o conxunto de Galicia, senón tamén a súa presenza ata as máis elevadas instancias de poder da Coroa de Castela, do reino de Portugal e incluso de Inglaterra.

O relevante papel político acadado pola cabeza da liñaxe, Fernando Ruíz de Castro, no conxunto da Coroa de Castela, expresábase simbolicamente no matrimonio (por efémero que fose; dise que só durou unha noite) da súa irmá Xoana co rei Pedro I (de Castela-León-Galicia), tecendo lazos de proximidade familiar entre o conde e o propio monarca. Ao mesmo tempo, un medio irmán de ambos, Álvaro Pérez de Castro, situábase nas máis significadas posicións en Portugal, onde foi conde de Arraiolos e primeiro condestable do reino, o cal tivo a súa correspondencia, simbólica tamén, pero elevada ata o nivel de mito: o matrimonio da súa irmá Inés (*Colo de garza*) co infante (despois rei) Pedro de Portugal. En canto á proxección inglesa, nese escenario foi notable a influencia do propio Fernando Ruíz de Castro primeiro e logo a do conde Xoán Fernández de Andeiro; ambos movéronse con naturalidade nos círculos rexios.

A ruína desta vella nobreza a resultas da guerra trastamarista foi acompañada por un primeiro gran fracaso político da burguesía urbana galega, mais nun grao que, por causa das particulares condicións en que se producía a documentación medieval, non é posible de momento avaliar. É incuestionable que a aspiración burguesa de ampliar ou consolidar a súa autonomía municipal fronte ao señorío (masivamente episcopal), polo que viña loitando desde o século XII, resultou amargamente frustrada.

### 3. A FRUSTRACIÓN DUN PROXECTO ATLANTISTA

A mediados do século XIV ambos os sectores sociais (nobreza condal e burguesía urbana) adoptaran unha orientación atlántica, con obxectivos políticos nos que ambos coincidían. Os Castro e o seu círculo promocionándose en Portugal, continuando unha antiga tradición da nobreza galega perceptible cando menos tamén desde o século XII, ou sexa, desde o mesmo momento en que nacía o reino veciño. Abonde lembrar que a condesa-raíña Tareixa de Portugal casara co conde Fernando Pérez de Traba. A marcha dos acontecementos determinará, xa no XIV, que esta nobreza galega conectada con Portugal (ou instalada alí) procure a alianza inglesa e mesmo sexa artífice dela.

Pola súa parte, a burguesía cobrou ao longo dese século crecente importancia na ruta atlántica, ao ritmo do desenvolvemento do comercio marítimo, unha vez reaberto o Estreito de Xibraltar para as naves cristiás e restablecido o tráfico directo entre os países mediterráneos e os noratlánticos, do que Galicia sempre obtivera fecundos réditos desde tempo inmemorial.

Nesas circunstancias, tan convenientes para dous sectores sociais dotados de notable dinamismo, a orientación atlantista de Galicia era algo lóxico, mais tamén contradictorio coas perspectivas prevalecentes entre o alto clero episcopal, sustentado pola tradicional drenaxe das rendas agrarias e con perspectivas políticas focalizadas cara ao modelo feudal francés.

O intento de poñer o reino de Galicia baixo a coroa de Fernando I de Portugal, en 1369, iniciativa de Fernando de Castro con intención de impedir o asentamento da dinastía trastamarista, fracasou militarmente moi axiña, logo duns inicios prometedores, cando as cidades e vilas galegas acolleran de bo grado o rei portugués. Con todo, malia a precipitada retirada portuguesa e o momentáneo triunfo de Henrique de Trastámara, as armas mantivéronse en alto durante cerca de dúas décadas.

Unha segunda tentativa de facer efectiva a entente luso-galega, ampliada agora ata Inglaterra, deu pé á expedición militar do duque de Lancaster, Xoán de Gante, en 1386. Tivo un desenvolvemento e conclusión moi similares á anterior, consumando o fracaso desa opción e o definitivo triunfo trastamarista, o cal no plano interno significou a confirmación da hexemonía episcopal en Galicia en detrimento da nobreza e dos concellos.

Vén ao caso –dado o contido eminentemente filolóxico deste volume– lembrar un par de casos habidos entre os acontecementos que se acaban de narrar sucintamente, pois axudan a iluminar –sequera sexa superficialmente– o panorama lingüístico (indicador externo de gran valor) das décadas finais do século XIV.

Fernando Ruíz de Castro falecía lonxe de Galicia en 1374, na Baiona de Aquitania, daquela (en plena Guerra dos Cen Anos) baixo soberanía inglesa, cando xa se andaba a preparar a intervención do duque de Láncaster, adiada aínda doce anos. Consérvase no arquivo da Casa de Alba, en Madrid, o que con toda probabilidade sexa o derradeiro documento emanado do conde, consistente nunha pouco formalizada cédula de nomeamento de alcalde para Vilalba e Outeiro (de Rei), dúas poboacións do seu señorío, datada en Baiona (de Aquitania) o 2 de xaneiro de 1374<sup>1</sup>, a todas luces inviable por causa da súa forzada ausencia de Galicia e a conseguinte expropiación dos seus dominios. O documento está redactado en castelán, o cal sería desconcertante non só pola práctica precedente do conde, senón tamén porque a documentación municipal do final da Idade Media (e máis aínda a do século XIV) está redactada en galego; facelo en castelán en situación de normalidade sería absurdo, nunha sociedade aínda monolingüe en galego. O feito, polo tanto, explícase pola inexistencia de notarios ou escribáns galegos naquel lugar e momento, habéndoos en cambio casteláns, pois castelá era a esposa (e raíña titular *in pectore*) do duque de Láncaster. Porén, o conde asina o documento da súa propia man en galego («*eu o conde*»), conforme un uso idiomático invariable que se comproba nos outros documentos anteriores. A finais do século XIV a nobreza galega seguía a expresarse en galego con normalidade.

A outra anécdota é aínda máis substancial. Con motivo das capitulacións en curso para a ocupación de Pontevedra por parte dos ingleses do duque de Láncaster, estes facultan para tratar cos naturais a un inglés bo coñecedor do «langage galicien»<sup>2</sup>, non sabemos se aprendido nas relacións comerciais entre Inglaterra e Galicia ou de boca dos exiliados petristas galegos en Inglaterra. Esta cita, por certo, constitúe unha das escasas referencias medievais explícitas ao idioma galego que coñecemos<sup>3</sup>.

<sup>1</sup> Archivo de la Casa Ducal de Alba, C<sup>a</sup> 344-1.

<sup>2</sup> Jean Froissart, *Crónica* (ed. Kervyn de Lettenhove, *Oeuvres de Froissart. Chroniques*, Osnabrück, 1868-1877, t. 11, p. 415).

<sup>3</sup> Relación das demais en H. Monteagudo, *Historia social da lingua galega*, Vigo, Galaxia, 1999, pp. 118-121.

En conclusión, cando se aproxima o comezo do século xv, pódese afirmar que Galicia é monolingüe en galego, excluído tan só algún membro da alta xerarquía eclesiástica procedente de fóra do país.

Pola súa parte, os concellos urbanos víronse forzados a aceptar a preeminencia dos respectivos bispos como señores das cidades, aínda que as demandas cidadás conseguiron trazar un límite ás xurisdicións episcopais, impoñéndolles por regra xeral aos bispos a elección dos cargos municipais entre os poucos nomes dunha terna elaborada polo concello (sistema chamado de *cobros*).

#### 4. CAMBIOS NA ESTRUCTURA SOCIAL

Nos antípodas das adversas consecuencias que o conflito trastamarista tivo para a alta nobreza condal galega, desaloxada da posición hexemónica, e das malas perspectivas con que tamén se cerraba a centuria para a burguesía, debido ás tensas relacións da dinastía triunfante con Portugal e con Inglaterra, que configuraban o máis desfavorable escenario para o desenvolvemento do comercio marítimo, o sector beneficiado foi sen discusión o eclesiástico. En concreto, a alta xerarquía no seu conxunto e de maneira moi especial o arcebispo de Santiago, erixido en cabeza incuestionable do señorío galego.

Nun segundo nivel da pirámide social, bo número de nobres de menor categoría, militantes do bando trastamarista e libres agora do obstáculo que para o seu ascenso representara a primacía da casa dos Castro, foron accedendo ao título condal ao longo do século xv, consolidaron e ampliaron dominios e aprestáronse para proceder, mesmo en violento debate entre eles e contra os demais, ao reparto máis copioso de xurisdicións que lles fose posible. Eran os Andrade, Mariñas, Moscoso, Osorio, Sarmiento, Soutomaior, Ulloa, etc. (Vasco da Ponte ofrece un amplo repertorio<sup>4</sup>), varios deles procedentes de fóra de Galicia.

En canto á gran masa popular labrega, esta só aflora na historia de maneira tanxencial, case exclusivamente como suxeito de contratos inmobiliarios rústicos, maiormente foros, de cuxa observación se poden deducir unhas condicións de vida aceptables, co acceso á terra garantido en calidade de arrendatarios (foreiros) e unhas rendas soportables.

---

<sup>4</sup> Vasco da Ponte, *Nobiliario* (ed. M. C. Díaz y Díaz, J. García Oro et alii, *Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1986).

## 5. GALICIA NO SÉCULO XV

En consecuencia, a Galicia de principios do século xv vaise resentir dunha situación de debilidade institucional, fragilidade económica nos sectores dependentes da exportación e, por tanto, larvada tensión social no mundo urbano, prefigurándose a inestabilidade e violencia que caracterizará a centuria entrante e rematará precipitando o país na dependencia política e na progresiva desnacionalización.

A vitoria dos Trastámara non só comportou un cambio dinástico e a conseguinte reordenación de poderes entre as elites aristocráticas, na que unhas casas nobiliarias se viron desprazadas por outras; tamén supuxo un cambio estrutural fondo, en marcado sentido refeudalizador. O camiño previamente andado cara á concentración das funcións públicas no Estado (é dicir, o que se pode interpretar como os primeiros pasos da evolución cara ao Estado Moderno) detívose e retrocedeu en beneficio do fraccionamento xurisdiccional señorial, deixando ademais marcada a impronta feudal con que no futuro se construíría ese Estado Moderno en España.

Isto afectou a Galicia de maneira particularmente intensa. A posición hexemónica sobre o conxunto do país da casa condal dos Castro (certamente en constante competencia co señorío arcebispal), moi próxima á Monarquía e cun efecto compactador ao redor do seu poder, deu paso a unha fragmentación extrema, un complexo mosaico xerarquizado sen un vértice comunmente recoñecido. Ningún dos poderes existentes (nin leigo nin eclesiástico) foi quen de asumir unha posición dirixente aceptada polos demais, capaz de vertebrar o reino e constituírse en factor de cohesión. A persistencia durante o século xv da figura do Adiantado do Reino de Galicia (en teoría un vicerrei) non suplirá esa carencia, máxime porque entón xa só se tratará dun mero título simbólico, incapaz de dotar os seus titulares (os Sarmento, señores de Ortigueira e Ribadavia) dunha posición preeminente sobre o resto da nobreza. A dicir de Vasco da Ponte será outro, o vello Pedro Álvarez Osorio ou de Cabreira, quen se beneficie dun especial recoñecemento por parte dos seus iguais, na súa calidade de decano da nobreza<sup>5</sup>, pero de natureza sinxelamente honorífica, sen disto derivar ningún efecto político.

Ademais, o feito de ningunha casa nobiliaria posuír un papel relevante como soporte da Monarquía en Galicia (comparable ao desenvolto no pasado por Fer-

<sup>5</sup> Vasco da Ponte, op. cit., & 443, p. 253: «*que era lumbr e luz de los cavalleros de Galicia*».

nando Ruíz de Castro á beira de Pedro I) fai que agora esta se distancie efectivamente, non xa por trasladar a capitalidade ata Castela (cousa que xa acontecera ao deixar de ser León a capital do reino, en 1230), senón pola perda de influencia política da nobreza galega, o cal traerá graves consecuencias, por canto ningunha decisión adoptada polos monarcas dependerá da intervención desa nobreza, cuxa influencia nos asuntos do Estado pasou a ser insignificante.

Así, a Monarquía, que precisamente ao longo do século xv vai adoptando (con fortes obstáculos) formas estatais cada vez mellor definidas no camiño ao autoritarismo do Estado Moderno do Antigo Réxime, será o único elemento institucional que aos ollos dos cidadáns galegos se observe como factor dotado de capacidade unificadora e garantía de orde social fronte á complexidade xurisdiccional da sociedade, extremadamente fraccionada en señoríos leigos e eclesiásticos de variadas categorías, concellos urbanos dotados de autonomía e algunhas (escasas) áreas de reguengo. Pero a Monarquía, a través de oficiais enviados circunstancialmente con grandes poderes executivos (alcaldes e correxedores), actúa desde fóra do reino, sen identificación con el, seguindo pautas políticas adoptadas en función dos intereses da influente aristocracia castelá, preponderante no entorno rexio. No interior, os concellos aférranse á súa calidade de lexítimos representantes do monarca, sen que este simple argumento surta efecto disuasorio ante nobres e bispos, que tamén se consideran investidos da mesma representación, conforme o vertical ordenamento feudal vixente.

A situación que vimos de describir (modelo señorial moi fragmentado, perda de peso político do país no conxunto da Coroa, secundarización da nobreza fronte ao predominio episcopal e conxuntura de dificultades no sector comercial, coa natural repercusión sobre a burguesía urbana) determina os trazos máis sobresaíntes da dialéctica histórica do século xv.

## **6. O ASUNTO DA FALTA DE REPRESENTACIÓN EN CORTES**

Tense resaltado a circunstancia de carecer o reino de Galicia de representación nas Cortes da Coroa, achacándolle en boa medida a causa da marxinação galega. Mais isto debe ser convenientemente matizado, contextualizándoo nas xustas coordenadas da época, é dicir, na particular ordenación constitucional do Estado feudal. Os principais titulares de xurisdición en Galicia, é dicir, a nobreza e o cle-



ro, si que tiñan asento nas Cortes. Polo contrario, non o tiñan os concellos, mais non por exclusión explícita (nin por causa do seu inferior rango estamental nin pola súa condición de galegos), senón porque tal representación estaba reservada ás cidades de reguengo, e as galegas eran de señorío (case todas episcopais), o cal excluía a institución municipal. Nas cidades galegas a máxima autoridade correspondía ao bispo respectivo; el era o directo intermediario coa Coroa.

Convén por certo reparar en que nesta situación non só se atopaba Galicia, senón tamén outros lugares, como o País Vasco, sen isto entenderse como agravio, pois nese caso precisamente a forza do seu ordenamento señorial (os seus *fueros*) facía superflua a concorrencia ás Cortes de Castela. O agravio para Galicia derivaba, non da circunstancia de non poderen asistir representantes *populares* das cidades, senón de non posuír Galicia un sistema fiscal propio, e de ser precisamente nas Cortes onde se repartían as contías tributarias que correspondía pagar ás cidades galegas, o cal se facía sen a intervención fiscalizadora de representantes dos concellos. Así, as cidades galegas debían soportar unhas cargas sistematicamente consideradas desproporcionadas, ante o que só cabía a protesta e a insumisión fiscal (bastante recorrida, na forma de grandes morosidades ou negativa expresa) e a protesta.

En varios documentos do século xv repítense as queixas municipais, presentadas polo Concello de Ourense sucesivamente os anos 1454, 1455, 1456 e 1459<sup>6</sup>, rexeitando o inxusto sistema de seren as demais cidades reguengas da Coroa de Castela as que decidan a distribución dos *pedidos* rexios, acusándoas dunha perversa sobrecarga das galegas en alivio delas mesmas<sup>7</sup>, chegando a negarse ao pago en tanto tal circunstancia non se corrixisse<sup>8</sup>. Seguramente tan estraña situación se explicará polo feito de o espazo galego-leonés ter constituído desde moi vello un mesmo marco político, herdeiro do antigo reino de Galicia, mais non deixa de

<sup>6</sup> AHPOu, *Libro de Acordos do Concello*, Lib. IV, fols. 103-104, 163v-164v, 187v-189, Lib. VI, fols. 76-77v. Vid. A. López Carreira (1993), "Galicia ante a administración monárquica no século xv", *Historia da Administración pública*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

<sup>7</sup> «A dita conta foy e he contra nos moy agraveatoria» (doc. de 1455); «o dito regno de Galisia e çibdades foron e son muy agraviadas» (doc. de 1459); «as outras çidades (...) comarçanas con este reyno de Gallisia (...) descarregan asy ennos ditos repartimentos et carregan sobre nos» (doc. de 1456); «foy feito o abto a fin de descargar as outras çidades (...) dos reynos de Castilla e de Lion e cargar sobre nos e sobrela prove Galisia», do que deriva a «destruiçion das ditas çibdades e do dyto regno de Gallisia» (doc. de 1459).

<sup>8</sup> «Devemos sobreseer en elo» (doc. de 1459).

ser interesante comprobar que agora se demanda, cando menos, a intervención de Santiago «como cabeza do dito reyno de Gallisia»<sup>9</sup>.

## 7. UNHA CONXUNTURA ECONÓMICA RECESIVA

A reclamación, mesmo resistencia, das cidades galegas a satisfaceren uns impostos calculados desa maneira cobraría maior vigor nas datas en que se redactan os referidos documentos, ou sexa, a mediados do século xv, en sintonía coa fragilidade da emerxente economía do capitalismo comercial. Deixando á parte as actividades económicas de subsistencia propias do mundo agrario, que daquela representaba unha proporción moi elevada do produto interior, o maior dinamismo producíase nun tecido produtivo e comercial orientado cara á exportación a longa distancia de viño e peixe. Se as actividades relacionadas coa pesca limitaban os seus efectos á franxa costeira, en cambio o sector vitivinícola penetraba desde as poboacións mercantís costeiras ata as interiores produtoras das comarcas da Ulla e do Ribeiro, estimulando o desenvolvemento, por exemplo, da vila de Ribadavia ou da cidade de Ourense. Mais a súa viabilidade radicaba na posibilidade de manter activos os circuitos de exportación marítima dirixidos cara ao norte (Inglaterra e Flandres) e cara ao sur (cidades mediterráneas).

Desde a fase particularmente axitada da segunda metade do século xiv, a Castela trastamarista estreitou a alianza con Francia, e ambos reinos cerraron filas en torno ao papado de Aviñón, en contra doutra alianza internacional, a anglo-portuguesa, obediente á dirección relixiosa do papa de Roma. Aínda que a participación directa dos reinos peninsulares na Guerra dos Cen Anos (activa ata 1453) concluía en 1387, a tensión e mesmo o eventual enfrontamento armado de Castela contra Portugal e Inglaterra foi constante ao longo de todo o século xv (máis alá aínda do final da guerra), con intervalos de alivios inestables.

Nesas condicións, o tráfico marítimo galego só se puido desenvolver en medio de dificultades, que semellan ter afectado negativamente a fráxil economía urbana exportadora na segunda metade desa centuria. Iso é o que se percibe no ritmo do tráfico, tanto con destino a Inglaterra como ao Mediterráneo (o cal debía percorrer toda a costa portuguesa), cuxa intensidade se reduce a partir desas

---

<sup>9</sup> Doc. de 1456.

décadas centrais<sup>10</sup>, factor que cómpre ter ben presente á hora de focalizar a moi intensa conflitividade do período, en particular o movemento das Irmandades, de natureza preponderantemente urbana.

## 8. MOVEMENTOS URBANOS

Os movementos urbanos constitúen seguramente o elemento máis característico da dialéctica sociopolítica do período; en todo caso, un dos máis importantes e desde logo o máis rechamante para o simple observador ou incluso para os historiadores. Constitúen unha constante (recidiva) do século xv e abranguen, particularizadamente ou en conxunto sincronizado, toda a xeografía física e social do reino.

Podemos agrupalos en dous momentos sucesivos: unha serie de movementos locais que se van producindo en zonas determinadas durante a primeira metade do século, seguidos da gran explosión revolucionaria irmandiña de 1467, que contemplada en perspectiva representa a culminación de todo o anterior (nalgún caso a conexión co movemento precedente é directa) e punto de inflexión na historia do país.

En todos eles identificamos un común denominador: unha elite cidadá, posesora do poder urbano por medio do concello, choca frontalmente co señorío feudal, xeralmente episcopal, en demanda do reguengo, ou sexa, da eliminación do poder intermediario dos señores e a concentración da xurisdición política en mans do concello e en nome e representación do rei. Un grupo social de orixe moi heteroxénea e incluso distinto encadramento estamental, pero con roles económicos semellantes ou, polo menos, con nexos abundantes, con intereses políticos coincidentes e incluso con lazos familiares interestamentais entre eles. Estaría conformado por unha burguesía comercial, artesanal (sobre todo xastres) e profesional (notarios) acomodada, así como tamén pola fidalguía moradora nas cidades e por boa parte do clero, en especial os membros dos cabidos catedralicios, en competencia cos bispos nunha época en que están en pleno debate as respectivas concepcións conciliarista e monarquista da Igrexa. No enfrontamento cos señores este sector logrará mobilizar ao seu favor a boa parte dos sectores

<sup>10</sup> Fonte: E. Ferreira Priegue (1988), *Galicia en el comercio marítimo medieval*, A Coruña, Fundación Barrié de la Maza, pp. 710 ss.

populares, en especial durante o movemento irmandiño, que se estendeu polo ámbito rural.

Tal é o panorama que vemos na revolta de Lugo contra o bispo Pedro López de Aguiar, coa familia Cego e, por tanto, con María Castaña nos postos de dirección; ou no levantamento de Ourense contra o bispo Francisco Afonso en 1419, afogado no Pozo Meimón; ou na denominada 1ª Guerra Irmandiña, en 1431, un amplo levantamento que afectou toda a Mariña con abondosa implicación labrega, con epicentros en Ferrol, Pontedeume e Vilalba (señorío dos Andrade), cun famoso fidalgo e membro do concello ferrolán á cabeza, Roi Xordo, ocasión na que expresamente se solicita ao monarca (Xoán II) a revogación da recente concesión señorial da vila e se chega á ocupación e derrocamento de fortalezas e, por fin, ao adverso combate campal; ou no longo contencioso sostido polo Concello de Ourense contra o bispo frei Pedro de Silva durante os anos 1455-1456 polo control das fortalezas da cidade<sup>11</sup>, en poder do bispo e que os cidadáns acaban tomando pola forza das armas; ou noutros casos menos coñecidos.

Desde esta perspectiva de medio prazo o movemento das Irmandades, que se desencadea na súa fase activa en 1467, pode ser contemplado como culminación de todos eses precedentes e incluso dun esforzo máis delongado aínda dos cidadáns por acadaren a autonomía xurisdiccional, que nos faría remontar, agora no longo prazo, ata os levantamentos comunais do século XII contra Xelmírez en Compostela, organizados tamén en irmandades.

Para enfocar con precisión os acontecementos que agora nos ocupan non nos pode pasar desapercibida a indicada conxuntura económica en que se contextualizan. O resultado conxunto de todos os factores en acción adquire relevancia dabondo como para permitirnos datar nesa segunda metade do século XV un significativo cambio de fase histórica: o período máis próspero do tráfico marítimo semella inflexionar a mediados de século, para precipitarse nunha recesión da que o sector protocapitalista galego xa non se recupera. Nese clima de dificultades, a sensibilidade da burguesía urbana, segundo se percibe en diferentes testemuños documentais, ía adubando o campo propicio para unha resposta de grandes proporcións.

---

<sup>11</sup> A. López Carreira (1998), *O pleito das fortalezas da cidade de Ourense (1455-1456)*, Ourense, *Boletín Auriense*, Anexo 22.

## 9. A REVOLUCIÓN IRMANDIÑA

A rebeldía dun amplo sector señorial (en Galicia e en Castela) contra Henrique IV en 1465 ofreceu as condicións axeitadas e precipitou a revolución. A xeneralidade da nobreza e do episcopado castelán e galego opúñase á política de concentración monárquica do poder, optando por desencadear un golpe de Estado. A *farsa* na que o monarca foi simbolicamente destronado (en efixie) e entronizado o candidato aristocrático desatou a guerra civil.

As cidades galegas reaccionaron constituíndo irmandades en apoio do monarca lexítimo. Ante a inusitada solidez desta organización popular (integrada maioritariamente por xentes do terceiro estamento), nobres e bispos galegos retrocederon. Desde a primavera de 1467 as fortalezas, icona e soporte do poder señorial, foron ocupadas e derrocadas. A Irmandade urbana dominou Galicia entre 1467 e 1469. Neutralizados ou exiliados os señores (Fonseca e Pedro Álvarez de Soutomaior –modelos de cadanseu sector– procuraron refuxio en Portugal; o *vello* conde de Lemos en Ponferrada), o movemento adquiría pleno carácter revolucionario. Mais absteñámonos de interpretar este concepto como se dun movemento insurreccional se tratase; a legalidade estaba de parte da Irmandade.

Porén, en 1468 Henrique IV víase forzado a establecer coa rebelde aristocracia castelá un pacto moi lesivo e degradante, en virtude do cal privaba da herdanza da coroa a súa filla Xoana (negando a paternidade) en beneficio da candidata dos señores, a súa propia medio irmá Isabel. Ao mesmo tempo, o pacto despoxabía a Irmandade do seu argumento de defensa da lexitimidade, provocaba a división interna (coa desafección da fidalguía) e fortalecía o bando señorial, que se aprestou para recuperar o perdido. En 1469 Pedro Álvarez, Fonseca, Pedro Osorio e os demais señores retornaban militarmente e restablecían o seu poder.

A conclusión da experiencia irmandiña tivo importantes consecuencias, acelerando tendencias socioculturais perceptibles desde tempo atrás.

En primeiro lugar, frustrando definitivamente as pretensións políticas de autonomía municipal da burguesía urbana, xustamente no momento (no paso do medievo á modernidade renacentista) en que o capitalismo comercial despuntaba con forza en Europa, aprestándose a unha primeira mundialización dos circuítos económicos, cando se botaban os alicerces do inminente dominio dos sectores

comerciais norte-italianos, flamengos e ingleses. O intento de erixirse en grupo dirixente nas cidades galegas fracasara, en paralelo ao aumento das dificultades do comercio exterior, axiña agrandadas desde o momento, moi próximo, en que se produza o despregamento da Reforma protestante e se agrave tamén o enfrontamento entre Castela e Portugal polo dominio das rutas oceánicas. A parálise do comercio exportador e a clausura das tradicionais vías atlánticas (Galicia ficará excluída do tráfico colonial) encamiñará a economía galega cara a unha ruralización que marcará a tónica de todo o Antigo Réxime<sup>12</sup> e boa parte da época contemporánea.

En contrapartida, o señorío restablecerá o seu poder, certamente nunhas condicións de aguda competencia interna non resolta ata un par de décadas despois, nun proceso que traerá consigo o reacomodo xeral do país nun marco político diferente.

## 10. NOVA CRISE DA NOBREZA GALEGA

Aínda que o protagonista reconecido do vitorioso retorno aristocrático foi un conde, o de Soutomaior (polo menos iso é o que nos transmite Vasco da Ponte<sup>13</sup>), o futuro non se vai decantar en favor da nobreza. A hexemonía episcopal tiña longa tradición en Galicia e reforzárase co triunfo trastamarista a finais do século XIV. O episcopado constituía un bloque moi compacto e ocupaba unha posición clave no deseño político emprendido polos Reis Católicos a finais do XV. A nobreza, en cambio, envólvese nunha conflictividade interna que durante as décadas dos setenta e oitenta sume todo o país nun caos de violencia. Ademais, na guerra sucesoria pola coroa de Castela parte da nobreza galega apoiou a causa perdedora (a de Xoana, a filla de Henrique IV, desposada co rei de Portugal, Afonso V), concretamente o conde de Soutomaior (e de Caminha), selándose así a súa absoluta perda de influencia na nova Monarquía.

Os famosos episodios de resistencia nobiliaria contra os lesivos designios dos Reis Católicos protagonizados polo citado conde de Soutomaior, polos dous su-

---

<sup>12</sup> Nos comezos da Idade Moderna os portos galegos son empregados como prazas de carga e descarga polos navíos portugueses en ruta ao Brasil (Amândio J. Morais Barros, “O Norte de Portugal e Galicia nos negocios atlánticos (finais da Idade Media e século XVI)”, *O Condado de Lemos na Idade Media*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2008, pp. 153-193).

<sup>13</sup> Vasco da Ponte, op. cit.

cesivos condes de Lemos (Pedro Álvarez Osorio e Rodrigo Henríquez) e polo mariscal Pedro Pardo de Cela representan a definitiva crise da nobreza condal galega. E non foron os únicos casos de desafección aos reis, a teor da afirmación de Vasco da Ponte de que a execución do mariscal en 1483 puxo medo en toda a nobreza galega<sup>14</sup>, e do testemuño do cronista Hernando del Pulgar de que en 1486 os enviados dos reis ordenaron a perentoria expatriación dunha elevada cantidade de nobres galegos<sup>15</sup>. Un conxunto de medidas que se compendian na famosa frase de Gerónimo Zurita referida á *doma* de Galicia<sup>16</sup> (escusemos o da *castración*, que non é cousa del), e na non menos contundente de Vasco da Ponte asegurando que «el rey Católico sujuzgó a Galiçia»<sup>17</sup>.

O estamento da nobreza, por tanto, foi relegado a unha situación socialmente secundaria e encaixou unha sensible perda de influencia política, sempre ao servizo da Monarquía e sempre absentista cando acadaba cargos políticos importantes. Polo contrario, van ser casas procedentes de fóra de Galicia algunhas das que ocupen aquí un lugar preponderante, por exemplo os Pimentel de Benavente, íntimos colaboradores dos reis.

## 11. CONFIRMACIÓN DA HEXEMONÍA EPISCOPAL

En consecuencia, dentro de Galicia foi a Igrexa quen sen alzou co triunfo, corroborando a súa indiscutible posición no cumio económico e político do reino. Un reino xa moi erosionado na súa capacidade de desenvolvemento autónomo polas condicións que a presente estrutura social comportaba.

O episcopado era maioritariamente de procedencia non galega e a súa preeminencia amparábase na estreita cooperación co poder monárquico (co máis feudalizante, desde logo), que precisamente nesas datas finais do século xv e principios do xvi foi adoptando un carácter marcadamente autoritario. Todos os bispos en xeral, e sobre todo os Fonseca (que acaparan tres xeracións sucesivas de arcebispos composteláns e un bispo de Ourense), son os auténticos representantes da monarquía castelá en Galicia. O cronista Gerónimo Zurita deixa constancia expresa

<sup>14</sup> «Y todos los señores se reçelaban» (ibid., & 443, p. 253).

<sup>15</sup> Hernando del Pulgar, *Crónica de los señores reyes católicos don Fernando y doña Isabel*, Valladolid, 1565 (a obra foi redactada no mesmo momento dos acontecementos), 3ª Parte, Cap. LXVI.

<sup>16</sup> G. Zurita, *Anales de la Corona de Aragón*, Zaragoza, 1562-1580, Lib. xx, Cap. LXIX.

<sup>17</sup> Vasco da Ponte, op. cit., & 10, p. 108.

de ter sido grazas á acción de Fonseca como os reis se fixeron «señores de aquel Reino [de Galicia]»<sup>18</sup>.

## 12. CENTRALIZACIÓN DO MONACATO E PERDA DA AUTONOMÍA MUNICIPAL

Os sectores sociais máis arraigados no país tamén verán recortada a súa capacidade política. Dentro da propia Igrexa compróbase un carácter máis nacional nos órganos corporativos, cabidos e mosteiros. Mais a sorte que o Estado Moderno deparou ao monacato galego preséntase baixo o eufemismo de *reforma*, xustificada esta vez (a anterior remonta á cluniacense dos séculos XI-XII, pola que se puxo fin ao monacato familiar) nunha suposta decadencia, económica e moral, que se soluciona concentrando os mosteiros galegos e poñéndoos baixo a obediencia das congregacións castelás.

Está por valorar a medida en que os cabidos catedralicios (contrapeso á autoridade dos bispos nas respectivas catedrais e dióceses) resultaron prexudicados pola súa colaboración co movemento irmandiño, o cal nos consta documentadamente, circunstancia que probablemente se sumou fatalmente á derrota das teses conciliaristas esgrimidas contra o monarquismo papal (e consecuentemente contra o episcopal) tras o Concilio de Basilea, ao que por certo asistiu frei Xoán de Torquemada (tío do tristemente célebre Inquisidor Xeral), bispo absentista de Ourense, firme defensor da autoridade papal<sup>19</sup>.

En todo caso, a substitución do idioma galego polo castelán na documentación monástica e capitular verificase en sincronía coas pautas xerais observables no conxunto da sociedade galega, é dicir, a partir dos dous últimos decenios do século XV, se ben tamén se comproba a notable persistencia do idioma do país nos contratos particulares realizados polos cabidos. Na documentación da catedral de Ourense o uso do galego —cedendo paso paulatinamente ao castelán— alóngase

---

<sup>18</sup> G. Zurita, op. cit., Lib. XX, Cap. XLVI.

<sup>19</sup> Autor dun tratado contra os hussitas checos (*De corpore Christi*), asistiu aos Concilios de Constanza (1414-1418) e de Basilea (1431), apoiando as condenas de Wicliff e Jan Hus, e defendendo a supremacía da autoridade papal (L. Muñoz de la Cueva, *Noticias históricas de la S.I.C. de Ourense*, Madrid, 1726, pp. 267-270; H. Flórez, *España Sagrada*, Madrid, 1789, pp. 152-153), todo o cal lle valeu ser incluído entre os *Claros varones de Castilla* por Hernando del Pulgar (ed. Toledo, 1486).



durante todo o primeiro terzo do século XVI<sup>20</sup>, varias décadas máis –cómpre observalo– que nos concellos.

A análise da situación sociolingüística deste período de transformacións, no tránsito da Idade Media á Moderna, e en concreto as dúas décadas finais do século XV, presta gran auxilio á historia. Aínda que os concellos urbanos, na súa loita contra o señorío, apoiaron a causa do reforzamento monárquico (dunha monarquía asentada xa lonxe do país) e inicialmente as Irmandades galegas se integraban en estruturas comúns a outros reinos da Coroa (no século XIV existiu unha Irmandade común dos reinos de Galicia e León –pois ese era daquela aínda o marco político natural, herdado da antiga Gallaecia– e a Irmandade Xeral do século XV estivo nun principio coordinada coas de León e Castela, asistindo á xunta celebrada en Medina del Campo), porén, a documentación municipal do século XV, a das Irmandades e mesmo a de delegacións das cidades ante os monarcas redáctase en galego ata os anos oitenta. Significativamente, o castelán impónese neses ámbitos xusto cando a nova monarquía domina Galicia. Na redacción das ordenanzas da confraría dos cambiadores de Santiago, mándase non usar ningunha outra lingua «salvo nosa lyngoage galega ou castellana», onde, en contraste co que viramos cen anos antes, agora semella establecerse xa un bilingüismo oficial<sup>21</sup>.

O cambio obrado nesa altura pódese atribuír tecnicamente á coñecida centralización das titulacións notariais en Castela<sup>22</sup> e á monopolización dos máis elevados postos da administración (por exemplo na Audiencia de Galicia) por parte de funcionarios casteláns<sup>23</sup>, ademais de á procedencia foránea dos altos cargos da Igrexa, e efectivamente percíbese o efecto do recambio xeracional dos notarios e escribáns no uso do idioma, así como unha patética incorrección lingüística en moitos deles nesa época, mais é precisa tamén unha explicación sociopolítica dun fenómeno de tal magnitude na marcha dunha sociedade que contemple as condicións necesarias para que tal novidade fose aceptada.

<sup>20</sup> E. Duro Peña (1973), *Catálogo de los documentos privados en pergamino del Archivo de la Catedral de Orense (888-1554)*, Ourense, Deputación Provincial.

<sup>21</sup> H. Monteagudo, op. cit., p. 121.

<sup>22</sup> X. Ferro Couselo (1958), “Como e por qué os escribanos deixaron de empregar o galego”, *Homenaxe a Ramón Otero Pedrayo*, Vigo, Galaxia, pp. 251-253.

<sup>23</sup> O padre Sarmiento atribuíu a este feito o progresivo abandono do idioma do país (Fr. M. Sarmiento, “Elementos etimológicos según el método de Euclides”, Madrid, 1766 (ed. Julián Paz, “Escritos filológicos del padre Sarmiento”, *BRAE* 18 [1931], pp. 118-135).

As catas realizadas nalgún concello ben documentado permítennos constatar nesa época (e sen dúbida como corolario do fracaso do movemento irmandiño) un dobre proceso sincronizado de afdalgamento dos concellos e de perda de autonomía municipal. Vellas familias da fidalguía urbana acceden aos cargos de *xustizas e rexedores*<sup>24</sup>, ao tempo que comerciantes acomodados ascenden ao nivel baixo do estamento nobiliario. Os cargos perpetúanse en certas familias mediante a patrimonialización dos oficios municipais, e uns e outros se acomodan nun modo de vida rendista na órbita da Igrexa. Por outro lado, establécese un maior control por parte da monarquía en detrimento da pasada autonomía cidadá, mediante a sistematización da figura do *correxedor*, procedente de fóra do país. A castelanización das elites urbanas estaba en marcha, por máis que sexa notorio que a fidalguía autóctona conservará durante séculos o galego como idioma de relación oral.

O carácter rendista desta fidalguía, subsidiaria da Igrexa como foreira, e subforista ela á súa vez con relación ao traballador directo, unido á súa insignificancia política máis alá da limitada capacidade de administración interna a través dos concellos e da Xunta do Reino (un organismo consultivo, sen capacidade decisoria), fixo dela unha clase acomodada na posición intermediaria, tanto no económico como no político, propensa a integrarse no aparato funcional dependente, incapaz de asumir un proxecto nacional autónomo.

### 13. CONCLUSIÓN: GALICIA CARA Á IDADE MODERNA

Este era o panorama sociopolítico con que Galicia se asomaba a unha nova época que virá caracterizada polo desenvolvemento do capitalismo comercial, a hexemonía das grandes casas da oligarquía aristocrática e o reforzamento e centralización do poder monárquico do Estado Moderno. Desprovisto dun sector social forte, coherente e enraizado no país, o reino de Galicia dispúñase a percorrer os séculos vindeiros en condicións económicas de subsistencia rural e de estancamento comercial e artesanal, e de incapacidade política tanto para tomar decisións soberanas no interior como para intervir no conxunto da Monarquía; unha fatal «desorganización do Reino de Galicia no seu propio territorio e exclusión

---

<sup>24</sup> A. López Carreira (1998), *A cidade de Ourense no século XV*, Ourense, Deputación Provincial, p. 332.

dos organismos representativos»<sup>25</sup>. Todo isto ten o seu paralelo na coñecida atonía literaria e na agrafía do idioma, condenado á correspondente subalternidade de lingua oral B.

Por iso, cando a partir de finais do século XVIII se inicie en Europa o movemento de transformacións sociais que resumimos baixo as epígrafes de Ilustración e de Revolución Industrial, Galicia non contará cos resortes sociais e culturais precisos para acometer os cambios profundos que demandaban os novos tempos; e desde entón non cesará de facerse cada vez máis patente o atraso relativo con que chegou aos nosos días.

---

<sup>25</sup> Emilio González López (1980), *La Galicia de los Austrias*, A Coruña, Fundación Barrié de la Maza, t. 1, p. 139.



**A LINGUA PORTUGUESA  
NA FIN DA IDADE MEDIA**

**JUAN M. CARRASCO GONZÁLEZ**

Universidad de Extremadura



Na fin da Idade Media, a lingua portuguesa chega a un momento determinante da súa diacronía tanto desde un punto de vista externo, como na propia evolución lingüística. Por un lado, vai constituírse entón o que a lingüística brasileira denominaba o “portugués común”, a propósito da ben coñecida proposta da romanística francesa, que vén sendo adoptada tamén máis modernamente por algúns especialistas portugueses como Ivo Castro. Por outro lado, a rápida evolución da lingua e a non menos rápida difusión das formas innovadoras desde o centro político e lingüístico do país van configurar un portugués novo, ben diferenciado xa das vellas formas galaico-portuguesas do Norte, e moi próximo das características modernas da lingua. De feito, non houbo nunca, nin antes nin despois, un período de maior actividade evolutiva na historia do portugués. E aínda debemos referir outro elemento relevante para o devir da lingua neste período: vai comezar entón a intervención de gramáticos, poetas e outros humanistas na análise, reflexión, apoloxía e ennobrecemento do idioma patrio.

A idea dun portugués común foi establecida para expresar que o portugués deste período sería o resultado da conxunción ou síntese das diferentes variedades faladas no país, que basicamente serían as meridionais (máis caracterizadas canto máis ao sur) e as setentrionais de tipo interamnense. Serafim da Silva Neto, baseándose na distribución dialectal moderna que mostraba o Inquérito Lingüístico de Boléo (máis concretamente en Boléo 1951), chega á conclusión de que este portugués común nacería na rexión centro-meridional, entre os ríos Texo e Mondego. Alí houbo feliz xuntanza dos trazos característicos do norte e do sur que despois difundiría Lisboa por todo o país:

Por isso, ainda que, como se vai ver, cristalizado em Lisboa, o *português comum* não representa o tipo lingüístico de uma determinada região. Pelo contrário, ele é, realmente, uma média, a consequência de uma nivelção lingüística provocada pelos factos históricos (Silva Neto 1986: 380).

Esta exposición da creación dun novo estándar lingüístico é basicamente irrefutable e non perdeu aínda toda a vixencia entre a moderna comunidade científica. Máis discutible é a explicación dos elementos de síntese que conformaron a lingua común. Segundo Silva Neto, a unha lingua do norte transportada ao sur coa Reconquista, xuntábase a lingua románica dos mozárabes, máis conservadora, que se mantiña aínda viva no momento da incorporación ao reino dos territorios meridionais. Reproduce aquí unha teoría que tiña elaborado o romanista alemán Harri Meier en 1943: os pobos mozárabes da península Ibérica non só conservaron a súa lingua como “contribuíram activamente para a transformación dos idiomas vindos do norte e para a formación das línguas literarias e dialetos hodiernos de España e Portugal” (Meier 1943: 20). Mais Silva Neto non deixa de advertir que o elemento mozárabe no portugués común e moderno é moito máis importante que noutras variedades peninsulares, como o castelán, porque Lisboa, o centro irradiador da norma, sitúase no sur e conseguintemente acollía mellor as variedades de tipo mozarábico por ser propias.

Se a estas hipóteses engadimos outras ideas sobre a historia da lingua que mantiñan algúns especialistas portugueses da primeira metade do século xx, de tal modo que Portugal e portugués eran realidades diferenciadas de Galicia e do galego xa dende moito antes do nacemento do reino, como defenderon o citado Paiva Boléo ou o venerable polígrafo Leite de Vasconcelos (*apud* Silva Neto 1986: 381), non nos pode estrañar que esta nova teoría de base mozarábica encontrase acollemento fácil en Portugal: o portugués non sería unha evolución autónoma a partir da lingua da antiga Gallaecia, ou do chamado galaico-portugués, senón unha conxunción entre a variedade interamnense do galaico-portugués e outra variedade igualmente autóctona, a variedade mozárabe meridional. O portugués común, polo tanto, viña a ser o resultado da evolución dos falares latinos que en todo Portugal se mantiveron ata a fin da Idade Media: “O grupo lingüístico portugués continua, apesar das vicissitudes da história e dos ininteruptos movementos populacionais, as sucessivas formas porque foram passando os falares latinos que lá se constituíram desde os inícios da colonização romana” (Silva Neto 1986: 382).

Posteriormente novos estudos completan os primeiros traballos sobre o mozárabe portugués de Leite de Vasconcelos (1908). Así, Herculano de Carvalho (1984b), a partir da toponimia, eleva toda a zona de influencia mozárabe ata o



río Mondego, con algúns exemplos incluso máis ao norte dese río. Este traballo reverdeceu a posible influencia mozarabe no portugués, aínda que o autor non participase de todo nas teorías “mozarabistas” da lingua común: “Partindo certamente de Coimbra, definitivamente conquistada em 1064, a «portugalização» lingüística terá feito desaparecer rapidamente essas formas idiomáticas primitivas, de que apenas escassos vestígios se conservam na toponímia, a bem pequena distância aliás do foco inovador” (Carvalho 1984b: 168). Para Herculano de Carvalho, o foco innovador da lingua portuguesa pasou non tanto ao sur do país como ao centro, é dicir, á rexión de Coimbra polo menos ata acabar definitivamente a reconquista. Aínda hoxe a dialectoloxía parece revelar, no léxico utilizado no norte de Portugal, unha continuidade con Galicia:

D’une façon générale, nous pourrions dire que les affinités que nous constatons entre la bande septentrionale portugaise et la zone galicienne limitrophe ne sont autre chose que la conséquence des affinités fondamentales qui ont fait du galicien et du portugais une seule e même langue, bien qu’elle soit séparée aujourd’hui en deux branches assez différentes (Carvalho 1984a: 118).

A partir de aí, Herculano de Carvalho observa varios focos de irradiación de formas exclusivamente lusitanas: Porto, a Beira Baixa, etc. Entre eles, destaca Coimbra, que “constitue un important centre d’irradiation linguistique” (idem: 120).

Traballos máis recentes aínda insisten, polo menos de forma alusiva e marxinal, nunha determinada influencia mozarábica sobre o territorio central de Portugal, aquel que viría a dirixir a futura deriva innovadora do portugués da fin da Idade Media. Así, Maria Luísa Seabra Marques de Azevedo, na súa tese de doutoramento titulada *Toponímia moçárabe no antigo condado conimbricense*, advertindo que non houbo nunca completo despoboamento ao sur do Douro, afirma o seguinte:

A expresión “(re)povoar” deve, portanto, ser entendida como o enquadramento numa nova organización político-administrativa de uma população numerosa mas desorganizada e algo dispersa a que, em alguns casos, se vinham juntar elementos provenientes de outras zonas. Esclarecida a verdadeira significación do “(re)povoamento” da zona noroeste do futuro Portugal que, de início, se julgou “ermada” pelas convulsões da invasión e da Reconquista, deve entender-se de modo semelhante, *mutatis mutandis*, o proceso de reordenamento do Centro e do Sul do novo país que, entretanto, se tinha constituído.

Com o repovoamento relaciona-se o problema fulcral da formação de uma língua nacional portuguesa, a sul do primitivo espaço galego-português. Os mais recentes estudos sobre esse tema apontam para a importância da região Centro do país no caldeamento dos traços regionais de falantes do Norte, do Sul e do Centro, entre os quais se contavam moçárabes. É que, ao contrário do que inicialmente se pensou, não houve deslocação de “povoadores” apenas no sentido Norte-Sul, mas em vários sentidos, incluindo o inverso. Como se verá seguidamente, este facto é em larga medida atestado por alguns estudos toponímicos (Azevedo 2005: 65).

Unha vez máis, tamén aquí nos atopamos coa relación entre constitución da lingua portuguesa e da nacionalidade unidas dun modo máis que tanxencial e establecida nun tempo remoto e previo ao nacemento do reino. Neste caso, a rexión innovadora do centro ponse en relación co denominado Condado Conimbricense, un territorio fundamentalmente moçárabe previo ao Condado Portucalense, gobernado por delegación de Fernando o Magno como un verdadeiro reino independente por Sisnando Davides, que participou na reconquista de Coimbra em 1064 e que a repoboa “com gentes vindas do Sul, mouros e moçárabes” (Azevedo 2005: 90):

Governador do primeiro distrito moçárabe, que se libertou do jugo muçulmano e se organizou e dilatou com os recursos próprios em território afastado dos centros de influência galega e domínio leonês, mas onde o jugo sarraceno nunca foi continuado nem se perdera a esperança do resgate definitivo, Sisnando aparece-nos como o precursor e o condado de Coimbra como o germe primeiro da independência e da formação da nacionalidade (Azevedo 2005: 94).

Jaime Ferreira da Silva e Paulo Osório falan dunha rexión “lusitano-moçárabe” na constitución do português na fin da Idade Media, o que resulta ser unha afirmación esquivada e dubidosa –non se sabe se lingüística, histórico-social ou ambas ao mesmo tempo:

É este prestígio da norma lingüística situada no eixo de Lisboa-Coimbra que explica o desaparecimento do [ʃ] e do [ʒ] de articulação ápico-alveolar, típica do português do Norte (e do castelhano), em favor do sêseio (ou seja, da articulação predorsodental destas sibilantes, como [s], [z]), típico do Sul. Com efeito, desde 1128, o afastamento político entre a Galiza e o Condado Portucalense (constituído, em 1096, pela fusão de

dois condados, o de Portucale –entre os rios Minho e Douro, portanto abrangendo o Sul da Galiza e Trás-os-Montes– e de Coimbra, entre o Douro e o Mondego) é um facto motivador de conseqüências linguísticas. Este processo acelerou-se com a independência de Portugal, em 1139 (quando Afonso Henriques terá sido aclamado rei pelos soldados) ou em 1143 (com o reconhecimento deste facto por seu primo Afonso VII, imperador de Leão e Castela) e com a transferência gradual do centro do novo reino, do Norte (de Guimarães, no Minho) para o Sul, primeiro para Coimbra, já no tempo deste monarca, depois para Lisboa, ambas em plena zona lusitano-mozárabe (Silva e Osório 2008: 62).

Unhas variedades que supostamente recibiron a influencia dun forte substrato mozárabe, na rexión central e meridional de Portugal, serían, polo tanto, as responsables polas numerosas innovacións que sufriu o portugués na fin da Idade Media e pola constitución do chamado “portugués común”. Sexa ou non por motivo da influencia mozárabe, a parte central de Portugal, e máis concretamente o centro interior, parece configurarse como un antigo centro innovador que estendería algúns dos cambios característicos do portugués ao sur do país. Aínda na actualidade é fácil de observar solucións conservadoras no norte e nunha faixa litoral que se estende ata a rexión de Lisboa e Setúbal, por un lado, e solucións innovadoras no sur, no centro interior e tamén parcialmente no nordeste, en Trás-os-Montes. Así foi particularmente estudado, por exemplo, por Lindley Cintra, quen non relaciona isto co substrato mozárabe, senón coa repoboación: “L’aire de conservation coincide d’une façon assez parfaite avec la région de population ancienne et stable; celle des innovations, avec la région repeuplée pendant le XII<sup>e</sup> et le XIII<sup>e</sup> siècles” (Cintra, 1983a, 101-102). E conclúe coas seguintes palabras:

Il me semble devoir conclure que ce qui est surtout à retenir, pour la définition de la structure linguistique du territoire portugais, c’est l’existence d’une opposition entre deux régions assez bien définies de ce territoire: le nord-ouest et l’ouest (jusqu’au Tage ou jusqu’au Sado); le nord-est, l’est et le sud. Des innovations peuvent en principe surgir d’un côté ou de l’autre de la zone-frontière, quoiqu’elles paraissent plus fréquentes dans l’est et dans le sud, que dans le nord ou dans l’ouest. Elles s’arrêtent en arrivant à cette zone, comme devant un fossé difficile à franchir (Cintra, 1983a, 104-105).

A hipótese dunha influencia de substrato mozárabe nesta rexión presenta graves dificultades de superar, na miña opinión, por razóns de cronoloxía, distribu-

ción xeográfica e características dos trazos lingüísticos documentados. Coimbra e toda a súa rexión de influencia eran, sen dúbida, unha zona de gran presenza mozárabe no momento da súa reconquista a mediados do século XI, pero a forte presión de almohades e almorábides fixo que as poboacións mozárabes, polo menos nunha porcentaxe apreciable, desaparecesen algo máis tarde, no momento da reconquista dos territorios máis ao sur. Pois ben, os supostos restos de influencia mozárabe no portugués moderno non se encontran na rexión de Coimbra, senón na parte máis meridional do país, especialmente no Algarve. Nos outros territorios, a presenza queda exclusivamente relegada á toponimia –ben barallada, por outro lado, con topónimos árabes e galego-portugueses.

Antes de ver os trazos lingüísticos atribuídos á influencia mozárabe, convén advertir que moi pouco, case nada, sabemos do mozárabe falado no que sería máis tarde territorio portugués. Aquí só contamos coa toponimia. A documentación antiga, constituída case exclusivamente polas *hardjas* de poetas musulmáns e xudeus, procede doutras rexións peninsulares. É moi escaso o coñecemento que temos das variedades románicas faladas nos reinos de taifas e por ese motivo Ivo Castro afirma que apenas podemos caracterizalas pola negativa, por aquilo que non posúen do que teñen as outras linguas románicas peninsulares (non perderon o “F-” inicial como en castelán, non perderon “-N-” e “-L-” intervocálicos como en galego-portugués, etc.):

É sem dúbida falseadora, por ignorar as compartimentacións regionais anteriores ao séc. VIII, a caracterización do moçárabe como uma única língua. Os traços que se lhe atribuem talvez não coexistissem em nenhuma daquelas compartimentações e são, quase sempre, traços que opõem o moçárabe aos romances do norte. Daí, a sua caracterização pela negativa (Castro, 2006, 62).

A toponimia mozárabe de Portugal revela algúns destes trazos, como é o caso da conservación de “-N-” e “-L-” intervocálicos. Das formas máis setentrionais, Herculano de Carvalho (1984a) documenta *Avenal* (*Avellanale*, *Avelanal*, *Avelãal*, etc. nos séculos XII e XIII), *Malga* (*Málaga* e *Málega* nos séculos XII e XIII) e *Tàveiro* (*Talaveir* e *Talaveiro* nos séculos XI e XII), o que coincide con outros topónimos actuais, non documentados nos séculos da reconquista, mais que se “caracterizam pela sua conformação tipicamente moçárabe” ben preto de Coimbra, como son *Cernache*, *Assafarge*, *Alcabideque*, *Almalaguês*, *Alcouce*, *Bendafé* (Carvalho, 1984b,

168). Tamén Maria Luísa Seabra Marques de Azevedo recolle moitos topónimos nesta rexión con conservación de “-N-” como *Aguaneiras, Aivana, Andrinos, Antonino, Ardena, Arneiro, Arnosa, Aveneda, Aveneira, Constantina, Cortinas, Costaneiras, Fenos, Fontanas*, etc. (Azevedo 2005: 396-446); e tamén con conservación de “-L-” como *Álamos, Alameda, Beselga, Columbeira, Escalos, Moleiras, Pala, Pilado*, etc. (Azevedo, 2005, 446-471).

Máis ao sur son máis abundantes os topónimos que aínda hoxe conservan estas consoantes intervocálicas e foron referidas xa polos máis antigos filólogos peninsulares, como Leite de Vasconcelos (1908): *Beselga, Fontanas, Mértola, Odiana...* Ou Menéndez Pidal (1999): *Madroneira, Molino, Fontanela*. Pero é obvio que a conservación de “-L-” e “-N-”, presente en numerosos topónimos, non pasou ao léxico común da lingua portuguesa (dise *moinho, pá* ou *areeiro*, e non *Molino, Pala* ou *Arneiro*) e non podemos atribuír a isto unha diferenciación sobre o galaico-portugués primixenio. As formas da toponimia están fosilizadas, non eran fenómenos vivos que puidesen pasar ao portugués. Pero nesta rexión máis ao sur, Alentexo e Algarve, hai formas aparentemente vivas do uso de “-L-” e “-N-” intervocálicos:

As pesquisas dialectais revelaram, no Algarve e no Alentejo, e até na Estremadura, palavras da linguagem corrente que apresentam *n* intervocálicos conservados; ex.: *manina* (*passim*) em vez de *maninha* (“estéril”, falando-se da fêmea de um animal), *ponente* (Algarve), *maçanera* (Algarve e Baixo Alentejo) por *macieira, manhana* por *manhã*; o sufixo diminutivo *-nito* (Alentejo); ex.: *manita* (diminutivo de *mão*), *maçanita* (diminutivo de *maçã*), *granito* (diminutivo de *grão*), *franganito* (diminutivo de *frangão*), etc. Finalmente, em numerosas palavras de origem árabe permanecem os *n* intervocálicos etimológicos; ex.: *azeitona, alfenim, atafona*, etc. (Teyssier, 1982, 16).

Quizais sexan estes os indicios máis sólidos a favor da influencia mozárabe na constitución do portugués, pero outra vez observamos inadecuación xeográfica (aparece no extremo sur, fóra do centro de innovacións lingüísticas) e falta de coincidencia cos trazos da lingua portuguesa (onde non se conserva o “-N-” intervocálico), o que tamén revela desharmonía de tipo cronolóxico, pois a posible influencia mozárabe só debía ter aparecido cando o fenómeno de elisión de “-N-” xa se tiña completado. Iso mesmo revela a incorporación de arabismos con “-N-”, directamente ou a través da poboación mozárabe. Por non falar doutras posibles

explicacións para estes fenómenos, tanto internas (uso do interfixo “-n-” en lugar de “-z-” para os derivados diminutivos) como externas, é dicir, a influencia orientalizante, castelá ou leonesa, nunha rexión de disputa e con presenza histórica innegable dos reinos de Castela e León, o que explicaría tamén o uso do diminutivo en *-nito*, e tamén os diminutivos en *-ino* e *-ico* conservados na toponimia (cf. Azevedo, 2005, 396; tamén na tese de Azevedo, 2005, poden verse outros trazos evolutivos de orixe mozárabe na toponimia da rexión de Coimbra que non pasaron ao portugués).

Son, a pesar de todo, atribuíbles á influencia mozárabe os cambios que do portugués arcaico (ou galaico-portugués) van dar lugar ao portugués medio? Será que só non identificamos eses mesmos trazos do portugués medio no antigo mozárabe portugués por culpa da falta de documentación? Sería suficiente a densidade de poboación mozárabe, especialmente na rexión central do país, para dar orixe a esta influencia? Talvez non sexa posible responder nunca a estas preguntas, de modo que tal hipótese non pasará da categoría de proposta para debates contaminados por contidos extralingüísticos. Pero existen outras causas para determinados cambios que se difunden entón na lingua portuguesa que si poden ser establecidos de forma máis rigorosa. Para iso, imos facer unha revisión destes cambios do portugués medio.

PORTUGUÉS ANTIGO	PORTUGUÉS MEDIO
Hiatos	Resolución de hiatos: crase; ditongación; inserción de consoante ou semivogal
Tres terminacións nasais: -ANU > <i>ã-o</i> ; -AM, -ANT, -ANE > <i>ã</i> ; -UM, -UNT, -ONE, -UDINE > <i>õ</i>	Unificación das terminacións nasais: <i>-ãw</i>
Participio pasado (2ª e 3ª conj.) <i>-udo</i>	Participio pasado <i>-ido</i>
<i>-d-</i> na 5ª persoa dos verbos	Síncope de <i>-d-</i> e ditongación
Terminación paroxítona en <i>-vill-vel</i>	Terminación paroxítona en <i>-vel</i>
Dúas series de posesivos femininos: <i>ma, ta, sa</i> (átonos); <i>mã, tua, sua</i> (tónicos)	Desaparición da serie átona
Palabras en <i>-agem</i> masculinas / femininas	Palabras en <i>-agem</i> femininas
Nomes que non cambian de forma no xénero: <i>-or, -ol, ês</i>	Distinción de forma: <i>-or/-ora, -oll/-ola, -ês/-esa</i>
Predominio da coordinación	Introdución da subordinación

1. Innovacións do portugués medio (*apud* Cardeira, 2009, 108)

Por un propósito de simplificación, seguiremos fundamentalmente neste punto a exposición realizada por Ivo Castro (2006, 148-184), referindo só para algúns casos concretos os traballos doutros autores. Advirte Ivo Castro, apoiándose en Esperança Cardeira (2005), que a parte nuclear do período é moi curta, “não excede a primeira metade do século xv”, momento en que os príncipes portugueses, co seu alento ou coa súa pluma, axudaron a crear unha nova lingua culta ou literaria, “libertada do *tecto* galego-português e emancipada da antiga língua dos Cancioneiros” (Castro, 2006, 149): “Um período em que, no espaço de uma geração, se resolvem vários processos evolutivos em simultaneidade que não pode ser casual e se transformam dramaticamente as estruturas e a aparência da língua” (Castro, 2006, 150).

A elisión do “-d-” da 5ª persoa dos verbos é unha das características desta época: *estades* > *estais*. A documentación máis antiga do fenómeno aparece en casos esporádicos do Alentexo ou de Lisboa, xa no século xiv e mesmo na fin do século xiii, e a orixe meridional do fenómeno vén confirmada pola conservación do “-d-” ata época máis moderna en dialectos miñotos e beiróns. Os textos portugueses da época revelan que entre 1410 e 1430 as formas sincopadas substitúen as formas con “-d-”, e a partir do primeiro terzo do século estas últimas tórnanse cada vez máis raras. Nas primeiras décadas do século xvi, Gil Vicente caracteriza co “-d-” a fala arcaizante das pesonaxes *comadres* dos seus autos, pero curiosamente non para a fala rústica dos pastores das Beiras, o que nos fai pensar que o conservadorismo das formas con “-d-” presente no centro e no norte do país non impedía a existencia naquelas rexións da síncope. Non esquezamos que o fenómeno alcanza tamén o galego, pois Clarinda de Azevedo Maia documentou estas solucións en Ourense na fin do século xv e no inicio do xvi (cf. Maia, s.d., 735) e Ramón Mariño Paz encontrou casos máis antigos, xa desde o século xiii, aínda que sendo sempre moi minoritarios: “En galego as documentacións desta innovación, raras aínda nas fontes do século xiv e da primeira metade do xv, gañan frecuencia a partir de 1451, aínda distando moito de se faceren maioritarias no conxunto do corpus dispoñible” (Mariño Paz, 2014, 261).

O sistema de sibilantes non patalais, que na fase arcaica tiña dúas fricativas apicoalveolares [ʃ] – [ʒ] e dúas africadas predorsodentais [ts] – [dz], pasa a dous pares de fricativas: un apicoalveolar [s] – [z] e outro predorsodental [ʃ] – [ʒ]. Aínda na actualidade existen dialectos portugueses setentrionais que conservan

os dous pares de fricativas, e a existencia de apicoalveolares, nunha rexión máis extensa, foi escollida por Lindley Cintra (1983b) para marcar a fronteira de todo o grupo dos dialectos setentrionais do portugués. Sábese ben que a confusión posterior das sibilantes nun único par predorsodental, característico do padrón moderno portugués, só viría a producirse na segunda metade do século XVI. En todo caso, é unha solución tamén de tipo meridional que, como xa foi dito, Jaime Ferreira da Silva e Paulo Osório atribúen á posible influencia mozarábe.

Curiosamente os especialistas portugueses non refiren nunca outra característica do consonantismo que se introduce no padrón portugués de tipo meridional, pero que non existía na área orixinal do galaico-portugués antigo, como aínda non existe en gran parte dos dialectos setentrionais do portugués: o son labiodental sonoro [v]. É indiscutible que os reconquistadores e repoboadores que levaron o galaico-portugués ás terras meridionais onde non se falaba esta lingua non posuían o [v], senón un [β] bilabial fricativo que se opuña ao [b] oclusivo. Cal é a orixe, por tanto, deste son completamente novo? Foi unha reacción interna para evitar a confusión entre [β] e [b] sen influencia exterior? Apareceu por influencia mozarábica meridional, onde podía existir este fonema (compárese coa situación entre o catalán de Valencia e o catalán de Cataluña)?

Antes de propor algunha outra hipótese explicativa, paréceme adecuado xuntar este fenómeno á evolución do vocalismo. Pódese dicir que esta é unha das maiores innovacións do período, porque pasamos en pouco tempo dun vocalismo tónico arcaico, semellante ao latino-vulgar, aínda conservado basicamente no galego, a un vocalismo que vai coincidir xa co portugués dos nosos días salvo pola pronuncia das vogais átonas, cuxa evolución de tendencia a un maior enfraquecemento e pechamento (ou *alteamento*, como prefiren na lingüística brasileira) vai seguir unha deriva lenta e paulatina que non acaba ata a fin do século XVIII. Simultaneamente, prodúcese a desaparición dos hiatos arcaicos e documéntanse os primeiros casos de asimilación e disimilación dos ditongos, ámbalas cousas definidoras do portugués moderno perante o galaico-portugués antigo.

Como se sabe, o galego acompañou algúns dos procesos de resolución dos hiatos antigos, pero non sempre da mesma maneira, nin por iso o galego perdeu a tolerancia a encontros entre vogais medias e baixas: cf. galego *teatro* [ea] e portugués *teatro* [ia] ou [ja].



Un primeiro proceso operado entón foi a crase de dúas vogais iguais, ás veces con asimilación previa: PALA > *paa* > *pá*; SANA > *sāa* > *sā*; PALUMBA > *paomba* > *poomba* > *pomba*. Cando se trataba de hiatos átonos en posición pretónica, o resultado foi unha vogal aberta átona: CREDITORE > *creedor* > *credor* [ɛ]; CALAVARIA > *caaveira* > *caveira* [a]. O vocalismo átono interior cambiou, porque o galego-portugués antigo non permitía vogais abertas átonas, ao contrario que o portugués moderno. En posición tónica, a crase de dous *aa* permite agora a aparición dun [a] aberto antes de consoante nasal: *gaanho* [αα] > *ganho* [a]. O sistema vocálico gañou así un novo par de fonemas [a] e [α] que permite distinguir significados (*v.gr.*, *viajamos* – *viajámos*) e que define o portugués moderno fronte ao arcaico, aínda que sexa de “fraco rendimento” (Teyssier, 1982, 42).

Un segundo proceso foi a ditongación dos hiatos. Este proceso é operativo cando se trata de ditongos decrecentes: MALU > *mao* > *mau*; SALIT > *sae* > *sai*. Cando a vogal tónica era aberta, conservou o seu timbre aberto tamén no ditongo resultante, de tal modo que apareceron por primeira vez en portugués ditongos decrecentes con vogal aberta: VELU > *véo* > *véu*; CAELU > *céo* > *céu*. Os resultados tiveron consecuencias tamén para a morfoloxía portuguesa, que aínda se conservan na actualidade. É o caso, por exemplo, da formación do plural das palabras acabadas en “-l”: *sol* – *sóis*, *lençol* – *lençóis*. E tamén a forma moderna dos nomes en masculino “-ão” e as súas correspondentes formas en feminino e en plural, como se mostra no cadro seguinte:

PORTUGUÉS ARCAICO	PORTUGUÉS MEDIO
MASCULINO: <i>ã-o</i> ( <i>irmão</i> ) <i>ã</i> ( <i>can</i> ) <i>õ</i> ( <i>coraçõ</i> )	MASCULINO: <i>ãw</i> ( <i>irmão, cão, coraçã</i> )
FEMININO: <i>ã-a</i> ( <i>irmã</i> )	FEMININO: <i>ã</i> ( <i>irmã</i> )
PLURAIS <i>ã-os</i> ( <i>irmãos</i> ) <i>ã-es</i> ( <i>cães</i> ) <i>õ-es</i> ( <i>corações</i> )	PLURAIS: <i>ãws</i> ( <i>irmãos</i> ) <i>ãjs</i> ( <i>cães</i> ) <i>õjs</i> ( <i>corações</i> )

2. Os nomes em “-ão”

As solucións modernas xa se deberían ter regularizado no portugués padrón por volta de 1500 (cf. Teyssier, 1982, 45-47), pero é importante referir que o

“-õ” final mantivo unha maior resistencia á asimilación aínda nas primeiras décadas do século XVI (son frecuentes formas como *nom*). De feito, a asimilación non alcanzou finalmente a tódalas palabras, como é o caso de *com*, *som*, *tom*, *Dom*, etc.

Outro fenómeno tampouco referido polos historiadores da lingua portuguesa neste período é para min moi relevante e probablemente estea relacionado dalgún modo con toda esta revolución do sistema vocálico e dos encontros vocálicos. Trátase dos fenómenos de asimilación e disimilación dos ditongos decrecentes en portugués, ambos coa mesma orixe (o segundo como reacción contra o primeiro) e cuxo núcleo difusor foi establecido precisamente na rexión das Beiras, no centro do país (cf. Cintra, 1983c). Outro fenómeno, a aparición de vogais mixtas en varios dialectos portugueses, tamén debe ser tratado aquí por ter orixe na mesma rexión innovadora do centro de Portugal e por condicionar a monotongación dalgúns ditongos.

Hai dous ditongos que monotongan no portugués moderno: o ditongo [ow] en [o] e o ditongo [ej] en [e]. Ámbolos ditongos monotongan no centro e no sur do país e consérvanse no norte. Parece que a difusión partiu do centro interior, porque o centro litoral aínda conserva a pronuncia de [ej] e por iso este trazo foi escollido por Lindley Cintra para diferenciar os dous grupos centro-meridionais (cf. Cintra, 1983b, 154).

Como reacción á tendencia a monotongar, apareceron variantes con disimilación: [oj] en lugar de [ow] e [ɔj] en lugar de [ej]. A pesar diso, a monotongación de [ow] acabou por gañar no portugués padrón lisboeta, de tal modo que hoxe temos ao mesmo tempo palabras con pronuncia monotongada (*pouco*, *cantou*, conx. *ou*, etc.), palabras con disimilación (*coisa*, *dois*, etc.) e pares con ámbalas solucións (*touro* – *toiro*, *ouro* – *oiro*, *louro* – *loiro*, etc.) No caso de [ej], foi sistematicamente substituído pola variante disimilada no padrón lisboeta en tódolos casos, pero a pronuncia tradicional e dialectal monotongada mantívose ata a actualidade en toda a rexión central e meridional do país, salvo a faixa do litoral á que aludiamos antes, que chega ata a altura de Lisboa, onde se conserva. Obsérvase que unicamente son afectados aquí os ditongos con vogal pechada, o que parece revelar que o fenómeno se espalla pola rexión meridional en época anterior á aparición dos ditongos decrecentes con vogal aberta, é dicir, antes de ter concluído a evolución do vocalismo no portugués

medio. Deste modo, no moderno padrón lisboeta pronúnciase *mantéis* [ɛj] e *fronteira* [ɔj].

Estas solucións da lingua normativa en Portugal son relativamente modernas, o que quere dicir que os fenómenos de asimilación e disimilación avanzaron desde o núcleo innovador de forma máis ou menos lenta e non foron aceptadas na variedade culta senón con moita dificultade. Non debemos esquecer, por exemplo, que as formas con “ou” (*dous, cousa*) eran as únicas admitidas na lingua culta do século XIX, as únicas empregadas por autores como Eça de Queirós. Por outro lado, a Brasil chegaron as tendencias da monotongación, hoxe de uso xeral (*pouco* [o], *fronteira* [e]), pero non existen variantes con disimilación no ditongo “ei”, e ámbolos ditongos reaparecen na pronuncia dun brasileiro culto en contextos en que procura mostrar unha lingua especialmente coidada. Ao mesmo tempo, os procesos asimilatorios están aínda hoxe máis estendidos na rexión centro-meridional, de onde sen dúbida proceden, abranguendo tamén o ditongo “eu”. E a documentación antiga revela que o fenómeno era máis rico en solucións, algunhas delas curiosamente conservadas nas falas de Xálima (San Martín de Trevello, As Ellas e Valverde), que fan fronteira coa rexión innovadora de Portugal (v. Carrasco, 2009, 8-10).

Lindley Cintra, despois da análise pormenorizada das monotongacións e disimilacións de “ou” e “ei” nas variedades modernas do portugués, tamén en relación coas variedades galegas e ástur-leonesas, considera que o foco orixinario “estava situado no sul do que, a partir dos sécs. XII-XIII, veio a ser o territorio português” (Cintra, 1983c, 48), se ben non é fácil determinar o momento en que se produce. No que respecta ás causas deste fenómeno, lembra a circunstancia posta en evidencia por Paiva Boléo de que ese foco coincide coa rexión mozárobe, que se caracterizaba polo contrario (subsistencia dos ditongos), de tal modo que, conclúe Lindley Cintra, só pode ser explicado por

no destino lingüístico de toda esta zona meridional do território português, assim como no da oriental que a prolonga, ter pesado, muito mais do que a existência do chamado substrato moçárabe (certamente pouco denso na maioria da sua extensão), a própria circunstância de se tratar de uma zona de colonização, de repovoamento, feito com gente de várias origens –propícia, como todas as zonas de características semelhantes, à aceitação e à propagação de inovações (Cintra, 1983c, 48).

Avanzando Lindley Cintra na súa análise, relaciona este fenómeno coa aparición da vogal mixta [ö] na Beira Baixa e Alto Alentexo, dado que esa vogal aparece só como consecuencia da monotongación do ditongo “ou”:

é perfectamente conhecido da fonética histórica francesa –em que, como se sabe, o *o* longo em sílaba aberta, através das fases *ou* e *eu*, e acompanhado, a partir de certa altura, pelo ditongo *ou* de outras origens, se transforma precisamente no *ö* que vamos encontrar nesta região portuguesa. É uma evolução completamente anómala e isolada no panorama geral da fonética histórica hispânica e que nos aparece surpreendentemente associada às paralelas e também anómalas transformações de *u* em *ü*, *a* em *e* (em certas condições), *e* em *ë* (através de um grau intermediário *è*), todas elas bem conhecidas da Galo-România (Cintra, 1983c, 52-53).

Para Lindley Cintra, non é a influencia de substrato mozárabe o que pode explicar isto, nin tampouco o substrato celta suxerido por Leite de Vasconcelos, senón a repoboación francesa dese territorio, dado que se sabe moi ben que tal repoboación “foi confiada às Ordens Militares do Hospital e do Templo” (Cintra, 1983c, 53), coincidindo cos límites destes fenómenos fonéticos e tamén con determinados tipos lexicais referidos por Herculano de Carvalho aos que nós aludimos anteriormente. Advirte Cintra que, aínda que sexan fenómenos innovadores de tipo meridional, a rexión innovadora ascende polo centro interior do país e chega a unha boa parte de Trás-os-Montes.

De feito, sábese por outros estudos da existencia de vogais mixtas fóra da rexión de Castelo Branco e norte de Portalegre que Lindley Cintra delimitaba na súa clasificación de dialectos portugueses. Xa Leite de Vasconcelos encontraba [ü] máis ao norte e, máis recentemente, Rui Manuel Gomes Dias Guimarães localizaba este son con palatalización máis fraca mesmo na raia con Galicia, na rexión de Barroso:

A sua frequência elevada e homogênea está na “zona do rio e de entre rios”, “zona raiana” e faixa este de Barroso a confrontar com o concelho de Chaves. Fora desta zona de Barroso, é de características transmontanas. É frequente, em Chaves e toda a parte norte de Trás-os-Montes e Alto Douro para cima de Miranda. Distingue também a variedade sendinês de mirandês (Guimarães 1998, vol. I, 170).

Por outro lado, Fernando Brissos, nun excepcional traballo sobre a variedade sueste da Beira (por tanto, o centro interior do país), documenta diferentes fenómenos relacionados cos ditongos portugueses en testemuños desta rexión dos séculos XIII e XIV. De feito, a monotongación encontrada por Clarinda Maia na rexión setentrional, máis a abundante monotongación de “ei” xa en mediados do século XIV no sueste da Beira, fai dubidar a Brissos de que puidese ser consecuencia dunha influencia meridional, como se deduce da hipótese proposta por Lindley Cintra. De feito, unha orixe setentrional deste fenómeno concorda coa tendencia a conservar os ditongos por parte das falas mozárabes do sur (cf. Brissos, 2012, 299-304). Sobre a disimilación e monotongación de “ou”, Brissos considera necesario establecer unha relación coa aparición das vogais mixtas se se pretende pescudar sobre a súa orixe, e acaba por concluír o seguinte:

Pudemos, conjugando o sistema lingüístico actual do Sueste Beirão com o que é possível reconstruir do antigo, verificar que a palatalização de *á* e a velarização dos dois *ê*'s se davam já no século XIV. Se isso se pode constatar para fenómenos que apresentam discrepâncias regionais significativas (sobretudo as velarizações, que excluem mesmo certas zonas), não é difícil supor, para fenómenos como as palatalizações de *u* e *ou/oi*, que se verificam em toda a região, uma existência já naquela época. Concorda com isso o timbre arcaizante que a linguagem do Sueste Beirão, em sentido geral, tem [...].

Nada disso tem de favorecer a tese do substrato, pois a mais importante hipótese de superstrato, que já foi referida, assenta em influxo lingüístico francês protagonizado pelas ordens militares (Templo (→ Cristo) e Hospital) que se encarregaram da reconquista e colonização do Sueste da Beira no início da nacionalidade; plenamente dentro de um intervalo temporal que tenha o séc. XIV como limite, portanto (Brissos, 2012, 498).

Unha influencia francesa explica de forma máis convincente, polo tanto, a aparición dos fenómenos de asimilación e disimilación de ditongos, as vogais mixtas portuguesas e talvez, na miña opinión, a substitución de [v] por [β] característica das falas do centro e do sur do país, aínda que con illas de confusión con [b] na zona central e ata na rexión lisboeta, o que concorda unha vez máis con esa zona galego-portuguesa orixinaria máis conservadora do norte (salvo a maior parte de Trás-os-Montes) que se prolonga algo máis polo litoral ata chegar á capital portuguesa. Outros fenómenos, como a maior relaxación das vogais átonas

e o seu pechamento, tan diferentes do galaico-portugués antigo, tamén podían relacionarse coa mesma influencia.

Polo tanto, pódese atribuír á poboación de orixe francesa polo menos a causa dalgúns dos fenómenos que distinguen o portugués da fin da Idade Media do portugués arcaico ou galego-portugués que aparece na literatura e na documentación cortesá máis antiga. As ordes militares francesas en Portugal, favorecidas polo conde borgoñón D. Henrique, asentáronse no centro do país e tiveron unha destacada presenza no interior e na fronteira das Beiras e do Alto Alentexo e, desde aí, ocuparon tamén zonas despoboadas do nordeste (cf. Serrão, 1979, I, 166-172). Os poboadores franceses eran tan numerosos nas cortes condais de Galicia e Portugal que o rei Afonso VI de Castela e León pediu axuda a D. Raimundo e a D. Henrique para repoboar tamén a Estremadura do Douro en Zamora, Salamanca e Ávila, como é ben coñecido. O peso da inmigración francesa debía ser aínda máis considerable dentro do espazo máis restrinxido do condado portugalense. Coimbra primeiro e Lisboa máis tarde recolleron inicialmente e conservaron a tradición galego-portuguesa do norte e do litoral, pero a paulatina formación dunha variedade meridional máis ou menos homoxénea no sur do país ao longo dos séculos XIII e XIV e a pertenza da propia cidade de Lisboa a esa rexión (como tamén pertencían a ela outras sedes da corte, como eran Sintra ou Évora) explican que Lisboa asumise e difundise algunhas das innovacións aí producidas. Pero tal situación só nos é perceptible pola documentación, con especial relevancia para a linguaxe culta da literatura, a partir do século XV, o que significa que houbo un evidente cambio de modelo e unha aceptación de formas innovadoras que anteriormente non tiñan consideración en ambientes cultos e da administración. Sobre iso voltaremos máis adiante.

Os cambios que se difunden en portugués na fin da Idade Media non acaban aquí. Ademais das consecuencias dalgúns cambios fonéticos xa comentados, a morfoloxía vai chegar a solucións modernas que afastan definitivamente o portugués medio do arcaico. Houbo unha regularización do xénero dos nomes, aínda dubitativo na lingua medieval especialmente naqueles casos en que non había un *-o* para o masculino e un *-a* para o feminino. Nomes como *fm*, *mar*, *planeta* ou *aleijão* pasaron definitivamente a masculinos neste momento, do mesmo modo que as formas em *-agem* se estabilizaron como femininas. Algúns adxectivos biformes (*contento*, *contenta*) convertéronse en uniformes (*contente*), pero

un numeroso grupo de adxectivos invariables en xénero porque acababan en consoante adoptaron agora un *-a* para o feminino: son os adxectivos acabados en *-or*, *-ol*, *-nte* e *-ês* (*senhor/senhora*, *espanhol/ espanhola*, *i(n)fanteli(n)fantá*, *português/portuguesa*). Algunhas destas formas só triunfarían nas primeiras décadas do século XVI, aínda antes da aparición do chamado portugués clásico. Semellante cronoloxía posúe a desaparición das formas átonas do posesivo feminino (*ma*, *ta*, *sa*), homoxeneizando deste modo o sistema de posesivos cunha serie única para o masculino e outra para o feminino.

Os participios en *-udo* (*teúdo*) tórnanse cada vez máis raros desde as primeiras décadas do século XV, nunha cronoloxía coincidente coa da desaparición do *-d-* da 5ª persoa dos verbos. Paulo Osório chama a atención sobre dous fenómenos verbais que tamén coinciden cronoloxicamente (entre 1420 e 1450): a substitución de *HABÈRE* por *TENÈRE* e o uso do pretérito imperfecto do indicativo en lugar do condicional (cf. Silva e Osório, 2008, 74 e 84-85). Estes fenómenos de tipo sintáctico e semántico levan a Osório a concluír categoricamente que “em 1450 a língua atinge uma plataforma de estabilidade e nasce o português moderno” (Silva e Osório, 2008, 84).

dos de aplicar na práctica esta ideoloxía e de afogar moi eficazmente a presenza do galego-portugués neste ámbito e, convén repetilo, no seu propio marco xeográfico natural e orixinario.

## 2.2. Ámbito da xustiza eclesiástica

No noso corpus inclúense dúas sentenzas emanadas de xuíces eclesiásticos. Nos dous casos as partes apelante e apelada son clérigos ou colectivos clericais da diocese lucense. Cronoloxicamente sitúanse unha na primeira metade do século (E-1: 1425) e a outra na súa segunda metade (E-2: 1480). O acto da primeira ten como marco xeográfico a cidade de Lugo (“En a çidade de Lugo”) e como marco institucional a igrexa de Lugo na esfera do seu bispo (Fernando de Palacios), representado polo seu vigairo (“Juan Ruys”). Na segunda o marco xeográfico é o da cidade de Santiago (“Dada el leyda fue la dicha sentençia en la çibdat de Santiago”), cuxa igrexa, representada polo provisor “Johan Garçia de Gomara”, constitúe o seu marco institucional.

Os asuntos obxecto de litixio enfrontan clérigos a título individual ou a título colectivo e xentes do común vinculadas profesionalmente á igrexa. En E-1 senténciase a favor do cabido, representado por “Pedro Lopes, coengo et procurador do cabidoo da iglesia de Lugo”, que demandaba de “Mestre Johan, barbeyro et porteyro do cabidoo da iglesia de Lugo” o cumprimento dun contrato subscrito co cabido xuntamente coa súa muller (“Tereija Ferrnandes”) e a cuxo cumprimento non se consideraban obrigados. En E-2 senténciase en segunda instancia (a primeira resolvérase, con idéntico resultado, en Lugo) a favor de “Alfonso Garcia” no preito interposto por “Johan de Boan”, ambos “clerigos de la diocesis de Lugo”, co fin de resolver unha disputa acerca de cal dos dous estaba no dereito de recibir os beneficios da freguesía de San Cristovo de Fornas (Chantada). Do segundo “se provo [...] seer coroça, et mas aver cometido simonya en fazer egualar et partir el benefiçio por medio con los legos que lo presentaron”. En consecuencia o xuíz manda “a los feligreses del dicho benefiçio de Sant Christovoo de Fronan ayan por verdadero clerigo al dicho Alfonso Garçia et le acudan con todas las cosas pertenesçientes al dicho benefiçio”.

Pola súa condición, para todas estas persoas e colectivos é lícito, se non obrigado, supoñer unha situación de monolingüismo galego-portugués, xustificada

*supra* para o cabido da catedral de Lugo e incontestable para clérigos de baixo rango e burgueses de oficios humildes como podían ser un barbeiro ou un porteiro das dependencias capitulares.

Á realidade social xeográfica e lingüisticamente homoxénea que acabamos de esbozar para os comparecentes a xuízo, como a outra cara da moeda, contrapón o aparato da xustiza eclesiástica uns axentes que manteñen fortes distancias cos seus administrados na súa procedencia xeográfica e nos seus usos lingüísticos.

Os xuíces son en ambos os casos de procedencia foránea. O que actuaba en E-1, o asturiano “Juan Ruys”, era “bachiller en decretos, arçidiago de Grado en a iglesia d’Ovedo” e ostentaba o cargo de “vigario geeral da iglesia et obispado de Lugo”. En E-2 é o soriano “Johan Garçia de Gomara” quen exerce de provisor en Santiago do arcebispo salmantino Alonso de Fonseca II, na súa condición de “bachiller en decretos, thesorero et canonigo en la Santa iglesia de Santiago, provisor ofiçial general en lo espiritual et temporal de la dicha santa yglesia, çibdat et arçobispado de Santiago por el muy reverendo in Christo padre et señor don Alfonso de Fonseca por la miseraçion divina, Arçobispo del dicho arçobispado”.

Os notarios que interveñen na formalización documental das sentenzas presentan distinto perfil pola procedencia xeográfica e esta diferenza tradúcese a nivel lingüístico nunha escolla de código distinta. En E-1 o notario é “Pedro Fernandes de Silvarrey”, seguramente orixinario dese lugar do actual concello lugués de Outeiro de Rei. Todos os documentos seus que comparecen na nosa colección documental da catedral de Lugo están redactados en galego-portugués: 38 para o cabido e 2 para o bispo (Fernando de Palacios). En E-2 non se indica a identidade do notario, aínda que a análise da lingua do documento, exenta de calquera indicio de interferencia do galego-portugués<sup>7</sup>, revela claramente a súa orixe foránea, algo que non debe sorprender se se pensa que á fronte do arcebispo estaba o bispo salmantino que culminou a erradicación do galego-portu-

---

<sup>7</sup> Pódese apreciar a pureza do seu castelán no emprego de voces de alta frecuencia, como os nomes dos días da semana ou os numerals cardinais, nas que, de haber un fondo lingüístico galego-portugués, era fácil que se infiltrase a forma autóctona. Tamén se nota ese fondo lingüístico castelán na fuxida consciente da enxebreza lingüística na toponimia, que é castelanizada sen contemplacións:

Dada et leyda fue la dicha sentençia en la çibdat de Santiago por el dicho señor provisor seyendo sentado en audiencia publica en logar de judgar dentro en sus casas de morada que son en la *rua Nueva* de la dicha çibdat, dia *viernes*, audiencia de la vispera, veynte et quatro dias del mes de março, ano del nasçimiento de nuestro señor Jhesu Christo de mill et *quatroçientos et ochenta* anos.

gués na documentación da súa arquidiocese e que, moi probablemente, o levou a Santiago formando parte do seu séquito.

Presentamos agora nunha táboa un resumo da dobre realidade social e lingüística que representan, no universo da xestión da xustiza eclesiástica, os que acoden a ela e os que a formalizan nos planos xurídico (xuíces) e documental (notarios):

		Sentenzas	
		E-1	E-2
<b>Persoas ou colectivos que acoden á xustiza eclesiástica</b>		g	g
<b>Aparato da Xustiza</b>	Lugar do xuízo	G	G
	Xuíces	f	f
	Notarios	g	f
	<b>Lingua</b>	<b>GP</b>	<b>C</b>

Táboa 2. Documentación do ámbito eclesiástico.

Á vista destes dous únicos casos non é posible tirar conclusións sociolingüísticas de alcance xeral. Porén parece evidente que os notarios, e talvez os xuíces, actuaban dentro dunhas coordenadas de plurilingüismo e non exclusión do galego-portugués, seguramente propiciadas polo carácter intragalaico do espazo competencial na súa actuación. Sen contar con información proveniente dun número moito maior de casos pouco máis poderemos facer que afirmacións particularizadas e *ad hoc* como que o emprego do galego-portugués en E-1 se explica por ser dunha cronoloxía recuada no século xv e dunha diocese na que a chegada do impulso da substitución lingüística foi máis demorado que noutras (arqui)dioceses, como a de Santiago, máis expostas ao influxo das tendencias sociolingüísticas externas.

Contrariamente, a tardía cronoloxía de E-2, unida ao talante dun arcebispo tan empeñado no alleamento das estruturas autóctonas da súa arquidiocese como Alonso de Fonseca II, foron causa dabondo para que o documento só puidese ser redactado en castelán.

### 3. A MODO DE CONCLUSIÓN

Aínda que non ten moito sentido tratar de chegar a unhas conclusións partindo dun elenco tan reducido de documentos, cremos que esta primeira e superficial aproximación aos usos de galego-portugués e castelán na lingua escrita do apar-

to da xustiza permítenos afirmar que o proceso castelanizador se produciu moito máis lentamente na administración eclesiástica que na civil. Nesta última parece plenamente consumada a substitución nos albores do século xv, do que non temos, no corpus estudado, nin un só caso de sentenza en galego-portugués. Máis lento e demorado debeu de ser o proceso na administración eclesiástica, pois unha das dúas sentenzas deste ámbito, e case no ecuador do século, está redactada en galego-portugués.

Entre outras causas de menor entidade, das que non nos podemos ocupar aquí, apuntamos como a máis importante o distinto marco xeográfico e competencial dunha e outra administración. O carácter intragalaico das áreas competenciais dos organismos da administración da xustiza eclesiástica e a tardía verificación da centralización da igrexa no conxunto do Estado favoreceron durante un longo período unha dinámica pouco exposta a influencias externas e unha maior proximidade á realidade lingüística da sociedade, traducidas no mantemento da funcionalidade e do uso da lingua propia. Pola contra, o carácter supraterritorial da Coroa e a súa asociación política e ideolóxica privativa cunha das linguas do abano das presentes nos seus reinos e territorios contribuíu decisivamente a que esa lingua, o castelán, penetrase e se instalase con forza e desde tempos moi recuados na nosa documentación xudicial.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALONSO PEQUENO, Mercedes / Mercedes VÁZQUEZ BERTOMEU (2001): “Lingua e escritura na Compostela do século xv”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XLVIII, 114, pp. 115-129.
- CABANA OUTEIRO, Alexandra (2006): “A lingua que veu de fóra. A creba do galego no 1500”, *Murguía. Revista Galega de Historia*, 9, pp. 69-83.
- CGPA - XAVIER VARELA BARREIRO / María Francisca XAVIER (2015-): *Corpus informatizado Galego Portugués Antigo*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Lisboa: Centro de Linguística da Universidade Nova de Lisboa.
- CAL PARDO, Enrique (ed.) (1999): *Colección diplomática medieval do arquivo da catedral de Mondoñedo*. Transcrición íntegra dos documentos. Santiago: Consello da Cultura Galega (*apud* CGPA).
- FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón (2010): “Lingua e poder político na Galiza e en Portugal durante a Baixa Idade Media”, en M. A. Tavares / Laura Tato (eds.): *Estudos Galego-Brasileiros 4. Lingua, Literatura, Identidade*. A Coruña: Universidade da Coruña, pp. 151-181.
- GARCÍA CONDE, Antonio / Amador LÓPEZ VALCÁRCEL (1991): *Episcopologio lucense*. Lugo: Fundación Caixa Galicia.

- GARCÍA ORO, José (1981): *La nobleza gallega en la Baja Edad Media*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos.
- LORENZO, Ramón (2004): “Emerxencia e decadencia do galego escrito (séculos XIII-XVI)”, en Rosario Álvarez / Francisco Fernández Rei / Antón Santamarina (eds.): *A lingua galega, historia e actualidade. Actas do I Congreso Internacional, 16-20 de setembro de 1996*. Vol. III. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, pp. 27-153.
- MAIA, Clarinda de Azevedo (1986): *História do galego-português. Estudo linguístico da Galiza e do Noroeste de Portugal do século XIII ao século XVI (com referência à situação do galego moderno)*. Coimbra: Instituto Nacional de Investigação Científica (*apud* CGPA).
- MARIÑO PAZ, Ramón (1998): *Historia da lingua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- MONTEAGUDO, Henrique (1985): “Aspectos sociolingüísticos do uso do galego, castelán e latín na Idade Media en Galicia”, *Revista de Administración Galega*, 1, pp. 85-108.
- MONTEAGUDO, Henrique (1994): “Aspectos sociolingüísticos do uso escrito do galego, o castelán e o latín na Galicia tardomedieval (ss. XIII-XV)”, en Elvira Fidalgo / Pilar Lorenzo (eds.): *Estudios galegos en homenaxe ó profesor Giuseppe Tavani*. Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, pp. 169-185.
- MONTEAGUDO, Henrique (1999): *Historia social da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- PORTELA, María José (ed.) (2005): *Documentos da Catedral de Lugo. Século XV*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega (*apud* CGPA).
- PARDO DE GUEVARA Y VALDÉS, Eduardo (2000): *Los señores de Galicia. Tenentes y condes de Lemos en la Edad Media*. 2 tomos. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- PORTELA, María José (ed.) (2007): *Documentos da Catedral de Lugo. Século XIV*. 2 vols. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega (*apud* CGPA).

## ANEXO I (ÁMBITO CIVIL)

<p><b>C1</b> 1401 (896)</p>	<p>REXESTO: “Sentenza contra os vasalos do bispo en que se manda que paguen cada ano por razón de vasalaxe un porco cebado e capóns cada labrador polo Nadal; dous cabritos pola Pascua de Resurrección e un cesto de ovos; un carneiro por San Xoán e un carro de leña e outro de palla cada foreiro e cada un que veña a vendelo á praza de Lugo”.</p> <p>IDENTIDADE XUÍZ: “Johan Sanches de Arevalo”</p> <p>CATEGORÍA XUÍZ: “bacheller en leys, alcalde de la villa de La Cruña, juez comisario dado por carta de comision de noso señor el Rey”</p> <p>NOTARIO: “Johan Domingues de la Cruña, escrivano del dicho señor Rey e su notario publico en la su Corte e en todos los sus regnos”</p> <p>LUGAR: A Coruña</p> <p><b>LINGUA: castelán</b></p> <p>DESTINATARIO: “don Lopo, el Obispo de Lugo, de la una parte” (1390-1403) / “os moradores e pobladores dos coutos de Lugo deste cabo el agoa, de la otra parte”</p>
<p><b>C2</b> 1403 (902)</p>	<p>REXESTO: “Sentenza dictada polo alcalde, Xoán Sánchez, sobre a morte do bispo don Lopo”.</p> <p>IDENTIDADE XUÍZ: “Juan Sanches de Bobeda”</p> <p>CATEGORÍA XUÍZ: “bachiller en leyes, alcallde por el Rey nuestro senor en los obispados de Lugo et Tuy”</p> <p>NOTARIO: “Alfonso Sanches de Çamora, escrivano del dicho señor Rey et su notario publico en la su Corte et en todos sus Reinos et senorios”</p> <p>LUGAR: Lugo</p> <p><b>LINGUA: castelán</b></p> <p>DESTINATARIO: “Rodrigo Olives, et Rodrigo Chavra, et Gomes Peres, alfayate, et Afonso de Pollido, et Rodrigo de la Carreira, et Arias Nunes, correeyro, et Afonso de Robra, et Pedro de Robra, et Afonso Peres de Ramamadera et su fijo, et Fernant Afonso, yerno de Juan Rodrigues, mercador, et Pedro Alvares, omes del juez, et Fernant Luengo, pelliteyro, et Ruy Corton, et Ruy Fernandes, yerno de Fernant Çarrellas, que fueron ayudadores et defensores et partiçipes de la muerte del dicho señor Obispo con los principales feridores et matadores” (bispo: Lopo de Salceda [1390-1403])</p>
<p><b>C3</b> 1430 (1028)</p>	<p>REXESTO: “Sentenza revogatoria de certos mandamentos de don Afonso de Castro”.</p> <p>IDENTIDADE XUÍZ: “Gomes Garcia de Goyos” / “Fernand Garcia de Parada”</p> <p>CATEGORÍA XUÍZ: “vassallo de nuestro señor el Rey” / “doctor en leis” // “regidores por el dicho señor Rey en el Regno de Galisia”</p> <p>NOTARIO: “Fernand Sanches de Beserra, escrivano de nuestro señor el Rey et su notario publico en la su Corte et en todos los sus Regnos”</p> <p>LUGAR: Lugo</p> <p><b>LINGUA: castelán</b></p> <p>DESTINATARIO: “Obispo et canonigos et beneficiados da la dicha yglesia de Lugo” (bispo: Fernando de Palacios [1418-1434]) / “don Alfonso de Castro” (Señor de Castroverde e Luaces)</p>

<p><b>C4</b> 1477 (1244)</p>	<p>REXESTO: “O gobernador do Reino de Galiza dicta sentenza favorable aos habitantes do Couto de Constante declarándoos exentos do pago de tributos”.</p> <p>IDENTIDADE XUÍZ: “Pedro de Villandrando (Palencia), Conde de Ribadeo”</p> <p>CATEGORÍA XUÍZ: “guardan mayor del Rey et Reyna nuestros senores et del su Consejo, Presy dente, Governador, et Justiçia Mayor en el Reyno de Gallisya”</p> <p>NOTARIO: “Juan Lopes, secretario del senor Presy dente, Governador et Justiçia Mayor en el Reyno de Gallisya”</p> <p>LUGAR: Lugo</p> <p><b>LINGUA: castelán</b></p> <p>DESTINATARIO: “todos los pobladores et moradores del dicho coto de Costante”</p>
<p><b>C5</b> 1488 (1372)</p>	<p>REXESTO: “Sentenza do correxedor de Lugo pola que lles ordena aos «arroqueiros» que fagan os seus animais cada ano o transporte do viño para o bispo, quedando este obrigado a proveelos de orxo, viño e vianda”.</p> <p>IDENTIDADE XUÍZ: “Fernan de Perea”</p> <p>CATEGORÍA XUÍZ: “Corregidor de los Reyes nuestros senores en esta çibdad de Lugo et sus jurdiçiones”</p> <p>NOTARIO: Anónimo</p> <p>LUGAR: Lugo</p> <p><b>LINGUA: castelán</b></p> <p>DESTINATARIO: “señor Obispo de Lugo” (Alfonso Enríquez de Lemos [1476-1495]) / “vezinos et moradores en sus Cotos de Mera, Fargoos et Servian et Camara et Saa et Santalla et Coutos et tierra de Pallares”</p>

## ANEXO II (ÁMBITO ECLESIAÍSTICO)

<p><b>E1</b> 1425 (1000)</p>	<p>REXESTO: “Sentenza do vigairo, don Xoán Ruíz, ordenando que se cumpra o contrato subscrito entre o Cabido e o Mestre Xoán”.</p> <p>IDENTIDADE XUÍZ: “Juan Ruys”</p> <p>CATEGORÍA XUÍZ: “bachiller en decretos, arçidiago de Grado en a iglesia d’Ovedo, vigario geeral da iglesia et obispado de Lugo” (bispo: Fernando de Palacios [1418-1434])</p> <p>NOTARIO: “Pedro Ferrnandes de Silvarrey”</p> <p>LUGAR: Lugo</p> <p><b>LINGUA: galego-portugués</b></p> <p>DESTINATARIO: “cabidoo da iglesia de Lugo” / “Mestre Johan, barbeyro et porteyro do cabidoo da iglesia de Lugo”</p>
<p><b>E2</b> 1480 (1329)</p>	<p>REXESTO: “Xoán García de Gomara, tesoureiro e provisor de Santiago, libra sentenza en grao de apelación no preito que houbo entre os clérigos de Lugo Xoán de Boán e Afonso García. Aquel confirma a sentenza dada en primeira instancia polo bispo de Lugo, establecendo que os fregueses do beneficio de San Cristovo de Fornas teñan como clérigo a Afonso García e condenando a Xoán de Boán ao pago das custas”.</p> <p>IDENTIDADE XUÍZ: “Johan Garçia de Gomara” (Soria)</p> <p>CATEGORÍA XUÍZ: “bachiller en decretos, thesorero et canonigo en la Santa iglesia de Santiago, provisor ofiçial general en lo espiritual et tenporal de la dicha santa yglesia, çibdat et arçobispado de Santiago por el muy reverendo in Christo padre et senior don Alfonso de Fonseca por la miseraçion divina, Arçobispo del dicho arçobispado”</p> <p>NOTARIO: Anónimo</p> <p>LUGAR: Santiago</p> <p><b>LINGUA: castelán</b></p> <p>DESTINATARIO: “de la una Johan de Boan parte apelante, et de la otra Alfonso Garcia parte apelada, clerigos de la diocesis de Lugo”</p>



**CAMBIOS DESDE ABAIXO  
E CAMBIOS DESDE ARRIBA  
NO GALEGO DO SÉCULO XV**

**RAMÓN MARIÑO PAZ**

Instituto da Lingua Galega

Universidade de Santiago de Compostela



1. Ten sentido falar dun galego do século xv, un galego do século xiv, un galego do século xvi? Se as fontes de estudo ao noso alcance fosen suficientemente ricas en información, se se dese o imposible de que para o estudo do estado da nosa lingua nun pasado xa distante puidésemos reunir tantos e tan diversos materiais como podemos axuntar para a investigación sobre o galego oral e escrito de hoxe, habería algunha posibilidade de delimitar e describir con criterios obxectivos o galego falado e escrito de 1401 a 1500, de 1301 a 1400 ou de 1501 a 1600? É evidente que non, posto que o desenvolvemento histórico das linguas é un continuo que de ningunha maneira se pode ater ás leis dos calendarios, ás convencións do cómputo humano do tempo. Podemos, si, sinalar cambios que se estiveron a producir en galego durante o século xv, mais moitos deles serán cambios que se iniciaron antes ou moito antes de 1401 e que non atinxiron o seu punto final ata despois ou moito despois de 1500, ou ben mudanzas que abrollaron como innovacións ao longo desta centuria pero tampouco finalizaron o seu percurso evolutivo antes de que o século xvi se abrise paso.

2. A investigación que en lingüística histórica se veu facendo polo menos desde o século xix, aliada coas descubertas que nas últimas décadas nos foron chegando desde o variacionismo e desde a análise de mudanzas en marcha en distintas linguas do noso tempo, veu a mostrarnos que as fases do cambio lingüístico son dúas: a da creación da innovación e a da súa difusión, tanto no sistema coma nas distintas variedades diatópicas, diastráticas e diafásicas da comunidade lingüística. Unha innovación que non acadase un suficiente nivel de expansión nestas tres dimensións da variación lingüística non pasará de ser a ocorrencia dunha persoa ou a moda pasaxeira dun grupo social máis ou menos amplo, sen alcanzar, por tanto, a categoría de auténtica mudanza. Determinar cal é o nivel de difusión diatópica, diastrática e diafásica que unha innovación debe atinxir para alcanzar esa categoría de mudanza é, con certeza, unha cuestión moi pertinente, mais tamén unha tarefa complexa na que nesta exposición non me pododo deter.

3. A velocidade a que se produce o cambio lingüístico, isto é, o ritmo con que se suceden os procesos de creación e difusión das innovacións, non pode manterse constante e uniforme ao longo de todo o itinerario histórico en que unha lingua se utilice. Ao contrario, xunto a períodos en que as inevitables mudanzas avancen parsimoniosamente, haberá épocas en que estas dinámicas se aceleren, probablemente épocas de forte cambio social moi propicias para a rápida xeración e expansión das innovacións, xeiras históricas que susciten o xurdimento de numerosas situacións de contacto lingüístico intenso entre falantes de linguas diferentes ou de distintas variedades dunha mesma lingua.

Sen nos remontar a tempos lonxincuos sobre os que apenas poderíamos facer outra cousa que especular con escaso fundamento, será do caso considerarmos, por exemplo, que durante a Idade Media proliferaron no centro e no sur da península Ibérica as situacións de contacto entre poboacións cristiás, xudías e musulmás, situacións que determinaron a xeración de escenarios de multilingüismo en que convivirían o vasco ou distintas variedades do romance dos cristiás procedentes do norte, o árabe, o mozárabe ou distintas linguas noroeste africanas dos musulmáns ou mesmo o ritual hebreo da liturxia ou da literatura dos xudeus; sobre estes escenarios e sobre os veloces procesos de cambio lingüístico que suscitarían na Idade Media nos dominios da Coroa de Castela reflexionou agudamente Penny (2000). Despois do medievo, o colonialismo, o comercio transoceánico e a escravitude promoveron en distintas partes do planeta situacións de contacto lingüístico entre falantes de linguas moi diversas nas que a necesidade de se entender para o desempeño das funcións sociais máis básicas conduciu á formación de *pidgins* e crioulos. A revolución industrial dos séculos XVIII e XIX provocou, alí onde se produciu, a crecente concentración de moitas persoas con diferentes identidades lingüísticas en cidades e centros fabrís onde necesariamente tiveron que interactuar; as novelas de Charles Dickens conteñen extraordinarias narracións de episodios que transcorreron neste contexto na Inglaterra das primeiras décadas do XIX, narracións salferidas aquí e acolá de interesantes apuntamentos lingüísticos. Nos nosos días, a revolución tecnolóxica facilitou e aínda está a facilitar o contacto a distancia entre persoas que falan (e escriben) distintas linguas ou distintas variedades dunha mesma lingua: nestes escenarios é doada a creación de innovacións suscitadas polo intercambio lingüístico (a miúdo en forma de préstamos) e máis doada aínda, se cabe, a difusión de tales innovacións a través

de Internet, das redes sociais que a través de Internet se articulan, da prensa escrita, da radio e da televisión.

4. Que podemos dicir sobre o ritmo do proceso de creación e difusión de innovacións lingüísticas na historia de Galicia?<sup>1</sup> Certamente, a romanización e a latinización deberon de causar un severo impacto na sociedade castrexa, con importantes mudanzas na estrutura social e nas formas de ocupación do territorio e tamén co abandono da lingua ou linguas propias en favor do latín. No entanto, a partir de entón callou unha perdurable situación non de inmovilismo, claro está, mais si de relativa e secular estabilidade demográfica, social e sociolingüística que propiciaría que a sucesión de mudanzas que irían afectando ao latín galaico e ao romance posterior se dese cun ritmo lento ou, cando menos, sen celeridade. Á Gallaecia romana sucedeuna sen grandes estridencias o reino suevo, que desde 585 se integrou no visigodo sen que en ningún momento o continxente demográfico xermano pasase de ser unha latinizada oligarquía dominante incapaz de lles impoñer aos galaicos o suevo ou o visigodo, e mesmo desinteresada en facelo. As achegas de poboación musulmá falante de árabe, de linguas norteafricanas ou de mozárabe que de 711 en diante se produciron tiveron tamén un impacto limitado, de tal xeito que nestes tempos peduraron no esencial as estruturas sociopolíticas anteriores (cf. Portela / Pallares, 1997). Sen solución de continuidade, a sociedade señorial e feudal galega viviu desde o século IX a unha distancia crecente da vangarda da “Reconquista”, é dicir, lonxe das terras onde se desenvolveron os procesos de encontro e mestizaxe de usuarios de distintas variedades lingüísticas dos que falou Penny (2000). Na Galicia do Antigo Réxime, a Galicia dos foros, frades e fidalgos que estudou Villares (1982), a mobilidade social e xeográfica foi limitada —especialmente a social— e, nun mundo en que a inmensa maioría da poboación tiña un nulo contacto co ensino e coas letras, as relacións de case todos os administrados coa administración, cando necesarias, facíanse a través de intermediarios con competencia tanto na dominada lingua do pobo coma no castelán de escribáns, avogados, xuíces, clérigos, nobres ou gobernantes; como consecuencia de todo isto, houbo neste tempo unha práctica inexistencia de estí-

<sup>1</sup> Como textos de referencia sobre a historia de Galicia véxanse, entre outros, Carballo *et alii* (1993), Rodríguez Iglesias (1991-2014) e Villares (2004). Sobre a historia da lingua galega cf. Mariño Paz (1998, 2008) e Monteagudo (1999).

mulos e de medios que puidesen promover unha aprendizaxe e unha utilización cotiá do castelán entre masas amplas das camadas máis desfavorecidas, que, asentadas en numerosos, pequenos e dispersos núcleos de poboación, constituían a inmensa maioría do corpo social da Galicia da época.

Desde finais do século XVIII foron empezando a aflorar indicios que anunciaban a apertura dun ciclo histórico radicalmente diferente e, ademais, a ruptura da perdurable estabilidade social e cultural anterior. A Ilustración francesa sentou naquel século XVIII as bases ideolóxicas que sostiveron o estalido dunha revolución social e política (1789) cuxos ecos non tardarían en chegar ao reino de España, que durante todo o XIX viviu unha prolongada tensión entre os partidarios de manter o Antigo Réxime (os absolutistas e os carlistas) e os convencidos da necesidade de instaurar un novo sistema político baseado no constitucionalismo e na abolición da monarquía absoluta. O moderno estado español que, tras o falido intento das Cortes de Cádiz, empezou a deseñarse e organizarse a partir de 1833 non tardou en comezar a segregar unha clase funcional que nas cidades galegas se converteu en adaíl e orgullosa usuaria do único idioma que nas súas accións oficiais utilizaba o aparato gobernativo, legislativo e xudicial. Da man da burguesía vilega e urbana, en moitos casos foránea, dos últimos representantes das vellas castes fidalgas, da clerecía máis podente ou dos círculos de profesionais liberais con considerables ingresos económicos (médicos, notarios, avogados...), eses funcionarios do estado moderno constituíron unha parte senlleira dunha elite social acomodada que no oitocentos deixou de lles transmitir o idioma galego aos seus fillos. Ao mesmo tempo, un medio rural atrasado e pexado por trabas de todo tipo que lle impedían a modernización foi expulsando o seu excedente demográfico desde a segunda metade do século XVIII, dando paso no XIX, no XX e no XXI á emigración permanente de moitos centos de miles de galegos que en numerosos casos, establecidos nunha sociedade distinta daquela que os vira nacer, tamén deixaron de lles transmitir a lingua galega aos seus descendentes.

O loable empeño de levar o ensino primario a todos os nenos, concibido e posto en marcha a mediados do XIX (Ley de Instrucción Pública de 1857, tamén coñecida como “Ley Moyano”), non reservou ningún espazo docente para as linguas do reino distintas do castelán, de modo que, a pesar das grandes demoras e da penuria de medios materiais e humanos con que foi sendo executada, esa escolarización actuou en Galicia como un renovado e potente axente denigrador da

lingua galega. A culminación deste longo proceso coa universalización do ensino primario na Galicia de arredor de 1970 veu acompañada dunha desagrarización e unha urbanización abruptas e dunha rápida expansión de medios de comunicación de masas que emitían única ou moi maioritariamente en castelán: a radio desde a década de 1930; a televisión desde a de 1950, coa aparición da Compañía de Radio-Televisión de Galicia nos anos oitenta e o vertixinoso aumento da oferta en castelán de 1990 en diante; os computadores e Internet a partir da de 1980. O cinema sonoro chegou á nosa terra en 1930, e desde entón foi enchendo as horas de ocio dun número crecente de galegos con películas que só como rarísima excepción se exhibiron e exhiben nas nosas salas en idioma galego. Nos primeiros anos do século XXI a vida diaria de centos de miles de galegos, coma a de millóns e millóns de persoas de todo o mundo, xa non se concibe sen o concurso dos teléfonos intelixentes e outros aparellos electrónicos nos que non sempre é posible contar con sistemas e recursos ofrecidos en lingua galega.

Como resposta a estas dinámicas desgaleguizadoras, a sociedade galega segregou desde mediados do XIX unha resposta galeguista que durante moito tempo foi sostida basicamente por elites intelectuais e só desde as décadas de 1960 e 1970 pasou a ser defendida por organizacións políticas e sindicais de masas ou que aspiraban a ser de masas. En materia lingüística, o galeguismo propulsou o detemento do proceso de abandono da lingua galega, a súa dignificación, a ampliación do seu abano de funcións formais (a literatura nos seus distintos xéneros, o ensaio, o xornalismo, o uso oficial por parte das institucións do estado<sup>2</sup>) e, finalmente, a rexeneración e a posta a punto que lle permitisen realizar convenientemente todas esas funcións. Desde Sarmiento no XVIII e desde o Rexurdimento no XIX, este proceso de elaboración formal da lingua galega estivo e está animado por un purismo que non deixa de opoñer obstáculos á crecente enxurrada castellanizadora, tanto na lingua escrita coma na lingua oral.

É obvio que estas potentes dinámicas sociais e políticas que arrancaron a finais do setecentos non puideron deixar de producir unha aceleración do ritmo con que o cambio lingüístico viñera operando no idioma galego durante séculos. Por unha

---

<sup>2</sup> A declaración da lingua galega como idioma cooficial de Galicia xa figuraba no Estatuto de Autonomía referendado plebiscitariamente o 28 de xuño de 1936 pero abortado pola rebelión militar do 18 de xullo seguinte. Esa declaración non chegou a facerse efectiva ata a aprobación do Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981, actualmente en vigor.

parte, colleu pulo a tendencia a favorecer o préstamo castelanizante ou a impulsar as variantes coincidentes coas propias do castelán no caso de distintas variables de longo percorrido diacrónico que tiñan as súas orixes séculos atrás; así, por exemplo, mentres que entre o vocabulario básico foron inzando desde o século XIX os castelanismos utilizados para designar os días da semana (*lunes, miércoles, jueves, viernes*), os meses do ano (*junio, julio...*), certas partes do corpo (*riñón, rodilla, tobillo...*) ou certos elementos da paisaxe urbana ou da gobernación do territorio (*acera, ayuntamiento...*), no caso de variables como as de *animás/animales, cantabamos/cantábamos* ou *mércores/corta feira* coñeceron unha rápida expansión as variantes coincidentes coas do castelán ou as máis semellantes a elas: *animales, cantábamos, mércores* ou *miércoles*. Mais, por outro lado, a resposta purista do galeguismo sostivo durante décadas unha dinámica descastelanizadora ben patente no cultivo escrito do galego desde a obra de Sarmiento e desde o Rexurdimento, unha dinámica que na fase histórica en que hoxe estamos, a fase estandarizadora nacida coa Autonomía e a declaración de cooficialidade de 1981, vai impulsando cambios irradiados desde arriba, é dicir, desde as institucións encargadas de deseñar e propagar a variedade estándar: é o caso dos plurais do tipo de *animais* para as palabras polisílabas e agudas que terminan en /l/ no singular, de *concello* en lugar de *axuntamento*, de *xoves* por *jueves*, de *vai traballar* en vez de *vai a traballar*, etc.

Podemos dicir, daquela, que desde hai uns cento cincuenta anos para acó existe en Galicia un potente axente creador de innovacións lingüísticas que resulta da coexistencia dun intenso e crecente contacto lingüístico galego-castelán coa réplica purista e descastelanizante do galeguismo. Ademais, neste escenario irrompeu como poderoso factor coadxuvante a apertura a outros idiomas debida á aparición dos medios de comunicación de masas e a un gran aumento da mobilidade xeográfica das persoas. Xunto a isto, neste tempo foron xurdindo potentísimos axentes difusores das innovacións lingüísticas, proporcionados tanto pola revolución tecnolóxica das telecomunicacións e dos medios audiovisuais (radio, televisión, Internet, cinema...) como polo gran salto adiante que se deu no campo do transporte terrestre, marítimo e aéreo (estradas e camiños de ferro, trens, barcos moito máis velozes e capaces, automóviles, avións).

5. Non encontro ningún indicio que me faga pensar que para a gran maioría dos galegofalantes do século XV estivesen operativos poderosos estímulos que



promovesen entre eles dinámicas de notable aceleración dos procesos de creación e difusión de innovacións lingüísticas. Desde logo, é posible que acontecementos como as guerras irmandiñas avivasen o contacto entre falantes de distintas variedades diatópicas ou incluso diastráticas, con activación dos préstamos interdialectais ou doutro tipo de mudanzas, mais a día de hoxe isto non deixa de ser unha hipótese orfa de estudos que a poidan confirmar. En todo caso, paréceme sensato supoñer que a maioría dos galegos de a pé daquel tempo viviría en gran medida allea ás dinámicas de mudanza política e sociolingüística de alta voltaxe que si se estaban a dar entón entre as elites.

En efecto, desde o triunfo trastamarista na guerra civil pola coroa de Castela que se librou na segunda metade do século XIV cobrou máis frecuencia unha práctica que xa tiña as súas raíces máis atrás, polo menos no tempo da unión dos reinos de Galicia, León e Castela en 1230. Refírome á chegada a Galicia de aristócratas foráneos, eclesiásticos e laicos, que, chamados a gobernar neste territorio, viñan acompañados de séquitos que con certeza conformarían relevantes grupos de poder que irían inoculando estímulos castelanizantes entre os aristócratas galegos máis en contacto con eles. Os coñecementos de que hoxe dispoñemos permítennos afirmar que cara ao final do século XV nin os nobres galegos de máis alto rango nin os de condición un pouco máis modesta sentían especial repugnancia por que se empregase o castelán na documentación que eles xeraban. Concorde con isto a ordenanza do gremio de cambiadores de Santiago de Compostela de 1490 na que se estipulaba “que njnguun confrade da dita confraría quando seuer a canbear non posa falar njnguna lenguaje estranjera aynda que a sabea, saluo nosa lyngoage galega, ou castellana (in Villa-Amil y Castro, 1907, 77). Tratábase dunha disposición tomada nun contexto político caracterizado pola rápida consolidación da monarquía absoluta de tendencia centrípeta, pola exaltación do castelán como única lingua vulgar ilustre do reino (a *Gramática castellana* de Nebrija é de 1492) e pola común aceptación dos novos usos lingüísticos entre as elites galegas do momento.

Así mesmo, contamos con incontestables evidencias que para este tempo nos falan dun incremento da influencia castelanizante no sector profesional dos notarios, quer por procederen de fóra, quer por se veren obrigados ou impelidos a un maior e máis asiduo contacto cos textos en castelán, quer por empezaren xa a exercer o seu traballo na lingua da corte. Cómpre considerar que desde 1480 os

notarios de Galicia, coma todos os da Coroa de Castela, tiveron que obter a súa licenza no Real Consello de Toledo, onde con certeza deberían poñer de manifesto, xunto a outros coñecementos, o seu dominio escrito do castelán (cf. Ferro Couselo, 1958). De alí en diante, sen que houbera que ditar ningunha orde que prohibise explicitamente o uso do galego nos documentos, só os notarios máis veteranos de Galicia o irían mantendo no desempeño do seu traballo, mentres que os das novas xeracións empezarían a introducir o castelán. Así as cousas, os relevos xeracionais que se produciron entre 1480 e as décadas seguintes resultaron decisivos, de tal modo que nalgúns escritorios o uso do galego se extinguiu a finais do xv, noutros na primeira década do xvi e só nalgúns deles resistiu ata as décadas de 1520 e 1530.

Neste contexto sociolingüístico, parece sensato presumir que no galego das minorías da época máis en contacto co castelán empezarían a xurdir innovacións que en boa medida serían ignoradas pola gran maioría dos galegofalantes, inserta en dinámicas sociolingüísticas ben diferentes. Para mostralo, nas páxinas seguintes pasarei revista a dous cambios lingüísticos en marcha no galego do século xv. Un deles era sen dúbida común á gran maioría das variedades da lingua daquel tempo; o outro, polo contrario, semellaba estar liderado basicamente por individuos ao servizo da elite gobernante que nos documentos que produciron lle deron un gran pulo a unha variante morfolóxica cuxo emprego implicaba un achegamento da nosa lingua ao castelán.

6. Analizarei, en primeiro lugar, os resultados da desnasalización vocálica naqueles casos que remiten ás primitivas terminacións -ĀNES, -ANĪS, -ĒNES, -ĔNES, -ĪNES, -ŌNES, -ŌNOS, -ŪNES, -ŪNĪS e -ŪNOS<sup>3</sup>. Trátase dunha mudanza en marcha no século xv sobre a que considero pertinente facer as seguintes consideracións:

- a. As fontes medievais conservadas mostran que se actualizaba nun grupo moi numeroso de voces, entre as cales había tanto palabras gramaticais como palabras léxicas comúns ou nomes propios de lugar e de persoa: *acusações, afães, alacrães, alamães, alegações, algũus, arções, auções, bães, beeyções, cabrões, cães, capelães, capões, caruões, catalães, collões, escriuães, fijs, Galiñães, gaudiães, gēerações, Giadães, Goiães, Guimarães, hũus, ladrões, leões, leyrões, leytões, lũes, Mourigães, pães, pœer, Queirugães, quiñões, Ramirães, razões...* A listaxe poderíase prolongar moitísimo máis.

<sup>3</sup> Recupero aquí os datos que presentei en Mariño Paz (2002: 100-103), mais engadindo reflexións novas. Todos os rexistros aducidos neste traballo foron recompilados a través de TMILG.

- b. Da diversidade categorial das palabras afectadas por este proceso dedúcese tamén que é moi probable que o cambio afectase os máis diversos sociolectos da época, xa que todos os falantes, fose cal fose a súa condición social, terían que empregar de continuo nos seus actos comunicativos palabras gramaticais (*algũus, hũus...*), palabras léxicas comúns (*cabrões, cães, lũes, pões, ...*) ou nomes propios de lugar ou de persoa (*Giadães, Goiães...*). Polo mesmo motivo, cabe inferir que o avance das variantes innovadoras estaría a darse tamén en todas as variedades diafásicas da lingua, pois en calquera delas resultarían necesarias e mesmo imprescindibles unha boa parte das palabras en que a innovación se materializaba. Así mesmo, os resultados que para esta variable se observan no galego moderno só se poden explicar se se admite que as distintas variantes tardomedievais con desnasalización vocálica tendían a impoñerse na meirande parte das variedades diatópicas do galego.
- c. As variantes innovadoras da variable non tiñan unha orientación castelaniante, como decontado veremos.
- d. O uso destas variantes innovadoras viña avanzando lentamente na lingua escrita desde o século XIII, como tamén veremos axiña.

Nas táboas 1 e 2 consigno as porcentaxes de uso correspondentes a cada unha das representacións gráficas posibles para esta variable no galego escrito da Idade Media. Esas representacións pódense reducir a tres variantes básicas, aínda que en cada unha delas cabe recoñecer subvariantes:

- a. A variante conservadora, con mantemento do trazo xeral abreviativo indicador de resonancia nasal na lingua escrita. Tiña subvariantes sen e con asimilación vocálica (*-ães, -ões... / -ãas, -õos...*). Estas últimas podían coexistir coas formas con crase vocálica (*-ãs, -õs...*), nas que, se cadra, o trazo xeral abreviativo da lingua escrita funcionaba xa ás veces como indicador de consoante nasal posnuclear.
- b. A variante innovadora 1, sen trazo xeral abreviativo nin consoante nasal na coda silábica, que probablemente deberá interpretarse en moitos casos como representación dun resultado completamente desnasalizado na

lingua oral. Tiña tamén unha subvariante sen asimilación vocálica (-*aes*, -*oes*...) e outra con ela (-*aas*, -*oos*...). As subvariantes con asimilación podían alternar coas que presentaban crase vocálica (-*aas* e -*as*, -*oos* e -*os*...).

- c. A variante innovadora 2, con consoante nasal non abreviada na coda e con ou sen asimilación vocálica: -*aens* ou -*aans*, -*oens* ou -*oons*... As formas asimiladas podían alternar coas variantes con crase: -*aans* ou -*ans*, -*oons* ou -*ons*... É posible que nalgúns casos as variantes gráficas -*ās* ou -*ōs* (ou mesmo -*aās* ou -*oōs*) se correspondesen tamén con solucións con consoante nasal posnuclear na lingua oral.

	CSM	LP	TC	GE	CT	HT	MS	CI
capões	74.5 %	81.5 %	36.5 %	61 %	58 %	58.5 %	17 %	32 %
capōos	21.5 %	11.5 %	46.5 %	37.5 %	39.5 %	37 %	51.25 %	22 %
capoes	2.5 %	1 %	5 %	1 %	1.5 %	3.5 %	19.5 %	0 %
capo(o)s	0.25 %	6 %	9 %	0 %	1 %	0 %	1.25 %	23 %
capōs ou capoōs	1 %	0 %	0.5 %	0 %	0 %	0.5 %	6 %	10 %
capoens ou capo(o)ns	0.25 %	0 %	2.5 %	0.5 %	0 %	0.5 %	5 %	13 %

Táboa 1. Resultados da desnasalización vocálica nas terminacións procedentes de -ĀNES, -ANĪS, -ĒNES, -ĔNES, -ĪNES, -ŌNES, -ŌNOS, -ŪNES, -ŪNĪS e -ŪNOS en textos literarios e historiográficos. As diferentes representacións gráficas posibles na lingua escrita da Idade Media representáanse a través do plural do substantivo *capón*.

	S. XIII (HG-P)	S. XIV (HG-P / CN)	S. XV (HG-P / CN / LNAP)	S. XVI (HG-P)
capões	13.5 %	47.5 % / 13 %	21 % / 14 % / 1 %	0 %
capōos	4 %	15 % / 69.5 %	48 % / 72 % / 50.5 %	25 %
capoes	17 %	8 % / 8.75 %	5.5 % / 2 % / 1.5 %	0 %
capo(o)s	54 %	22.5 % / 8.75 %	14 % / 10 % % / 41.5 %	12.5 %
capōs ou capoōs	4 %	4.5 % / 0 %	8 % / 0 % / 4.5 %	6.25 %
capoens ou capo(o)ns	7.5 %	2.5 % / 0 %	3.5 % / 2 % / 1 %	56.25 %

Táboa 2. Resultados da desnasalización vocálica nas terminacións procedentes de -ĀNES, -ANĪS, -ĒNES, -ĔNES, -ĪNES, -ŌNES, -ŌNOS, -ŪNES, -ŪNĪS e -ŪNOS en textos notariais. As diferentes representacións gráficas posibles na lingua escrita da Idade Media representáanse a través do plural do substantivo *capón*.

En conxunto, os textos notariais revisados móstranse máis receptivos ca os literarios e os historiográficos ás dúas grandes solucións innovadoras, quizais por os notarios estaren en xeral máis distantes do conservadorismo gráfico actuante sobre os escribas dedicados á produción, tradución ou copia de textos literarios ou historiográficos. Canto ás fontes da táboa 1, coído que se aprecia unha suba significativa das dúas grandes opcións innovadoras (filas terceira, cuarta, quinta e sexta) nos textos do século XV, pois representan un 31.75% nos MS e un 46% na CI, cando a porcentaxe máis alta das obras dos séculos XIII e XIV é a da TC, con só un 17%. Así mesmo, débese salientar un incremento significativo da opción ‘vogal + consoante nasal’ (*capoens* ou *capo(o)ns*) nos dous textos non notariais do século XV que revisei, e particularmente na CI, onde representa un 13%; ademais, de considerarmos que as formas gráficas que responden á opción da quinta fila (*capôs* ou *capoôs*) representan tamén unha consoante nasal posnuclear, teríamos finalmente na CI un 23% de casos que responderían a esta solución fonética, é dicir, exactamente a mesma porcentaxe que rexistramos nos resultados desnasalados do tipo de *posisoos* ou *Jajuus*. O incremento das solucións con consoante nasal implosiva en MS e mais en CI encontra a esperable correspondencia no que observamos nos textos notariais do século XVI, aínda que cómpre facer a advertencia de que a porcentaxe dos casos con consoante nasal posnuclear non abreviada rexistrados para estes (un 56.25%) está calculada sobre un total de só 16 ocorrencias, das que presentan o grupo consonántico <-ns> 9 (das que 8 se concentran nun documento pontevedrés de 1506). Sen dúbida, todas estas cifras responden, só aproximativamente, ao progreso destas variantes innovadoras durante a recta final da Idade Media.

Os testemuños que transparentan ou prefiguran as solucións básicas do galego moderno aparecen xa en textos do século XIII, mais experimentan un moderado incremento nas fontes do XIV e do XV, nomeadamente nas notariais e mais en MS e CI. Vemos completa desnasalización en *algúús* (ano 1281) ou *húús* (ano 1288), rexistrados en HG-P; en *alguus*, *bees* < BĒNES ou *paas* < PANES, de TC; etc. Os testemuños máis antigos do grupo consonántico <-ns> non abreviado en posición final de palabra datan xa, polo menos, da segunda metade do século XIII: *bēens* (CSM 383.52)<sup>4</sup>, *alfonsijns* (HG-P, ano 1282, A Coruña), *beens* (HG-P, ano 1292, Monte-

<sup>4</sup> Tamén aparece o grupo <-ns> non abreviado en *mantéens* (DG-P12-13, ano 1257, p. 83), cuxo étimo (< lat. MANTĒLES) non contiña consoante nasal. Así mesmo, aparece no topónimo *Seixons* (CSM 41.6, 61.6), galeguización do francés *Soissons*.

rrei), *bens* (HG-P, ano 1296, Tebra), *alffonsíjns* (HG-P, ano 1300, Sobrado). De aquí en diante o seu número vai en aumento, con significativos progresos nos séculos XV e XVI: *arafeens* (TC), *condiçons* (HG-P, ano 1453, Lourenzá), *fijns* (GE), *floríns* (LNAP), *matiins* (MS), *pellegrijns* (CI), *sazõons* (HG-P, ano 1506, Pontevedra), etc.

7. Reparemos agora no que as fontes medievais nos ensinan sobre a variable conformada polas variantes medievais do sufixo galego proveniente do latino -BĪLIS<sup>5</sup>. Os catro trazos básicos que antes sinei para a variable dos resultados das terminacións -ĀNES, -ANĪS, etc. teñen agora o seu reverso nestoutra mudanza lingüística:

- a. Actualizábase nun grupo moi restrito de voces. Non había entre elas nin palabras gramaticais nin nomes propios de persoa ou de lugar, pois só se daba en adxectivos inscritos maioritariamente en campos semánticos ligados á prosa documental ou xurídica. É por isto que dos 683 rexistros que recolectei para ela só 1 (o 0.15%) procede de textos poéticos (dunha cantiga de Estevan da Guarda: “quant’ei na terra, móvil e raiz”), mentres que 81 proveñen da prosa non documental (o 11.85%) e 601 (o 88.00%) da prosa documental. Os 81 rexistros da prosa non documental correspóndense con só doce adxectivos distintos, algúns deles usados con notable frecuencia<sup>6</sup>: *apraziúele*, *conuiniúil*, *corretível*, *duráuil*, *espantávele*, *estáuel*, *incorretível*, *jnvisíbele*, *morávelles*, *móuel*, *perduráuel* e *semelláuel*. Na prosa documental as 601 ocorrencias correspondéronse con só vinte e catro adxectivos distintos: *aborreçíbelle*, *agradable*, *amigáuel*, *benerable*, *comunável*, *conuiniúel*, *conçelláuel*, *enperduráuil*, *enposíuele*, *estáuel*, *faboráuel*, *finçable*, *inmóuel*, *miserable*, *móuel*, *paçtuile*, *perduráuel*, *postúele*, *rasonáuel*, *revocáuel*, *semelláuel*, *suçsíuelle*, *usáuel* e *yrreucable*.
- b. Infírese do anterior que unha boa parte das voces en que este estado de variación se daba serían empregadas preferentemente por falantes con formación escrituraria e nivel cultural medio ou alto. Moitos deles serían individuos pertencentes a círculos sociais e profesionais con contacto asiduo co castelán (notarios, escribáns, administradores...). Canto á variación

<sup>5</sup> Nesta epígrafe retomo o que expuxen en Mariño Paz (2005), mais engado os datos tomados agora da *Crónica de 1404* (C1404) e tamén algunhas reflexións novas.

<sup>6</sup> Non considero, obviamente, as variantes gráficas e fonéticas de cada un.

diafásica, parece claro que o escenario en que preferentemente se daría este proceso de mudanza sería o conformado polos estilos de lingua máis formais, e nomeadamente os do tecnolecto administrativo ou notarial, pois unha boa parte das palabras afectadas serían raras ou innecesarias nas variedades coloquiais. Finalmente, o feito de que as variantes en liza tivesen carácter semiculto (*-vel(e)* ou *-vil(e)*) ou castelanizante (*-ble*) invita a pensar que non presentarían distribución diatópica, senón só un uso determinado por factores sociais e contextuais.

- c. A variante que gaña extraordinariamente en frecuencia de uso nos textos escritos a partir do ecuador do século xv (*-ble*) propiciaba unha aproximación ao castelán. Podemos dicir, daquela, que a liña evolutiva desta variable tomou entón unha orientación castelanizante, pois, aínda que a variante *-ble* puidese ser xerada autonomamente polos galegofalantes, representaba unha opción a prol da solución coincidente coa propia do castelán.
- d. Neste caso non se veu dando un lento avance da variante *-ble* desde as fontes do século XIII, senón un abrupto salto adiante dela na prosa notarial producida a partir de 1450.

As solucións en xogo para a expresión desta variable no galego medieval eran basicamente de dous tipos<sup>7</sup>:

- a. Sen síncope da vogal postónica: *-vele*, *-vel*, *-vile*, *-vil* no singular e *-veles*, *-viles* (ou *-vilis*), *-vêës*, *-vijs* no plural.
- b. Con síncope da vogal postónica: *-ble* (ou *-bre*) no singular e *-bles* (ou *-bres*) no plural.

Para empezar, cómpre lembrar que, fronte a áreas como a romanese, a retorrománica oriental e máis a italiana centromeridional, que non ultrapasaron os niveis que a síncope de vogais postónicas atinxira no latín tardío, os dominios noritalianos, retorrománicos occidentais, galorrománicos e iberorrománicos entenderon esa síncope a distintos contextos, coas correspondentes acomodacións das estruturas silábicas cando estas se fixeron necesarias. As fontes galegas medievais amosan que o noso romance participou desta maior apertura á síncope de

<sup>7</sup> Nesta presentación fago caso omiso de toda a variación gráfica posible: <u / v / b>, <i / j / y> e <l / ll>.

postónicas propia da Romanía occidental, aínda que non sen acusar en bastantes casos a competencia das variantes non sincopadas. Con todo, nalgúñas voces o galego e o portugués destacáronse fronte ao castelán pola conservación das vogais postónicas: BĪBĪTU > *bévedo* (castelán *beodo*), CŪBĪTU > *cóuedo* (castelán *codo*), DĒBĪTU *déuedo* (castelán *deudo*), etc. De par disto, cómpre recordar que sufixos como os descendentes dos latinos -ĀTICUM e -BĪLIS tamén mantiveron comunmente a vogal postónica en galego (-*ádego*, -*ádigo* / -*ável(e)* ou -*ível(e)*, -*ávil(e)* ou -*ívil(e)*), probablemente por recibiren un tratamento semiculto. No entanto, nos nosos textos medievais o sufixo herdeiro do -BĪLIS latino tamén se presenta por veces cunha fisonomía provocada pola síncope da vogal postónica non final (-*able* ou -*ible*) que, se rara e infrecuentísima ata 1400 ou incluso 1450, gañou moitísima frecuencia de uso nas fontes escritas a partir de entón.

	FD	FR	TPb	TP2	GTL	TC	GE	CT	SAS	HT	MS	C1404 <sup>8</sup>	TA	CI
vel	3	1	1		1			1			1	4	12	
vele		1	3				3		1	1	12	2		
vil	1			6		4 <sup>9</sup>							2	
vile						1								
ble												1		
bre			1											

Táboa 3. Resultados do sufixo -BĪLIS na prosa non notarial. Número de ocorrencias de cada variante do sufixo. Número singular.

	FD	FR	TPb	TP2	GTL	TC	GE	CT	HT	MS	C1404	TA	CI
veles		1					1		1		3	4	1
viles (vilis)						2						2	
vijs						1						2	
bles													
bres													

Táboa 4. Resultados do sufixo -BĪLIS na prosa non notarial. Número de ocorrencias de cada variante do sufixo. Número plural.

<sup>8</sup> Como xa advertiu Pérez Pascual (1991: 208), nesta obra en galego e castelán as variantes deste sufixo con mantemento da vogal postónica interna chegan a infiltrarse na parte escrita en castelán, na que se len, ademais de *semejables*, *espantávell*, *espantívell*, *mirábile*, *semejábelle* e *semellavelle*.

<sup>9</sup> Aos casos de *durauil* (p. 893), *perdurauil* (p. 896) e *perdurauill* (p. 896), súmolle o de *conuenibil*, que se encontra no manuscrito A1 84, n. 27, de TC no canto do *cóuiniente* que na mesma pasaxe se le en A.



Na táboa 3 pódese comprobar como no número singular o triunfo das variantes sen síncope da vogal postónica interna na prosa non notarial é case absoluto, con contadas excepcións. Dun total de 63 ocorrencias, 61 (o 96.80%) son de *-vel(e)* ou *-vil(e)* e só 2 de *-ble* ou *-bre*<sup>10</sup>. No plural (táboa 4) só localicei solucións con mantemento da vogal postónica interna. Que estas eran percibidas polos letrados da época como as correspondencias galegas do castelán *-ble(s)* é o que indican, certamente, as decisións tomadas polos tradutores ao galego de TC e GE cando topaban cun adxectivo castelán derivado co sufixo *-ble*. Repárese, en primeiro lugar, nos seguintes casos de TC (1295-1312)<sup>11</sup>:

Et foy comprido o termjno de sua vida, et que era chegada a ora da (sua) *durauil* (TC, p. 893; castelán: “de la durable”).

Deschime uida, esta nõ *dura[ui]lle*, quanta foy teu plazer (TC, p. 895; castelán: “durable”).

Auer as outras do rreyno *perdurauil* (TC, p. 897; castelán: “perdurable”).

Uaamosnos para as gentes *perdurauilles* (TC, p. 656; castelán: “p. la vida perdurable”).

E obsérvese tamén, na táboa 5, cales foron as decisións tomadas ao respecto polo responsable ou os responsables da elaboración da versión galega da *General Estoria* de Afonso X a mediados do século XIV:

Geral Estoria (GE)	General Estoria
Et Nod, segundo os Despoemētos dos nomēes propios que som ñna Biblia, quer [tanto] dizer em nosa lyngagē cōmo cousa que nõ he <i>estabele</i> et que nõ esta queda (p. 12).	E Nod segund los Esonimientos de los nombres propios que son en la Biblia, quiere dezir en el language de Castiella tanto como cosa que non es <i>estable</i> o que non está queda (vol. 1, pp. 18-19).
Et chamarō por ende a Caym, Caym Nod, et quer dizer tanto cōmo Caym [movediço], ou nõ <i>estabele</i> , et a essa terra esto diserō outrozy (p. 13).	E llamaron a Caím por ende Caím Nod. E quiere dezir tanto como Caím movedizo o non <i>estable</i> , e a essa tierra otrossí (vol. 1, p. 13).
Et partio Abraã em sua vida os [bñes] <i>moueles</i> et rrayzes ontre Ysáac et os outros fillos (p. 240).	E partió Abraham en su vida sus bienes, <i>mueble</i> e raíz, entre Isaac e los otros hijos (vol. 1, p. 295).
Nos nõ avemos a aver nada do <i>mouele</i> nē da erdade de noso padre (p. 293).	Nós non avemos a aver nada del <i>mueble</i> nin de la herdad de nuestro padre (vol. 1, p. 295).

Táboa 5. Tradución ao galego dos adxectivos derivados con *-ble* na *General Estoria*<sup>12</sup>.

<sup>10</sup> Ademais, a de *-bre* aparece nun texto cuxa edición debería revisarse.

<sup>11</sup> Nestes exemplos a versión do texto castelán tomeina do aparato crítico de TC.

<sup>12</sup> Os fragmentos do texto castelán están tomados de Alfonso X el Sabio (2001).

Canto á prosa notarial que foi explorada para a realización deste traballo (táboas 6 e 7), é patente que as distintas variantes singulares e plurais<sup>13</sup> con mantemento da vogal postónica (*-vel, -vele, -vil, -vile* / *-veles, -viles* ou *-vilis, -vijs, -vêës*) só debeñen minoritarias nos documentos de 1451 a 1520, onde constitúen ao redor do 27% dos rexistros (38 casos dun total de 141). Trátase dun descenso de frecuencia moi abrupto, pois, se tales variantes cobren o 95% dos casos nos instrumentos de 1251 a 1300, o 99.50% nos de 1301 a 1350 e o 95.50% nos de 1351 a 1400, aínda supoñen o 86.50% nos de 1401 a 1450.

	1251-1300	1301-1350	1351-1400	1401-1450	1451-1520
	PNN   PN	PNN   PN	PNN   PN	PNN   PN	PNN   PN
vel	--   8	6   52	1   28	17   25	0   11
vele	--   0	8   3	1   0	14   17	0   8
vil	--   55	5   59	6   22	2   0	0   1
vile	--   0	1   3	0   2	0   1	0   2
ble	--   2	0   1	0   0	1   12	0   33
bre	--   0	1   0	0   0	0   0	0   0

Táboa 6. Cadro comparativo dos usos das variantes con e sen mantemento da vogal postónica interna na prosa non notarial<sup>14</sup> (PNN) e na prosa notarial (PN). Número singular.

Pola súa parte, a variante *-ble(s)/-bre(s)* revélase como minoritaria e fundamentalmente tardía. As súas 131 ocorrencias supoñen só o 22% do total de 601, aproximadamente. Arredor do 78.75 % de tales 131 ocorrencias (exactamente, 103) encóntrase en instrumentos notariais labrados entre 1451 e 1520 en diferentes coleccións documentais (FDUSC, HG-P, LNAP, MSMFP, PSVD, SVP, VFD...), e aproximadamente o 14.50% (19 casos) está contido en documentos elaborados de 1401 a 1450. Isto significa que ao redor do 93.25 % dos rexistros de *-ble(s)*

<sup>13</sup> Obsérvese que nas fontes notariais examinadas as formas de plural con perda de // intervocálico son soamente 3 de 173 casos posibles (1.73%). Parece evidente que con este sufixo, presente en adxectivos de entrada no idioma en xeral tardía, preponderaron os tratamentos cultos ou semicultos.

<sup>14</sup> Para moitas das obras de prosa non notarial aquí exploradas non contamos cunha datación exacta: GE, por exemplo, parece poder situarse a mediados do século XIV (cf. Pichel Gotérrez 2012, 2013, 2014), mais é comprometido decidir se antes ou despois de 1350. En todo caso, para os efectos prácticos da elaboración das táboas 6 e 7, e sen ningún outro tipo de implicación, realiceí os seguintes agrupamentos cronolóxicos: 1) 1301-1350: FD, FR, TPb, GTL, SAS, TC, GE; 2) 1351-1400: TP2, CT, HT; 3) 1401-1450: MS, TA; 4) 1451-1520: CI. Coido que esta intervención non distorsiona máis ca en moi leve medida os resultados desta análise.

neste tipo de xénero discursivo pertence a textos do século xv ou dos inicios do xvi. Por tanto, nas fontes anteriores a 1401 que para este traballo revisei o uso da variante *-ble(s)* pode calificarse de residual: 4 casos de 1251 a 1300<sup>15</sup>, 1 de 1301 a 1350<sup>16</sup> e 4 de 1351 a 1400<sup>17</sup>.

	1251-1300	1301-1350	1351-1400	1401-1450	1451-1520
	PNN   PN	PNN   PN	PNN   PN	PNN   PN	PNN   PN
veles	--   3	2   21	1   14	7   74	1   16
viles (vilis)	--   12	2   10	0   16	2   4	0   0
vijjs	--   0	1   2	0   0	2   0	0   0
vēēs	--   0	0   1	0   0	0   0	0   0
bles	--   2	0   0	0   4	0   7	0   70

Táboa 7. Cadro comparativo dos usos das variantes con e sen mantemento da vogal postónica interna na prosa non notarial (PNN) e na prosa notarial (PN). Número plural.

A meu parecer, non se pode desconectar este carácter tardío da fulgurante alza da frecuencia de uso da variante *-ble(s)* da paulatina intensificación da apertura ao castelán que se vai observando nos nosos instrumentos notariais conforme avanza o catrocentos. En efecto, nos documentos posteriores a 1450 van adquirindo frecuencia, e nalgúns casos mesmo certa normalidade de uso, castelanismos lexicais como *abad*, *cabildo*, *canonigo*, *fasta*, *feligresía*, *según*, *sepan*, *testimonio*, *testigo*, *yguala*, *yuso*, etc.; obsérvese que entre estes castelanismos figuran xa palabras gramaticais como *fasta* ou *según*. É doado comprobar esta castelanización nas pezas máis serodias de FDUSC, HG-P, MSCDR, MSMFP, PSVD, SVP ou VFD, en moitas das cales comparece a variante *-ble(s)* do sufixo que aquí estou a estudar. Entrando na recta final do século xv, cada vez é menos raro atopar tamén, en documentos con uso de *-ble(s)*, fragmentos enteiros en castelán (por exemplo, no MSCDR, doc. 631, ano 1496), ou sintagmas formularios evidentemente tomados da lingua da corte como “escruiano del Rey e Reyna nuestros señores” (SVP, doc. 267,

<sup>15</sup> As seguintes: *mobles* (VFD, I, p. 24, ano 1265, 2 veces), *moble* (HG-P, p. 206, ano 1296), *muble* (MSMFP, p. 56, anos 1270-1324). Adscribo este rexistro de *muble* á segunda metade do século XIII, mais admito que podería ser dos inicios do XIV.

<sup>16</sup> Trátase de *estable* (VFD, I, p. 70, ano 1314; CDMO, III, p. 21, ano 1314). Na realidade é a mesma ocorrencia, pois TMILG ofréccea en dúas edicións distintas do mesmo documento.

<sup>17</sup> Trátase de *conuenibles* (SVP, p. 110, ano 1394, 2 veces) e *mobles* (SHIG, p. 99, ano 1385; FDUSC, p. 259, ano 1386).

ano 1488), “del Consejo del Rey e de la Reyna, nuestros señores” (VFD, I, doc. 107, ano 1489) ou “firmó aquí de su nombre, como testigo” (VFD, I, doc. 123, ano 1520). Hai tamén algún documento tardío con notable nivel de hibridismo galego-castelán e emprego de *-ble(s)* (por exemplo, MSMFP, doc. 220, ano 1515).

No Libro de Notas de Álvaro Pérez de 1457, onde se emprega exclusivamente a variante *-ble(s)*, abundan castelanismos lexicais como *semejable* (LNAP, 1158) e bastantes máis que se poden adscribir ás esferas do vocabulario xurídico-administrativo (*avenjr, cōuenjr, bachiller, bjē* ‘propiedade’, *debdā, debdor, enagenar, jncurrir, perteneçia, poseer, rrēta, testigo, vēta...*), á dos substantivos con que se designan os cargos ou oficios eclesiásticos (*arçidiano, arçobispo, canónjgo, frayles...*) e mesmo ao léxico común (*cādado, carmenador* ‘carmeador, o que lima e desenreda a lá’, *delante, menester, merçed, serujdūbre, setiēbro, señal, venjr...*) e ao grupo das palabras gramaticais (*abuūque, fasta, segūu*). Son tamén moi reveladoras certas locucións adverbiais que se tomaron do formulario castelán sen ningún tipo de adaptación: *de llano en llano* ‘verdadeiramente’, *en manos (e poder) de, por menudo*. Do castelán procede tamén, como e obvio, o sufixo *-ill(as)* de *çentillas* ‘cintiñas’ (LNAP, 1734).

Dedúcese da exposición anterior que o gran salto adiante no uso da variante *-ble* deste sufixo nas nosas fontes medievais é un feito tardío, posterior a 1450, e intimamente ligado á prosa notarial.

8. Nas páxinas anteriores pasamos revista aos principais trazos caracterizados de dúas mudanzas en curso no galego do século xv. Creo que a miña exposición revelou que se trataba de dous procesos netamente diferentes cando menos polas seguintes razóns:

- a. O primeiro dos dous cambios aquí analizados actualizábase nun grupo moi numeroso de voces, entres as cales había tanto palabras gramaticais como palabras léxicas comúns ou nomes propios de lugar e de persoa. Polo contrario, o segundo só se daba en adxectivos inscritos maioritariamente en campos semánticos moi ligados á prosa documental ou xurídica.
- b. O tipo e o número de palabras afectadas en cada caso invitan tamén a supoñer que, mentres que o primeiro dos cambios analizados debía de afectar o conxunto da comunidade galegofalante, o segundo debía de tender a circunscribirse aos sociolectos de individuos con formación escrituraria e nivel

cultural medio ou alto. Eses mesmos indicios inclínanme a pensar que, en tanto que a desnasalización dos resultados de -ĀNES, -ANĪS... se desenvolvería con semellante intensidade en calquera estilo de lingua oral ou escrita, a case súbita preferencia catrocentista pola variante sufixal *-ble* afectaría preponderantemente os estilos formais e, con particular intensidade, a prosa administrativa. Finalmente, os datos da dialectoloxía moderna invitan a supoñer unha distribución diatópica para as principais opcións innovadoras na primeira das variables estudadas, mentres que o carácter culto ou castelanizante das variantes do sufixo proveniente de -BĪLIS fai pensar que, coma hoxe, *-vel* e *-ble* non coñecerían daquela unha repartición xeolectal, senón soamente social e/ou contextual.

- c. Ao paso que o primeiro cambio non tiña unha orientación castelanizante, o segundo si.
- d. Mentres que para a primeira variable examinada observamos un lento avance das variantes innovadoras desde as fontes do século XIII ata as do XVI, para a segunda detectamos unha abrupta e ostensible preferencia pola variante *-ble* só a partir de 1450 e só na prosa notarial.

Ao meu modo de ver, o primeiro destes dous cambios en curso no galego do século XV responde, en esencia, ao que Labov denominou cambio desde abaixo, mentres que o segundo se presenta, basicamente, como o que o mesmo investigador catalogou como cambio desde arriba. Téñase en conta que, na coñecida formulación laboviana, os adverbios *arriba* e *abaixo* fan referencia tanto a posicións dentro da xerarquía socioeconómica como a niveis de consciencia social sobre a mudanza en marcha:

“Arriba” y “abajo” se refiere aquí simultáneamente a niveles de consciencia social y a posiciones dentro de la jerarquía socioeconómica. Los *cambios desde arriba* los introduce la clase social dominante, frecuentemente con plena consciencia pública. Normalmente, representan préstamos de otras comunidades de habla que tienen mayor prestigio a ojos de la clase dominante. Esos préstamos no afectan inmediatamente los patrones propios corrientes de la clase dominante o de otra clase social, pero aparecen ante todo en habla cuidada, reflejando un dialecto superpuesto aprendido después de que el propio corriente se adquiriera. [...]

Los *cambios desde abajo* son cambios sistemáticos que aparecen primero en el lenguaje corriente propio, y representan la acción de factores internos, lingüísticos. Al principio, y a través de la mayor parte de su evolución, están completamente por debajo del nivel de conciencia social. Nadie los advierte o habla de ellos, e incluso observadores preparados fonéticamente pueden ser bastante inconscientes de ellos durante años. Sólo cuando los cambios están cerca de la conclusión los miembros de la comunidad se hacen conscientes de ellos. Los cambios desde abajo pueden ser introducidos por cualquier clase social, aunque no se han registrado casos en que el grupo social de más alto estatus actúe como el grupo innovador (Labov, 1996, I, 145-146).

A hipótese de que se tratase de innovacións afloradas desde abaixo no nivel de conciencia social cadra ben co feito de que, aínda que as variantes con desnasalización vocálica procedentes de -ĀNES, -ANĪS... xa se coñecesen no galego do século XIII, tivesen moi baixos índices de representación gráfica ata o final do período medieval. Tratábase, con certeza, dun cambio xurdido pola “acción de factores internos” que durante moito tempo, a pesar de ir progresando en todo tipo de xeolectos, sociolectos e estilos, debeu de pasar desapercibido para a gran maioría da comunidade galegófona. Polo contrario, a introdución da variante *-ble* desde arriba e con “con plena conciencia pública” casa ben coa súa fulgurante irrupción na prosa notarial escrita a partir de 1450 e coa súa innegable orientación castellanizante. En todo caso, esta visión de *-ble* como variante promovida desde arriba debe inclinarnos a pensar que, cando se fala de cambios castellanizantes visibles nas fontes escritas en galego no último treito medieval, non hai que esquecer que tales fontes eran producidas por unhas elites instaladas en pequenos redutos sociais en que o contacto co castelán escrito e falado empezaba a facerse frecuente. Pola súa parte, a inmensa maioría dos galegofalantes da época, allea ás dinámicas sociolingüísticas en que esas elites estaban inmersas, vivía con certeza moi distanciada de tales presións castellanizantes.

## **FONTES EXPLORADAS (APUD. TMILG)**

C1404: J. I. Pérez Pascual (1990): *La crónica de 1404. Edición y estudio*. Tesis de doctorado (inédita), Salamanca, Universidad de Salamanca.

CDMO: M. Romani Martínez (ed.) (1989-1993): *La colección diplomática de Santa María de Oseira (1025-1310)*. 3 vols. [vols. 1 e 2: 1989; vol. 3: 1993], Santiago de Compostela, Tórculo Edicións.

- CGC: R. Polín (ed.) (1997): *Cancioneiro galego-castelán (1350-1450). Corpus lírico da decadencia*, Sada / A Coruña, Edicións do Castro.
- CI: R. Vasquez (2001): *Crónica de Santa Maria de Íria*. Estudo e edición de José Antonio Souto Cabo, Santiago de Compostela, Cabido da S.A.M.I. Catedral / Seminario de Estudos Galegos / Edicións do Castro.
- CN: M. C. Barreiro García (1995): *A documentación notarial do concello de Noia (séculos XIV-XVI). Lectura, edición e léxico*. Tese de doutoramento (inédita), Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.
- CSM: W. Mettmann (ed.) (1959-72): Alfonso X: *Cantigas de Santa Maria*. 4 vols., Coimbra, Acta Universitatis Conimbrigensis. [Reed.: Vigo, Ed. Xerais de Galicia, 1981 (2 vols.)].
- CT: R. Lorenzo (ed.) (1985): *Crónica Troiana. Introducción e texto*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa.
- CuP: G. Avenzoa (1995): “Atopáronse uns pergamiños... O redescubrimento duns fragmentos en galego das ‘Partidas’”, *Romance Philology* 49, 2, pp. 119-129.
- DG-P12-13: J. A. Souto Cabo (2008): *Documentos galego-portugueses dos séculos XII e XIII*. Monográfico 5 da *Revista Galega de Filoloxía*, A Coruña, Universidade da Coruña.
- FD: “Flores de Dereito”, in J. L. Pensado (ed.) (1974-1975): “Tres fragmentos jurídicos galaicoportugueses”, *Cuadernos de Estudios Gallegos* 29 (87-88-89), pp. 102-129 [texto: pp. 123-128].
- FDUSC: M. X. Justo Martín / M. Lucas Álvarez (1991): *Fontes documentais da Universidade de Santiago de Compostela. Pergameos da serie Bens do Arquivo Histórico Universitario (Anos 1237 / 1537). Edición diplomática*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- FR: “Foro Real”, in J. L. Pensado (ed.) (1974-1975): “Tres fragmentos jurídicos galaicoportugueses”, *Cuadernos de Estudios Gallegos* 29 (87-88-89), pp. 102-129 [texto: pp. 122-123].
- FT: J. L. Pensado Tomé (ed.) (1962): *Fragmento de un “Livro de Tristán” galaico-portugués*, Santiago de Compostela, Consejo Superior de Investigaciones Científicas (Anexo XIV de *Cuadernos de Estudios Gallegos*). Tamén se tivo en conta a edición de P. Lorenzo Gradín / J. A. Souto Cabo (coords.) (2001): *Livro de Tristán e Livro de Merlin. Estudio, edición, notas e glosario*, Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- GE: R. Martínez López (ed.) (1963): *General Estoria. Versión gallega del siglo XIV. Ms. O.I.1. del Escorial*. Edición, introducción lingüística, notas y vocabulario de ---, Oviedo, Publicaciones de *Archivum*, Universidad. Tivéronse en conta as correccións de R. Lorenzo / X. L. Couceiro (1999): “Correccións á edición da *General Estoria* de Ramón Martínez López (I)”, in R. Álvarez / D. Vilavedra (eds.): *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Universidade de Santiago de Compostela, vol. 1, pp. 595-627; e R. Lorenzo / X. L. Couceiro (1999): “Correccións á edición da *General Estoria* de Ramón Martínez López (II)”, in X. L. Couceiro et al. (eds.): *Homenaxe ó profesor Camilo Flores*. Universidade de Santiago de Compostela, vol. 2, pp. 209-233.
- GHCD: A. López Ferreiro (ed.) (1901): *Galicia Histórica. Colección Diplomática*, Santiago de Compostela, Tipografía Galaica.
- GTL: “Glosas de textos legais”, in L.-F. Askins *et alii* (1997): “Novos fragmentos de textos xurídicos galegos (s. XIV)”, *Revista de literatura medieval* 9, pp. 9-43 [texto: pp. 39-41].
- HG-P: C. de Azevedo Maia (1986): *História do Galego-Português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal do século XIII ao século XVI (com referência à situação do galego moderno)*, Coimbra, Instituto Nacional de Investigação Científica.

- HT: R. Pichel Gotérrez (2013): *A Historia Troiana (BMP ms. 558). Edición e estudo histórico-filolóxico*. 2 tomos [Tomo I: Estudo histórico-filolóxico. Tomo II: Edición]. Tese de doutoramento (inédita), Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela
- LCS: Á. Rodríguez González (ed.) (1992): *Libro do Concello de Santiago (1416-1422)*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- LNAP: F. R. Tato Plaza (1999): *Libro de notas de Álvaro Pérez, notario da terra de Rianxo e Postmarcos (1457)*, [Santiago de Compostela], Consello da Cultura Galega / Ilustre Colexio Notarial da Coruña.
- LP: M. Brea López (coord.) (1996): *Lírica profana galego-portuguesa*. Corpus completo das cantigas medievas, con estudo biográfico, análise retórica e bibliografía específica. 2 vols., Santiago de Compostela, Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro.
- MERS: E. Duro Peña (ed.) (1977): *El monasterio de San Esteban de Ribas de Sil*, Ourense, Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijoo.
- MPR: E. Duro Peña (1972): *El monasterio de S. Pedro de Rocas y su colección documental*, Ourense, Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijoo.
- MS: R. Lorenzo (ed.) (2004): *Mirages de Santiago*, Valencia, Scriptorium Ediciones Limitadas.
- MSCDR: M. Lucas Álvarez et alii (eds.) (1996): *El monasterio de San Clodio do Ribeiro en la Edad Media: estudio y documentos*, Sada/A Coruña, Edición do Castro.
- MSMFP: J. I. Fernández de Viana y Vieites (ed.) (1995): *Colección diplomática del monasterio de Santa María de Pantón*, Lugo, Servicio de Publicaciones de la Diputación Provincial de Lugo.
- PSVD: J. L. Novo Cazón (ed.) (1986): *El priorato santiaguista de Vilar de Donas en la Edad Media (1194-1500)*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa.
- SAS: “Sobre a simonía”, in L.-F. Askins et alii (1997): “Novos fragmentos de textos xurídicos galegos (s. XIV)”, *Revista de literatura medieval* 9, pp. 9-43 [texto: pp. 42-43].
- SHIG: A. García y García (DIR. Ed.) (1981): *Synodicum hispanum I. Galicia*, Madrid, Editorial Católica.
- SVP: M. Lucas Álvarez / P. Lucas Domínguez (eds.) (1996): *El priorato benedictino de San Vicenzo de Pombeiro y su colección diplomática en la Edad Media*, Sada / A Coruña, Edición do Castro.
- TA: *Tratado de Albeitaria*. Introducción, transcripción e glosario de José Luis Pensado Tomé. Revisión para a imprenta e edición en apéndice de Gerardo Pérez Barcala, Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2004.
- TC: R. Lorenzo (ed.) (1975/1977): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. Edición crítica anotada, con introducción, índice onomástico y glosario. 2 vols. [vol. 1: Introducción, texto anotado e índice onomástico, 1975; vol. 2: Glosario, 1977]. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijoo.
- TMILG: X. Varela Barreiro (dir.) (2004): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Instituto da Lingua Galega (<http://ilg.usc.es/tmilg/>) [Consulta: outubro e novembro de 2014].
- TPb: Terceira Partida, in E. Oviedo Arce (ed.) (1901): “Fragmento de una versión gallega del Código de Las Partidas de Alfonso el Sabio”, in A. López Ferreiro (ed.): *Galicia Histórica. Colección Diplomática*, Santiago de Compostela, Tipografía Galaica, pp. 104-109.
- TP2: Terceira Partida, in L. - F. Askins et alii (eds.) (1997): “Novos fragmentos de textos xurídicos galegos (s. XIV)”, *Revista de literatura medieval*, IX, pp. 9-43 [texto: pp. 33-39)].
- VFD: X. Ferro Couselo (1967): *A vida e a fala dos devanceiros. Escolma de documentos en galego dos séculos XIII ao XVI*, 2 vols., Vigo, Galaxia. [Ed. facsímil: Vigo, Galaxia, 1996].



## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALFONSO X el Sabio (2001): *General Estoria. Primera parte*. Edición, introducción y aparato crítico de Pedro Sánchez-Prieto Borja. 2 vols., Madrid, Fundación José Antonio de Castro.
- CARBALLO, F. *et alii* (1993): *Historia de Galicia*. 4ª ed., Vigo, A Nosa Terra.
- FERRO COUSELO, X. (1958): “Cómo e por qué os escribanos deixaron de empregar o galego”, in *Homaxe a Ramón Otero Pedrayo no LXX aniversario do seu nacemento*, Vigo, Galaxia, pp. 251-253.
- LABOV, W. (1996): *Principios del cambio lingüístico. Volumen 1: Factores internos*, 2 vols., Madrid, Gredos.
- MARIÑO PAZ, R. (1998): *Historia da lingua galega*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco.
- MARIÑO PAZ, R. (2002): “A desnasalización vocálica no galego medieval”, *Verba* 29, pp. 71-118.
- MARIÑO PAZ, R. (2005): “Forma e función do sufixo *-uel* no galego medieval”, *Cadernos de Lingua* 27, pp. 155-193.
- MARIÑO PAZ, R. (2008): *Historia de la lengua gallega*, München, Lincom Europa.
- MONTEAGUDO, H. (1999): *Historia social da lingua galega. Idioma, sociedade e cultura a través do tempo*, Vigo, Galaxia.
- PENNY, R. (2000): *Variation and Change in Spanish*, Cambridge, Cambridge University Press. [Tradución ao castelán: *Variación y cambio en español*, Madrid, Gredos, 2004].
- PÉREZ PASCUAL, J. I. (1991): “El castellano de la *Crónica General de 1404*”, *Verba* 18, pp. 201-219.
- PICHEL GOTÉRREZ, R. (2012): “A fortuna da *Historia Troiana* petrística (BMP ms. 558). Notas sobre a súa xé-nese, procedencia e vicisitudes”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, 15, pp. 119-130 <[http://dx.doi.org/10.5209/rev\\_MADR.2012.v15.39200](http://dx.doi.org/10.5209/rev_MADR.2012.v15.39200)>.
- PICHEL GOTÉRREZ, R. (2013): *A Historia Troiana (BMP ms. 558). Edición e estudo histórico-filolóxico*. 2 vols. [vol. 1: *Estudo histórico-filolóxico*; vol. 2: *Edición*]. Tese de doutoramento. (inédita) Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.
- PICHEL GOTÉRREZ, R. (2014): “Nuno Freire de Andrade, Mestre de Cristo. Tradición y vínculos de los Andrade con el reino portugués”, *Madrygal. Revista de estudios gallegos*, 17, pp. 99-113 <<http://revistas.ucm.es/index.php/MADR/article/view/45741>>.
- PORTELA, E. / M. C. PALLARES (1997): “Galicia, á marxe do Islam. Continuidade das estruturas organizativas no tránsito á Idade Media”, in G. Pereira-Menaut (coord.): *Galicia fai dous mil anos. O feito diferencial galego. I. Historia*, Santiago de Compostela, Museo do Pobo Galego, vol. 1, pp. 435-458.
- RODRÍGUEZ IGLESIAS, F. (dir.) (1991-2014): *Galicia. Historia*. 9 vols., A Coruña, Hércules de Ediciones.
- VILLA-AMIL Y CASTRO, J. (1907): *Pasatiempos eruditos. Colección de artículos en su mayoría sobre el mobiliario litúrgico de las iglesias gallegas, en la Edad Media, publicados por José Villa-Amil en el espacio de treinta y tres años (desde 1872 á 1905)*, Madrid, Nueva Imprenta de San Francisco de Sales.
- VILLARES, R. (1982): *Foros, frades e fidalgos. Estudos de historia social de Galicia*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- VILLARES, R. (2004): *Historia de Galicia*, Vigo, Galaxia.



**A INTERPOLACIÓN  
PRONOMINAL NO TRÁNSITO  
DO GALEGO MEDIEVAL  
AO GALEGO MODERNO**  
**XOSÉ MANUEL SÁNCHEZ REI**  
Universidade da Coruña  
Grupo IIIa (<http://illa.udc.gal>)

O presente traballo foi realizado no marco do proxecto de investigación *Glosario crítico da poesía medieval galego-portuguesa* (cód. FFI2009-08917, FFI2012-32801 e FFI2015-63523-P), subsidiado polo “Ministerio de Ciencia y Tecnología” e o “Ministerio de Economía y Competitividad”, a través da “Subdirección General de Proyectos de Investigación”. O autor quere expresamente agradecer ás persoas que leron as primeiras versións deste texto as suxestións propostas, as cales sen dúbida melloraron a redacción inicial.



## 1. INTRODUCCIÓN

A análise das formas, colocación no interior da cláusula, funcionamento e valores dos pronomes átonos corresponde a un dos temas sen dúbida máis rendíbeis nos estudos de gramática galego-portuguesa. Dentro dese particular ámbito de reflexión, queremos aquí aprofundar nun fenómeno concreto, cal é o estado da interpolación pronominal en finais da Idade Media. Noutros traballos xa nos temos ocupado deste asunto desde prismas diferentes e para diversos períodos, mais nunca o abordamos *ex profeso* para os séculos tardomedievais. Por iso, a pesar de que tamén se fará referencia a épocas diferentes, revisitando aquelas pesquisas e anovándoas con investigacións actuais, decidimos indagar na situación desa particularidade sintáctica nos séculos xv e xvi, o primeiro por ser con clareza o derradeiro dos medievais e o segundo por servir como preludio á etapa coñecida como a do Galego Medio. Son, pois, a porta de saída dun período histórico e a porta de acceso a unha nova era.

Mais, antes de comezarmos a exposición, quizais non estea de máis facermos fincapé nun par de cuestións de relevo. Así, en primeiro lugar, entre persoas non formadas en lingüística ou en filoloxía, existe unha relativa tendencia a consideraren o galego medieval como unha etapa histórica en que poucas mudanzas se terían producido, un período con certeza ben diferenciado da época latina e tamén distinto dos tempos seguintes, mais, até certo punto, relativamente estático. Coadxuva nesta perspectiva a división pedagóxica da historia en Idade Antiga, Media, Moderna e Contemporánea, e tamén estea a tal abordaxe na equivalencia, en termos de percurso diacrónico da lingua, nunha diferenciación entre Latín, Galego Medieval, Galego Medio e Galego Contemporáneo. Na realidade, en cuestións estritamente lingüísticas non se pode aceptar con moita rixidez esa visión porque, grazas ao desenvolvemento da investigación filolóxica, se sabe que corresponde a unha situación que dista moito de ser real: calquera lingua en

calquera época presenta fenómenos de variación e de mudanza so diversas variábeis (o contexto, o nivel de estudos, a rexión, a idade, o xénero etc.); no caso do galego tardomedieval, que é o marco que nos aquí convoca, non nos achamos perante unha excepción, pois sen dúbida existirían todas esas variantes aínda que nos sexa sumamente difícil verificármolas desde a actualidade. Dun punto de vista máis histórico do que filolóxico, por outro lado, hai que ter presente que o propio concepto de “Idade Media” xa se presta a diferentes interpretacións cronolóxicas dependendo dos países ou ámbitos culturais a que se fixer referencia, nos cales non ten de haber correspondencia temporal equivalente (mundo anglosaxón, escandinávico, eslavo, románico etc.); por iso, as divisións dese período, quer en “alta” e “baixa”, quer en “alta”, “central” e “baixa”, por seu turno, evidencian a complexidade da análise dun tempo marcado por transcendentais transformacións en diferentes territorios no dominio cultural, político, relixioso e social, conforme subliña Power (2007, 13-16).

E en segundo lugar, é coñecida a dificultade de mergullarmos lingüisticamente nunha época en que o galego vai deixando de ser escrito, coa subsecuente falta de apoio documental e coa eiva que isto supón, o que deita un alto grao de imprecisión e formula non poucas preguntas a respecto da realidade da lingua. A pesar de que nos últimos tempos viñeron incorporándose ao inventario de textos do Galego Medio novos títulos<sup>1</sup>, os séculos xv e xvi supoñen o preámbulo a unha época marcada pola escaseza de textos e a pouca validade artística das obras conservadas. E pensemos que se a lingua escrita implica xa de seu unha cuestionábel e bretemosa maneira de nos aproximarmos de estadios recuados do idioma, unha cantidade mínima de fontes textuais, e mesmo algunhas delas interferidas polo español, pode contribuír para relativizar aínda máis as conclusións que se puideren extraer, tamén as vinculadas á interpolación pronominal.

## 2. A INTERPOLACIÓN PRONOMINAL DURANTE A IDADE MEDIA

Unha das disciplinas lingüísticas que máis contribúe para a caracterización dunha lingua é, sen lugar a moitas hesitacións, a sintaxe. Así como o galego continuará a ser ‘galego’ tendo nos seus repertorios lexicais, poñamos por caso, elementos

---

<sup>1</sup> Véxanse, por exemplo, as edicións de Souto Cabo (2007), Arias e Noia (2011) ou Mariño Paz, Sánchez Yáñez e Suárez Vázquez (2012).

como *xanela, festra* ou soamente un deles, ou secundarizando léxico rural e permitindo a entrada ao mesmo tempo a novas voces provenientes do desenvolvemento tecnolóxico, existirían, a noso ver, serias dúbidas de que puidese ser chamado igualmente ‘galego’ se acabasen coincidindo, por exemplo, as condicións que regulan a colocación do pronome coas existentes noutras linguas xenética e xeograficamente próximas ou se os trazos da transitividade no galego confluísen totalmente cos existentes en idiomas veciños. A sintaxe, dentro da disciplina máis ampla coñecida como morfosintaxe, serve así entendida para organizar a percepción do mundo por parte dunha comunidade lingüística e igualmente para o ordenar, na liña do apuntado por Moure (2011, 109).

Neste sentido, a sintaxe convértese no esquelete da lingua empregada por esa comunidade. Por iso, estudarmos as mudanzas sintácticas vira un labor máis complicado que outras modificacións no idioma, pois son internas, e tamén por iso a sintaxe é a parte da gramática máis reticente a favorecelas e, subsecuentemente, a máis proclive ao estatismo; tense afirmado, por exemplo, que a disposición dos clíticos no interior da cláusula desde o galego medieval até á actualidade, isto é, abranxendo varios séculos, “se mantivo sen cambios substanciais” (Ferreiro, 1999, 249), o que pode dar idea desa forte tendencia ao carácter conservador da sintaxe. Esta sería, en definitivo, a marca de cohesión social, o vocabulario percibiríase como un indicio de divisións estratuais na sociedade e a pronuncia reflectiría o grupo social con que, consciente ou inconscientemente, se identificarían os membros da comunidade lingüística.

Se a sintaxe é o esquelete da lingua, a interpolación pronominal corresponde a un dos ósos que a enforman, con certeza non o máis importante, mais, talvez, un dos máis representativos. Trataríase, por tanto, dun fenómeno fundamentalmente sintáctico, con importantes consecuencias directas na estilística da cláusula canto á colocación dos seus elementos e con relevantes repercusións na expresividade de determinadas unidades fráscas e até clausais. Podémola definir como a intercalación de unha ou máis palabras entre unha forma pronominal proclítica e o verbo, das cales, e salvando excepcións completamente minoritarias<sup>2</sup>, polo

<sup>2</sup> Sen entrarmos a valorizar a (a)tonicidade do adverbio *non*, un dos elementos máis frecuentes neste tipo de estruturas xa desde as primeiras documentacións até á actualidade, existen algunhas mostras de elementos nas construcións con interpolación, que, pola súa natureza, son formas fonoloxicamente átonas. Tal é caso do exemplo a seguir, tirado dunha colección contemporánea de literatura tradicional, en que se rexistra unha variante da conxunción *nen*: *cálate já ó mullere | cálate ja te nēi bejo* (CP, 162).

menos unha debe ser tónica, tal como se ve nas seguintes mostras, tiradas todas elas de textos dos séculos XIII-XIV:

1. (a) Depois que ll'a *Virgen Santa esto* disso (CSM, I, 68)
- (b) e que me perdone o prelado, por que me *non* dezemey como deuíá (VFD 63; 1302, Ourense, OU)<sup>3</sup>
- (c) A que mi *a min meu amigo* filhou (LP, I, 379)
- (d) e con tod'esso ja vos *ren non* val (LP, I, 382)
- (e) a messagẽ que lle *Antenor* auýa dito (CT, 237)
- (f) çerto seia que nũca lle *aló* tornará (CT, 237)
- (g) e ontre las cousas que se *enna dita manda* contẽen, contensse en ella estas cláusulas (BC, 21; 1345, Compostela, CO)

A condición necesaria para que poida producirse a interpolación pronominal asenta, por tanto, na posición preverbal do clítico. Que o pronome vaia en próclise está en relación directa coas condicións que o obrigan a figurar nesa orde, como as alteracións da linearidade máis común no ámbito das funcións informativas, a presenza de elementos subordinantes etc. Corresponde, na verdade, a unha estruturación moi tradicional, abundantemente documentada na Idade Media en todo o tipo de textos escritos, xa se tratase de prosa, verso ou documentos notariais, que chegou no sistema lingüístico galego-portugués á lingua contemporánea. A pesar de que outras linguas e variedades romances coñeceron esta singularidade, cal o asturo-leonés, o español, o francés, o romeno ou o italiano, o certo é que o seu frecuente atestamento no período arcaico do noso idioma levou algúns investigadores a percibirna como unha das características da lingua antiga, como Melo (1985, 46), ou a sinalaren que se trata dun “giro típico del gallego-portugués”, segundo Riiho (1994, 244), en canto outros, igualmente inducidos pola frecuencia con que aparece no galego medieval, preferiron identificarlas cunha forte marca de enxebriedade lingüística, conforme se deduce do exposto por Carré Alvarellos (1973, 12). E inclusive houbo quen dixo que se trata dun fenómeno exportado desde as variedades lingüísticas do oeste da península ibérica para as centrais, de acordo coa opinión de Chenery que cita Ramsden (1963, 139), aínda que sexa unha afirmación, a noso ver, arriscada de máis.

---

<sup>3</sup> Para o caso dos exemplos provenientes dos documentos tabeliónicos, incluímos a referencia cronolóxica en que están datados e a localización xeográfica (se estiver debidamente indicada).



Presentemente, a pesar de que coñeceu un tratamento desigual nos estudos gramaticais tanto galegos como portugueses (cfr. Sánchez Rei, 1999, 73-85), é sentida en xeral como unha marca positiva de estilo, asociada comunmente a rexistros literarios (embora continúe a vigorar na oralidade popular sobre todo na fala de xente idosa) e á cal debe ser concedida certa preferencia na procura da calidade lingüística e na ansia do potenciamento dos trazos xenuínos do idioma (cfr. Freixeiro Mato, 2013, 383). Lémbrese aquí que xa en pleno século XIX o presbítero Saco Arce (1868, 162) non tiña dúbidas en afirmar que era moi “elegante” colocar entre o pronome e o verbo “alguna que outra palabra” e que LUGRÍS Freire (1931, 87-88), no primeiro cuartel do século XX, sostiña que o recurso da interpolación facía que a frase acabase gañando “en enxebreza”.

## 2.1. Orixes

Caso acudísemos ao latín e procurásemos nesta lingua equivalencias nas estruturas tratadas aquí, achamos, cando menos aparentemente, documentacións de secuencias sintácticas en que, dunha perspectiva puramente formal, parece estaren inseridos elementos entre a forma pronominal e o verbo:

2. (a) quae se *tam bene* vindicare possunt (TLL, II, 2105, 6)
- (b) ubi me *et melius et propius* audiant (TLL, II, 2116, 37)
- (c) ut valeas et, cum te *bene* confirmaris (TLL, II, 2114, 77)

Mais estas tres suxestivas cláusulas latinas que citamos como presumíbeis exemplos merecemos unha grande dose de cautela: así, por un lado, descoñecemos se esas construcións, empregadas nunha lingua cunha orde libre de palabras, puideron ser detectábeis non só nos rexistros gráficos, mais tamén na oralidade durante a vida do latín, aínda que todo parece sinalar que o desaparecemento do sistema casual, coa consecuente habilitación progresiva dos recursos preposicionais, modificou a liberdade de organización interna das unidades que integraban a cláusula e orientouse cara a uns parámetros máis ríxidos. Por outro lado, batemos coa dificultade de datarmos en que momento as formas pronominais hoxe átonas perderon o acento fonolóxico e, derivado disto, en que estadio da diacronía (proto)romance se pode definir a interpolación segundo fixemos máis arriba. Na época literaria latina vigoraba un acento de carácter melódico consistente nunha elevación da

voz, que iría evoluíndo para un dinámico ou de intensidade conforme se ía perdendo a distinción longa / breve no vocalismo e gañando relevancia funcional a oposición fechada / aberta (Väänänen, 1988, 73-75). Por volta do século III da nosa era, que corresponde lingüisticamente na Romanía ao latín tardío, é común xa entendermos o acento latino como un acento de intensidade no sentido en que se desenvolvería nos posteriores idiomas neolatinos. É asaz probábel que naquela altura se iniciase o desdoblamento da clase pronominal en dúas series, a tónica e a átona, que nos seguintes séculos se daría consolidado, pois, segundo Lausberg (1981, 320), “a distinción entre os graus de acentuación vem já do latim vulgar”.

Sendo coherentes con isto, a lingua escrita na Galiza entre o período das invasións xermánicas e a etapa trobadoresca obedecería xa máis a modelos acentuais semirromances que a esquemas puramente latinos. Así as cousas, documentacións análogas ás de (2) non estarían isentas de as entendermos como exemplos galaicos de, cando menos, ‘protointerpolacións’. Tal é o caso da estrutura tirada do *Itinerarium Egeriae* (3a), presumibelmente escrito por unha persoa natural da Gallaecia tardorromana, ou aínda do exemplo proveniente da prosa tabeliónica medieval redixida en latín (3b), ambos datados nunha época en que, na opinión de Lausberg (1981, 320), xa se distinguía nos romances unha morfoloxía pronominal tónica face a unha átona:

3. (a) Hic autem locus, ubi se *montes* apariebant (tirado de Väänänen, 1988, 314)
- (b) tali conditione si Deus me *saluum atque incolumen de Ieros (olimitani) s partibus* reducerit (COU, 16; 1127, Ourense, OU)

Admitindo, pois, a existencia de formas pronominais átonas no protorromance galaico e no galego antigo, convén referírmonos agora ás teorías que explican as estruturas con interpolación. Unha das primeiras explicacións apunta para a clásica teoría da énclise, segundo a cal os clíticos, como partículas átonas, se unirían ao primeiro elemento acentuado da frase. No entanto, unha boa parte das formas que exixen a colocación preverbal do pronome son fonoloxicamente átonas e, por tanto, a adxacencia do clítico a estas partículas non está condicionada polo feito de levaren acento, conforme se observa nos exemplos a seguir:

4. (a) *que* lle por el deró (MS, 86)
- (b) da herdade *que* se con elles sigen (BC, 30; 1360, Compostela, CO)

- (c) et *se* as non quiser, *que* as non dedes a persona poderosa (SM, 40; 1438, Mens, CO)
- (d) moy grã desonrra *que* lle Pares fezo en Greçia (CT 292)
- (e) E *se* o non quiseer con estas condições, que seja procurador Pascoal Rodrigues (VFD, 244; 1432, Ourense, OU)

Opinión de índole diferente é a que defende Ramsden (1963, 141-42), que estuda esta característica sintáctica no español medieval. Para el, o fenómeno débese á estreita unión funcional constituída polo verbo e o elemento interposto, provocando que a palabra interpolada entre en conflito coa unión funcional do pronome átono e o núcleo verbal. A orixe, en consecuencia, acha a súa explicación na analoxía e vén condicionada polo elemento que preceder o clítico, denominado por este investigador “exordium”. Deste modo o “exordium”, que exige do pronome ir antes do verbo, atrae para si a partícula átona, e o predicado verbal, por súa vez, obriga o elemento que logo se verá intercalado a se situar na disposición inmediatamente anterior ao verbo. As forzas operantes “exordium” + clítico, por unha parte, e forma interpolada + verbo, por outra, producirían que a construción máis habitual se alterase, isto é, o ‘exordium’ magnetiza para si o pronome e a forma interposta fica a anteceder o núcleo verbal<sup>4</sup>: *A casa, se non a quixeren comprar, véndea cando puideres* → *A casa, se a non quixeren comprar, véndea cando puideres*; *O presente que el nos enviou foi moi custoso* → *O presente que nos el enviou foi moi custoso* etc. Nótese, porén, que, se partirmos de o clítico ser un morfema ligado ao verbo, o vínculo fonético-sintáctico existente entre ambas as formas se debilita de maneira considerábel xustamente por eses potenciais elementos se interporen no medio, nomeadamente cando a construción alcanza notábeis niveis de complexidade (*vid. infra*):

- 5. (a) que me o *abbade que pelo tempo for e o conuento d’Oseyra* an de fazer en toda mía vida (VFD, 78; 1315, Oseira, OU)
- (b) segundo que se mays *largamente ena dita carta de dito* título contiña (VFD, 267; 1441, Ourense, OU)
- (c) Vós que vos *em vossos cantares meu / amigo* chamades (LP, I, 242)

<sup>4</sup> De similar punto de vista é Figueiredo (1928, 180) cando, a comentar a interpolación do adverbio *não* afirma que “sendo incontestável, como adeante se verá, que as partículas *como, para, quando, porque, que* etc., determinam a próclise dos pronome persoais, objectivos e terminativos, é natural e coerente que [...] *não* atraíam o *não*, mas sim o pronome”.

Postura diferente é a de Prieto Alonso (1986, 130-135), para o cal as causas da interpolación asentan na Regra de Movemento do clítico, desencadeada pola inversión do foco ou pola presenza dunha partícula que magnetice para si a forma pronominal átona. O elemento interposto é responsábel, por súa vez, do deslocamento do foco para esa colocación. Esta panorámica combina a encliticidade do pronome, aplicada en primeiro lugar, coa transposición do foco, que opera após se producir a anterior; caso de se non seguir esta orde, o resultado é “*une construction sans Interpolation*” (Prieto Alonso 1986, 134). En (6a) trasponse o foco precedendo o verbo e seguindo o pronome átono; no segundo caso de (6b) preséntase, primeiro, un foco invertido que imanta o clítico e, despois, outro foco trasladado interposto entre o pronome e o núcleo verbal; na cláusula de (6c) actuou a Regra de Inversión do foco sen operar anteriormente a énclise:

6. (a) que lle *Santiago* fezera (MS, 214)
- (b) Et todo esto uos *eu* farey (CT, 258)
- (c) Senhor, ca nunca m'escacedes (LP, I, 388)

Porén, a hipótese de Prieto Alonso encontra algunhas dificultades na identificación como focos deslocalizados daqueles elementos interpostos nesa posición, cal as exemplificacións que se ofrecen a seguir en (7), en que as formas inseridas ou son de diversa natureza gramatical ou forman un número elevado de máis para se poderen considerar constituíntes focalizados:

7. (a) Se m'ora *Deus gran ben fazer* quisesse (LP, I, 461)
- (b) que llij o dito *abbade dom Hanrrique e o convento deuandito* demandauã (HGP, 188; 1281, Baiona, PO)
- (c) *dineiros que lhe* Aluaro Martinz, cóónjgo que era aa sazõ da dita igleia de Tuj, *era deuedor* (HGP, 292; 1411, Valença, MI)

Na nosa opinión, a hipótese de Ramsden parece ser a máis plausible, mais tórnase necesario matizármola coa visión de Prieto Alonso<sup>5</sup>. Neste sentido, xulgamos que o carácter proclítico do pronome vén dado, principalmente, pola atrac-

---

<sup>5</sup> As opinións de Ramsden coinciden en xeral coas de Figueiredo (1928, 180) e tanto aquelas como estas son salientadas por Ogando (1980, 277-280), que tamén considera a supremacía da palabra que condiciona o clítico para a posición preverbal como a orixe máis verosímil destas estruturas sintácticas.

ción que exerce nel o elemento que axe como “exordium”, xa se trate dun foco invertido ou dunha palabra focalizada, xa dunha partícula que obrigue esa orde<sup>6</sup>:

8. (a) *No camynno se meter foron* (CSM, I, 565)
- (b) e *maravilla mui grande* vos eu direi (CSM, II, 112)
- (c) seu padre, Pedro Domingues, *que lle nõ ficara auer mouil* (HGP, 53; 1333, Compostela, CO)
- (d) E *nos* vos non devemos quitar nen tirar este aforamento (BC, 110; 1457, Compostela, CO)
- (e) quis *que m'ynnda non morreu / e a vós pesa de lh'eu querer bem* (LP, I, 269)

Após o pronome preverbal, querendo salientar un determinado elemento, introduciríase unha palabra que en condicións normais debería preceder o verbo; unha vez que a unión existente entre este e o clítico que o antecede ficase alterada coa interposición dese elemento, particularmente un pronome persoal suxeito ou un adverbio, a fendedura iniciada por estas palabras non faría máis que se acrecentar, avanzando no sentido de incorporar como posibilidades de unidades intercaladas máis elementos tónicos que, por motivos estilístico-expresivos ou de ritmo (Ramsden, 1963, 140), favorecen tal disposición no interior da cláusula. Veremos máis abaixo que é xeralmente a lírica a respecto da prosa a que ofrece unha maior atestación de elementos inseridos entre o verbo e o pronome, factor que posibelmente estea relacionado coa expresividade e coas cadencias rítmicas.

## 2.2. Particularidades

Clasificar que tipos de elementos son capaces de se intercalaren entre o pronome e o verbo, tanto na época tardomedieval como nos nosos días, é labor non isento de certa complexidade que pode desenvolverse desde varios puntos de vista, aínda que, por simplificarmos esas hipóteses, talvez o máis sinxelo sexa falarmos de dúas orientacións principais: primeiramente, atendendo á análise de constituíntes sintácticos, habería que ponderar a atestación de (i) frases adverbiais, (ii) frases preposicionais, (iii) frases nominais, (iv) frases substantivas, (v) frases

<sup>6</sup> Cfr. algúns exemplos modernos, recollidos en ILG (1995, II, 218-219), en que a estruturación da información parece ser a responsábel de que existan variacións na orde sintáctica: *Eu lle non podo - Eu non lle podo; por iso che eu digo - por iso che digo eu - por iso eu digoche - por iso eu che digo* etc.

adxectivas, (vi) frases verbais, (vii) combinacións de varios elementos anteriores i-vi e (viii) cláusulas de diversa índole, as cales serían, de todo o conxunto de exemplificacións, as menos representativas. E en segundo lugar, concedendo atención non tanto aos tipos de unidades fráscas e clausais mais ás responsabilidades sintácticas que tales unidades son capaces de desenvolveren, teríamos de sinalar as consabidas funcións de suxeito, vocativo, aposición, complemento directo, complemento indirecto, complemento preposicional etc.<sup>7</sup>

Dado que o pronome átono é un morfema verbal que ocorre sempre a rodear o núcleo en éncise (que é tendencia xeral do galego nas cláusulas declarativas afirmativas) ou en próclise (que corresponde á posición condicionada por motivacións de índole pragmática e/ou morfosintáctica), a interpolación, do punto de vista gramatical, favorece a comparación formal da FV con frases do ámbito nominal, no sentido en que o artigo, ao ir en próclise relativamente ao núcleo, pode recibir tamén a intercalación de elementos que o afastan del (i.e., *A casa / A branca casa / A branca e grande casa / A branca, grande e fermosa casa* etc.). A este respecto, no entanto, tamén se deben ponderar as observacións de que (i) o artigo ten sempre esa posición como habitual, non marcada, ao paso que o pronome clítico aparece aí nunha colocación marcada; (ii) o emprego da interpolación é facultativo en canto o artigo ten sempre de ir antes do elemento nominal; e (iii) a interpolación favorece enormemente os recursos expresivos da lingua, mais non ten repercusións semánticas, cousa que nin sempre acontece coas construcións no ámbito nominal, en que pode haber, de feito, modificacións significativas (i.e., *Aquel pobre home / Aquel home pobre, Un simple funcionario / Un funcionario simple* etc.).

Partindo das tipoloxías de textos conservados da Idade Media antes de entrarmos na época que máis nos interesa, vira doada a afirmación de que é a lírica a modalidade en que se rexistran máis construcións sintácticas con interpolación, empregadas, en moitos casos, cal un recurso estilístico ou rítmico que dificilmente podería ter un reflexo real na fala da época dado o seu alto nivel de artificiosidade. A utilización que ás veces fan os autores medievais, a alteraren e a alternaren a disposición das palabras nos versos, convértese nun importante indicio do seu aproveitamento estilístico, tornando a interpolación nun recurso

---

<sup>7</sup> Para unha clasificación do fenómeno na Idade Media, véxase Ogando (1980) e Sánchez Rei (1999: 112-119). A respecto dunha tipoloxización para a lingua contemporánea, véxase Álvarez e Xove (2002, 569-570) ou Freixeiro Mato (2006, II, 183-185).

de grande eficacia expresiva. Tal maestría aflora na seguinte cantiga dialogada de Johan Airas (LP, I, 388) ao repararmos na resposta que dá o poeta á súa *senhor* nos versos 4, 10 e 16:

9. –Meu amigo, quero-vos preguntar.  
 –Preguntade, senhor, ca m'[é] én ben.  
 –Non vos á mester de mi ren negar.  
 –Nunca vos *eu, senhor*, negarei ren.  
 –Tantos cantares, ¿por que fazedes?  
 –Senhor, ca nu[n]ca mi escaecedes.  
 –Preguntar-vos quero, por bóa fe.  
 –Preguntade, ca ei én gran sabor.  
 –Non mi neguedes ren, pois assi é.  
 –Nunca vos *ren* negarei, mia senhor,  
 –Tantos cantares, ¿por que fazedes?  
 –Senhor, ca nu[n]ca mi escaecedes  
 –Non vos pes de qual pregunta fez[er]  
 –Non, senhor, ante volo gracirei,  
 –Non m'*ar* neguedes o que vos disser.  
 –Nunca vos *eu, senhor, ren* negarei,  
 –Tantos cantares, ¿por que fazedes?  
 –Senhor, ca nu[n]ca mi escaecedes  
 –¿Este ben por mí [vol]o fazedes?  
 –Por vós, mia senhor, que o valedes

No seu conxunto, as cantigas trobadorescas proporcionan un elevado e diverso corpus de exemplos. Porén, como era de esperar, a produtividade do recurso non se presenta de igual modo en cada unha delas: hai cantares que posúen abundante documentación, como un de Estevan Travanca (LP, I, 273-274), en que se detectan catro casos nunha única estrofe:

10. E sempre m'*en mal* acharei  
 por que lh'*enton non* perdoei,  
 ca, se lh'*eu* perdoass'ali,  
 nunca s'*el* partira d'aqui

Ao paso, outras composicións, ás veces da mesma autoría que aquelas en que o fenómeno se rexistra nun considerábel número de casos, ora posúen un número reducido de exemplos, ora carecen deles. A modo de exemplo, poden confrontarse os cantares de Don Denis que comezan cos versos *Amiga, muit'a gram sazom* (LP, I, 179), *Nom chegou madr', o meu amigo* (LP, I, 200) ou *De que morredes, filha, a do corpo velido?* (LP, I, 191), en que non se documenta o fenómeno, coas cantigas compostas polo mesmo poeta que principian *Ai fals'amigu'e sem lealdade!* (LP, I, 175), *Nostro Senhor, ajades bom grado* (LP, I, 202) ou *Non sei como me salv'a mia senhor* (LP, I, 201), nas cales aparece o recurso con moita frecuencia. Ao mesmo tempo, houbo autores que, polo menos nos textos que se deron conservado, non utilizaron este tipo de ordenamentos con interpolación en ningunha das súas cantigas, como é o caso de Martin Codax (LP, II, 609-612) ou de Johan Zorro (LP, II, 571-575). Aliás, dentro dos versos de tema profano, singularízanse en liñas xerais as cantigas de amor relativamente a outras modalidades por posuíren unha exemplificación sensibelmente menor que a dos cantares de *escarnho* ou de *amigo*. Finalmente, cómpre dicirmos que o cancionero relixioso, as *Cantigas de Santa María*, aínda fornecendo unha notábel mostra das susoditas construcións, non dispón duns niveis de recursividade equivalentes aos dos versos de temática profana, circunstancia que talvez poida achar explicación no máis marcado carácter narrativo daqueles metros.

A prosa literaria, por súa vez, quizais pola menor importancia do ritmo, min-gua a potencialidade de uso da interpolación, aínda que isto non significa que se non ateste igualmente e, así, achamos interesantes mostras nos *Miragres Santiago* (MS), na *Crónica Troiana* (CT), na *Crónica de Santa María de Iria* (CSI) ou no *Tratado de Albeitaria* (TA), por exemplo. Canto aos textos tabeliónicos, merecen comentario singular: as primeiras documentacións notariais en galego proporcionan exemplificacións cunha artificiosidade e rendibilidade similares ás da prosa literaria, non proliferando en exceso o número de elementos que se insiren entre o clítico e o verbo. Este estado de cousas parece ir modificándose devagariño ao transcorrer a época medieval, para, xa nos derradeiros anos do século XIV e durante a centuria seguinte, se poderen rexistrar casos, ao carón dos maioritaria-mente máis simples, en que as construcións con formas tónicas inseridas parecen ser estruturas que só vigoraron na práctica escrita (*vid. infra*).



Estreitamente vinculada ás documentacións tabeliónicas está a distancia lingüística entre a fala e a escrita na altura. Resulta xa habitual escoitarmos que o afastamento da lírica a respecto da oralidade da altura é unha realidade avalada polo artellamento expresivo daquela e por os autores utilizaren, antes que a súa propia variedade local ou idiolectal, unha coine máis ou menos común que só era rendíbel cando usada na expresión literaria<sup>8</sup>. Mais tamén se debe ter en conta que os textos notariais, coas súas fórmulas fixas relacionadas en moitos casos con tradicións de *scriptae*, cos seus adustos recursos expresivos e estilísticos e cos seus escribas de desigual (in)formación filolóxica, tampouco constitúen unha fonte fidedigna para nos achegarmos aos hábitos orais da época. A respecto da relación de proximidade entre a lingua oral e a escrita, convén notarmos que noutras linguas en que tamén se ten documentado a interpolación, como é o caso do español, lévase ponderado que se detecta máis en textos dialóxicos do que en narrativos, tal e como afirma Ramsden (1963, 138): “But before fact gives way to speculation I must draw attention to a final fact about that I believe has not been observed but which is perhaps significant: interpolation is more frequent in conversation than in narration”.

### 3. A INTERPOLACIÓN NA PASAXE DO GALEGO MEDIEVAL AO GALEGO MEDIO

Unha vez comentados algúns trazos da interpolación nos textos medievais, e antes de nos aproximarmos das súas características no solpor medieval, non está de máis lembrarmos aquí que a notábel mingua de textos condiciona termos unha visión fiábel do fenómeno por volta dos séculos xv e xvi. Isto, que, como se torna lóxico, tamén determina o estudo doutros trazos lingüísticos na altura, vira especialmente significativo ao corresponder a interpolación pronominal a unha disposición de elementos non obrigatoria no interior da cláusula, que deixa liberdade ao autor para se decantar polo seu uso ou non.

---

<sup>8</sup> Porén, debemos ter en conta que unha autorizada opinión, como é a de Lapa (1977, 233), defende a proximidade entre a fala espontánea e a lingua en que se compuxeron as cantigas: “o artista dos Cancioneiros, humilde jogral por veces, tinha de empregar uma linguagem corrente, que falasse ao entendimento e ao coração. Contemplada a questão desta altura, é um verdadeiro absurdo dizer-se que a língua dos trovadores era artificial. Seria negar, com isso, toda a bela sinceridade e autenticidade do antigo lirismo galego-português”.

### 3.1. Continuidade do recurso

No entanto, a pesar deste estado de cousas, podemos citar varias características da interpolación que puidemos detectar nese tempo. O primeiro aspecto que queremos salientar é que o recurso continúa a ser empregado con total normalidade, moito embora haxa menos exemplarios polo que acabamos de comentar máis arriba. As ordes sintácticas con interpolación aparecen tanto en obras literarias como en textos non literarios, conforme se ve nos exemplos a seguir:

11. (a) –Este Ihesus que se *agora d'aqui* partira de vos (MS, 26)
- (b) –Se me *tu* nõ sãares eu te farey matar (MS, 36)
- (c) foi atormentado ennas grandes febres que lle *Deus* dou (CSI, 53)
- (d) porlos cornos, os quaes lle *logo* ficaron ennas mãos (CSI, 60)
- (e) seyscentos mrs. [...] queos *non* demandasen (DG, 143; 1431, Lugo, LU)
- (f) que o *nõ* possades fazer (HGP, 244; 1506, Pontevedra, PO)
- (g) que le *eu* debía (VFD, 225; 1519, Celanova, OU)
- (h) que bos nos *así* aforamos (VFD, 232; 1532, San Cloio, OU)
- (i) et gardeno que lle *non* ponan sella nen cousa (TA, 117)

Do punto de vista xeográfico, nada hai que nos faga pensar que o recurso coñecese unha irregular distribución rexional no dominio galego-portugués ou que puidese haber zonas en que fose imposible documentármola. Os textos así o queren indicar<sup>9</sup>: os documentos notariais editados por Maia (HGP), procedentes

<sup>9</sup> Entramos así nos dominios da “dialectoloxía filolóxica” ou “dialectoloxía histórica”, definida por Plich (1988, 418) como a disciplina lingüística que centra “the change of regional variation in the time dimension”, isto é, a combinar o variacionismo territorial co cronolóxico. Con todo, sobre a fiabilidade dos textos medievais a respecto da pesquisa dialectolóxica, Mariño Paz (1998, 129) expón unhas atinadas observacións cando di que “os textos escritos rara vez son fontes idóneas para a análise da variación dialectal habida en determinados momentos do pasado, xa que a lingua escrita non se concibe nunca e en ningún lugar como unha simple transcripción do falar dos escritores ou do colectivo humano en que estes habitualmente se moven”. Neste sentido, sería interesante podermos investigar algún tipo de diversidade dialectal na época, dentro do complicado que viran xa as pesquisas dialectolóxicas sintácticas no presente e o pouco que se coñece da variación sintáctica se comparada con outras disciplinas lingüísticas: o estudo do variacionismo dialectal no ámbito da sintaxe foi un campo pouco tratado, e non unicamente no espazo lingüístico galego-portugués, conforme se deduce do exposto en Chambers e Trudgill (1994, 151) ou en Francis (1989, 41). No entanto, sería interesante repararmos en se a tendencia que parece darse na Galiza actual na detección das estruturas con interpolación para unha maior frecuencia no cuadrante suroccidental do país (cfr. ILG 1995, II, 218-219; Sánchez Rei, 1999, 216) posuía na época de que estamos a falar unha certa correspondencia xeográfica; para outros tipos

tanto da Galiza como do norte de Portugal, parecen demostrar esta impresión, ben como a distinta procedencia dos autores da *Crónica de Iria* (CSI), do *Tratado de Albeitaria* (TA) ou dos *Miragres de Santiago* (MS). A isto habería que acrecentar o feito de que en rexións actualmente pertencentes á administración leonesa mais, tanto na altura como hoxe, de fala galega, tamén se atestaba o fenómeno, cando menos en determinadas tipoloxías de textos, como os notariais; os seguintes exemplos, provenientes do cartulario de Santa María de Carracedo, conteñen mostras dos séculos XIII-XVI<sup>10</sup>:

12. (a) asy como *a nos* tiniamos astaqui (MC, II; 1275, Carracedo, LE)
- (b) por moitos benes *quelle nos* fecemos (MC, II; 1277, Carracedo, LE)
- (c) todas las cousas que le *eu* mando (MC, II; 1285, Carracedo, LE)
- (d) ditos maravedises [...], que llos *non* avemos a pagar [...]. Que fiquen as ditas casas al monasterio, livres e desenvayadas, e en bon paramento, e que llas *non* podades vender nen enajenar (MC, II; 1395, Vilafranca, LE)
- (f) Nostro lugar de Pereyra, según que o *vos ora* trayedes e semple andou (MC, II, 230; 1405, Berzo, LE)

Con tales datos á vista, a vixencia deste tipo de estruturas parece manterse e tanto é así que nos textos notariais fortemente hibridizados co español ou case redixidos nesta lingua, algúns deles datados xa nos finais do século XV e nos primordios da seguinte centuria e cunhas solucións inxustificábeis polo percurso evolutivo do galego (i.e., *contyene, dichas, en el dicho, la qual, les pongo, luego, mi nombre, no visto nj dado nj contado* etc.), poden acharse, igualmente, mostras en que se detectan estruturas con interpolación, segundo ilustran os seguintes exemplos:

---

de variación, cal a de xénero, de idade, de adscrición social etc., non temos, lamentablemente, datos ao respecto na actualidade.

<sup>10</sup> Os textos desta edición, porén, presentan certas particularidades lingüísticas e ecdóticas, que, se ben que nos fai contemplármolos con certa cautela, non impiden, no entanto, podermos detectar exemplos fiábeis de interpolación. Así, en primeiro lugar, algúns destes documentos posúen un alto nivel de hibridación co español e varios deles reproducen fenómenos típicos das falas asturo-leonesas (*ye* ‘é’, *you* ‘eu’ etc.), sen deixarmos de mencionar aqueles que están redixidos practicamente en castelán (cfr.: *quantas casas e heredamientos an en Villafranca e nos otros mios lugares de Berez, de qualquier personas que las ellos ayan*, MC, II, 25; 1281, Carracedo, LE). E en segundo lugar, canto a cuestións de lectura dos orixinais, certas interpretacións do editor parecen asaz discutíbeis (*fiz sellar de mio selllo el otra carta*, MC, II, 21; 1280, Carracedo, LE; *disseon a este homes sobreditos*, MC, II, 23; 1280, Carracedo, LE; *roguey a Pedro Aparacio, notario publico de Cacavellos, que escriviese esta carta, e que posies en ella seu sinal*, MC, II, 27; 1281, Cacabelos, LE etc.).

13. (a) qual quier que las *non* quiser conprir (VFD, 595; 1482, Ourense, OU)  
(b) E non avedes de vender, sopenorar nen concanbiar esto que vos *assí* aforamos a otra personna algunna (BC, 138; 1503, Compostela, CO)  
(c) E non avedes de beender, sopenorar nin concanbiar esto que vos *assí* aforo a otra persona alguna (BC, 140; 1504, Compostela, CO)  
(d) e que las *no* pueda alugar ni alquilar sin consentimiento (BC, 143; 1516, Compostela, CO)  
(e) conben a saber que vos *asy* bendo aquela mjna casa (DG, 165; 1516, Pontedeume, CO).

Do mesmo modo, continuando a falar de mestura de linguas, tamén no cancionero galego-castelán se observa que continúa a se empregar o recurso, aínda que cunha frecuencia de aparecemento ben menor do que na lírica galego-portuguesa, e non unicamente polo número inferior de poesías conservadas, mais talvez pola forte hibridación que caracteriza lingüisticamente eses textos. Neste sentido, dada a enorme recorrencia do fenómeno nos metros dos trobadores, non se pode desbotar que o uso da interpolación nesta tipoloxía de textos veña dado para dotar de “galeguidade” uns versos redixidos nunha variedade grandemente anfibia, segundo se atesta nas mostras seguintes:

14. (a) He trocado mi ventura / como *vos ora* direi (CGC, 101)  
(b) que, depois que *vos non* vi, / todo ben, toda folgura / e todo plazer perdi (CGC, 120)  
(c) por *vos sempre* obedeçer / eles non çessan chorando (CGC, 125)  
(d) Triste soy por la partida / que *se ora de aqui* parte (CGC, 177)  
(e) depois que *vos eu sé*, / sofro én mortal /dolor si *vos non* vir (CGC, 180)  
(f) En ti tengo yo la morte / sin contenda / si *me non* val tu vondat (CGC, 253)

### 3.2. Cronoloxía, complexidade e tipoloxía de textos

A interpolación, por tanto, continúa a se detectar nos textos de que dispomos, mais, neste sentido, as súas localizacións cronolóxicas deben terse en conta, sobre todo nos textos tabeliónicos, pois, conforme foi aflorado máis arriba, certos

exemplos de relativa complexidade canto ao número de elementos interpostos van documentarse, principalmente, na Idade Media tardía, como é o caso das seguintes mostras:

15. (a) *pera que os él et o dito Diego Afonso dese* (VFD, 639; 1438, Ourense, OU)
- (b) *aynda que lle o señor endeantado de Galisia mandase, ata que o primeiramente fosse a saber* (VFD, 500; 1441, Ourense, OU)
- (c) *por quanto lle o dito procurador en este dia aposo* (VFD, 664; 1458, Ourense, OU)
- (d) *proueytos que lhe Deus nos dictos casaaes e suas lauras e perteeças der* (HGP, 263; 1454, Maia, DOU)

Talvez sexa posíbel que nos casos máis complexos de interpolacións axise como influencia o latín, xa que unha das características sintácticas desta lingua asenta na súa estrutura envolvente, rexida por un sistema de desinencias que posibilitaban que non houbese, xeralmente, unha orde de palabras fixa. Mais como contraargumento ao respecto contamos coa distancia cronolóxica, pois os exemplos máis barrocos de interpolación, do punto de vista dos constituíntes, proliferan nomeadamente en épocas en que a influencia da tradición escrita latina xa deixara de operar.

A noso ver, parece paradoxal que unha relativa maior complexidade canto aos elementos intercalados, deixando de parte os metros dos trobadores, se rexistre nomeadamente en textos non literarios, xustamente na antesala da noite literaria, sociocultural e política que se aveciñaba á Galiza. Nalgunhas ocasións, o nivel de artificiosidade con que o notario escribe dá mostras de superar as propias capacidades gramaticais do autor, segundo parece deducirse do exemplo (16a), en que o dativo de terceira persoa singular se documenta desnecesariamente repetido. Ao mesmo tempo, a prosa notarial da baixa Idade Media tamén nos proporciona a estrutura de desmesurado barroquismo recollida en (16b), proveniente do traballo de Martins (1994); o exemplo, datado en finais do século XIV, levou esta investigadora a afirmar atinadamente que, a pesar de corresponder a un caso excepcional, parece non haber limitacións gramaticais “relativamente ao número de constituíntes interpoláveis” (Martins 1994, I, 182):

16. (a) *que lle os do castello e Gonçaluo da Beiga et seus homes do dito castello lle astragaran* (VFD, 584; 1458, Ourense, OU)

- (b) *por as sobreditas vinha e oliual e câpo e mato que lhys assy os sobreditos Prior e Raçoeiros ã nome da dita Eigreja de Sam Bertholameu escambhadas e pela guisa que suso dito he e declarado ã escambho dadas e outorgadas auyã.* (tirado de Martins 1994, I, 181)

Mais a partir destes anos van esmorecendo esas complexas construcións, para, nos tempos posteriores, se documentaren mostras que, con bastante probabilidade, fosen mellores aproximacións á lingua oral, en que as palabras interpostas atinxían unha cifra máxima de dúas ou tres unidades, conforme xa levamos salientado (cfr. Sánchez Rei, 2000). Tal estado de cousas transloce nos derradeiros anos da época medieval: o texto dos *Miragres de Santiago*, poñamos por caso, que foi escrito no primeiro cuartel do xv presumibelmente por tres mans, preludia o devir posterior das construcións aquí tratadas, pois a maior rendibilidade destas vén definida pola inserción predominante de unha ou dúas palabras, aínda que non se debe obviar que se trata dunha obra en prosa e que por isto, en xeral, posúe menos recursividade ao respecto do que a lírica. A *Crónica de Santa María de Íria*, redixida na segunda metade dese mesmo século, harmoniza no elementar co anterior texto no sentido en que non se detectan moitos casos de interpolación, dos cales os máis frecuentes responden á inserción de un só elemento, do tipo *non, así* etc., e o máis complexo a unha frase preposicional (i.e., *que lle* porla graça de Deus *fora encomendado*, CSI, 86).

Situación parecida, aínda que con algunhas diverxencias, é a do *Tratado de Albeitaria*, escrito nos inicios do século xv: mantendo en liñas xerais as tendencias apuntadas para os textos anteriores (isto é, unha atestación menos frecuente do que no séculos XIII e XIV e unha certa simplificación da diversidade e complexidade de elementos interpolados), documenta, porén, mostras de interese que parecen singularizalo a respecto dos textos anteriores:

17. (a) Et a rrogo de huun meu amigo, que se *en esto* delleitaua (TA, 57)  
(b) et quanto no começo lle *meos mal* fezeren no freeo, tanto adeante mellor sofrera (TA, 67)  
(c) Et se o *por ventura* y firise fillarya o temor (TA, 69)  
(d) solldadas as chagas de que lle *os dentes* tiraron, metan lle o freño (TA, 71)  
(e) porque seo *por llongo tenpo* lleixasen folgar fariase prjiçoso (TA, 73)  
(f) da qual danadura se se *por negrencyã do alueiter non* tallar a huña como ia de suso dixen (TA, 153).

Como quer que sexa, en confronto con estas tres obras, a *Crónica Troiana*, aínda que datada no século XIV, presenta unha exemplificación de tales ordenamentos morfosintácticos sensibelmente máis complexa e variada, ao mesmo tempo que moito máis frecuente:

18. (a) Agora diz o conto que os gregos ouueró grá pesar, quando lles *Ércoles et Jaasón* contaró a grá desonrra (CT, 215)
- (b) Estonçe lle disso *Ércoles* que dezía ben et que lle *nō* podía dizer *nē* fazer cousa que lle *mays* gradeseçesse (CT, 216)
- (c) Sabede que se lles *algũ pôto mays* tardara, que alý forá todos mortos (CT, 221)
- (d) ca logo lles *y essa uegada* matou hũ sobriño (CT, 224)
- (e) *nō* uos *leyxarey* cousa que uos *todo nō* diga (CT, 237)
- (f) Et a todos dysso quanto lle *en Grecia* auẽo (CT, 240)
- (g) *nō* queyrá os déoses sofrer que sse *os gregos assý senpre de nós* rrían (CT, 244)
- (h) Ca se o *eu agora* *nō* quisesse fazer, todo uosso prazer, ben ueio que me *nō* ha mester [...] Et aýnda que me *eu defender* queyra, *nō* poderey (CT, 259)

Por outra parte, hai textos tabeliónicos que parecen evidenciar a existencia de determinadas tradicións de *scriptae*, sobre todo se fixermos fincapé no carácter formulístico dalgunhas estruturas con interpolación pronominal, reiteradas, total ou parcialmente, en determinadas coleccións documentais. Tal é o que acontece co tomo de San Bieito do Campo, datado entre 1345 e 1516, nomeadamente nas partes protocolares dos instrumentos, pola acusada recorrencia de expresións fixas:

19. (a) con todo meu siso e memoria *qual me Deus dou* (BC, 21; 1345, Compostela, CO)
- (b) con todo meu siso e entendemento e acordo, *qual me Deus dou* (BC, 24; 1347, Compostela, CO)
- (c) con todo meu siso e entendemento *qual me Deus dou* (BC, 26; 1353, Compostela, CO)
- (d) con todo meu siso e entendemento *que me Deus dou* (BC, 35; 1372 Compostela, CO)
- (e) con todo meu siso e entendemento conprido, *qual me Deus dou* (BC, 46-47; 1407, Compostela, CO)
- (f) con todo meu siso e entendemento, *qual me Deus dou* (BC, 59-60; 1431 Compostela, CO)

Falarnos de partes protocolares leva a subliñarmos certas estruturas en que, nalgúñas seccións do documento, aparecen exemplos de interpolación, mantendo así a práctica anterior nestes séculos xv e xvi. Vira bastante probábel que en tales casos, con independencia da vixencia que o fenómeno puidese ter na oralidade da época, esteamos perante mostras fixadas polas características textuais deste tipo de obras:

20. (a) Et qual das partes contra esto for *e o non* complir segundo dito he, page por pena (SM, 30; 1418, Mens, CO)
- (b) Et a qual de nós partes contra esto pasar *et o non* conprir, peyte á outra parte (SM, 43; 1447, Mens, CO)
- (c) E qual de nos partes contra esto vier *e o así non* tever e conprir, peite por pena aa outra parte (BC, 86; 1456, Compostela, CO)
- (d) qual quer de nos que a esto pasar *e o nō* conpryr e gardar que perda de pena quinentos mrs. (HGP, 119; 1474, Chantada, LU)
- (e) E qual de nos as ditas partes que contra esto for ou pasar *e o asy non* conprir e agoardar, que peyte de pena á parte (VFD, 187; 1484, Ourense, OU)
- (f) E qual quer de nos as ditas partes que contra esto for ou pasar *et o asy non* teuer et conprjr et aguardar outorgamos que pague (HGP, 244; 1506, Pontevedra, PO).
- (g) perlos bēes do dito mosteiro, que *vos pera ello* obligamos (SM, 39; 1438, Mens, CO)
- (h) perlos bees do dito mosteiro, que *vos pera elo* obligamos; o qual dito foro que uos así fazemos das cousas sobreditas (SM, 45; 1447, Mens, CO)
- (i) porlos bees do dito mosteiro, que *vos pera ello* obligamos. O qual dito foro que vos asy fazemos das sobreditas cousas (SM, 53; 1464, Mens, CO)

### 3.3. Condicionantes da próclise

Máis un aspecto que hai que comentar aquí é o protagonizado agora polas palabras que exixían da forma pronominal ir precedendo o verbo. Deixando de parte alteracións na orde de elementos con consecuencias na disposición dos clíticos, no galego medieval documéntanse formas que posúen a capacidade de situaren o pronome antes do predicado verbal, das cales algunhas foron sendo preteridas



precisamente no pasar do idioma antigo ao seu estadio medio, isto é, nos séculos tardomedievais en que se centra a nosa pesquisa. Non temos, de momento, datos estatísticos de conxunto que digan respecto ao proceso que levou a que certos “exordia”, na terminoloxía de Ramsden, fosen sendo abandonados como formas capaces de atraeren o clítico preverbal: referímonos á conxunción *e* ou *et*, ao adverbio *u*, ás locucións do tipo *como quer que*, *u quer que*, á conxunción *pero* xustificando a posición preverbal do pronome átono, á conxunción *ca* e algúns outros que se poderían citar aquí. Mais o que si se aprecia nos textos é como estes elementos van lentamente deixando de se detectar como condicionantes da posición proclítica do pronome, o cal supón unha perda notábel de formas con tales capacidades. Eis algúns exemplos ao respecto provenientes dos séculos XIII e XIV:

21. (a) *ca lle non quis eno don falir* (CSM, I, 162)
- (b) *E m'end'ora pagaria!* (LP, I, 243)
- (c) *hu quer que o ella auia ou ouesse* (HGP, 222; 1302, Tebra, PO)
- (d) *per u quer que as nos ayamos* (HGP, 74; 1278, Temes, LU)
- (f) *pero m'ela non fez ben* (LP, I, 475)
- (g) *pero vos ledo semelho* (LP, I, 76)

En confronto, nin no *Tratado de Albeitaria* nin nos *Miragres de Santiago* nin na *Crónica de Santa María de Íria*, por exemplo, aparece ningún caso de interpolación en que o elemento que imanta o pronome corresponda a unha conxunción *e* ou *pero*<sup>11</sup>. Nótese neste sentido que, forzando sobremaneira as nosas marxes cronolóxicas en varios séculos, talvez interese subliñarmos aquí que algúns destes elementos voltarían a se empregar nas estruturas con interpolación no primeiro cuartel do século XX, coincidindo cunha época en que as escritoras e os escritores

<sup>11</sup> Isto non implica, con todo, que non se poida omitir a partícula subordinante que rexe a colocación preverbal en certos contextos, o que, en aparencia, podería dar a impresión de que o nexos copulativo se comportaría como o “exordium”, tal e como aparece noutros textos medievais e até nos propios *Miragres de Santiago*: *que alguas personas engeptavan et* [que] *a non tomar querían* (VFD, 341; 1435, Ourense, OU); *per que restituisen os ditos bees aos visiños da dita çibdade e* [que] *lles non fesesen agráveo e que os demandasen por dereito e* [que] *os non desapoderasen de seus bees* (VFD, 492; 1438, Ourense, OU); *Pezcoche que me liures cõ todos estes yrmaãos que te chamã et* [que] *se a ti encomẽdan* (MS, 184) etc. Por súa vez, *pero* documéntase no texto de MS xustificando a próclise, mais non en estruturas con interpolación: *Pero lle diso* (MS, 233) etc.

procuraron a enxebriedade lingüística, ás veces mesmo a incorreren en construcións de dubidosa gramaticalidade, conforme aparece nos exemplos a seguir:

22. (a) Viano tumbado e todo encollido como medio morto, *pro lle non dixeron nada* (MR, 32)  
(b) *E se non pode dubidar da seriedade da vila* (P, 174)  
(c) *e se non astrevía a dicir “non quero voltare á compañía dos meus clásicos” [...]* (D, 81)

### 3.4. Os elementos interpolados

Unha outra cuestión que cómpre apuntarmos, na liña do que acabamos de comentar, reside na natureza gramatical dos elementos inseridos entre o clítico e verbo. En harmonía coa praxe xeral da época trobadoresca (cfr. Sánchez Rei, 1999, 112-122), os exemplos máis frecuentes durante os séculos xv e xvi continúan a ser a intercalación do adverbio de negación *non* ou un pronome tónico suxeito. Na época anterior (ss. xiii-xiv) podían detectarse outros elementos con relativa frecuencia, tales como as aposicións, os vocativos, as formas adverbiais tipicamente medievais *y*, *én(de)*, de significado pronominal *al* ou intensiva *ar ~ er*, *per*<sup>12</sup> etc., segundo verifican as seguintes mostras:

23. (a) *que o y auya* (HGP, 56; 1344, Compostela, CO)  
(b) *Se lh'al disser* (LP, I, 111)  
(c) *nen mi ar veestes vós dizer* (LP, I, 281)  
(d) *mui ben llo per ouv'aly gualardôado* (CSM, II, 54)

Mais no período de tempo en que centramos a nosa análise, non se podendo, no entanto, negar a súa documentación, hai que ponderar os seguintes aspectos: (i) ou ben desaparecen totalmente dalgunhas obras, como *al*, *ar* ou *er*, que non se atestan, por exemplo, nin no *Tratado de Albeitaria* nin na *Crónica de Santa María de Íria* nin no *Cancioneiro galego-castelán*; (ii) ou ben minguan considerabelmente a súa frecuencia de aparecemento, pois *én* ou *ende* figura nun só caso na *Crónica de Santa María de Íria*, mais en ningún exemplo no *Tratado de Albeitaria* nin

<sup>12</sup> Algunhas delas aínda persisten, porén, no portugués clásico do século xvi, como nas obras de Gil Vicente: *Não se pode i al fazer* (TGV, 49); *que lhe dizias tu er então?* (TGV, 124) etc.

no *Cancioneiro galego-castelán*, ao paso que *y* ou *i* non se documenta na *Crónica*, aínda que aparece en tres ocasións no *Tratado* e unha vez no *Cancioneiro*:

24. (a) et alli se reparava con muitas ajudas que lle *ende* fazian (CSI, 57)
- (b) Et se o por ventura *y* firise fillarya o temor espanto (TA, 69)
- (c) no ventre do Cauallo en quanto se *y* pode deteer (TA, 105)
- (d) prjmeiramente digamos da seda que se *y* faz (TA, 145)
- (d) por ende a ponno en as suas manos / que a defenda, pois que a *i* criou (CGC, 294)

En congruencia co sinalado máis arriba, non está de máis notarmos aquí, aliás, que as intercalacións de *non* e do pronome suxeito continúan a ser nos tempos actuais, dentro do pouco rendíbel que resulta a interpolación no seu conxunto, unhas das que máis recursividade presentan en calquera rexistro da lingua, ben os da oralidade, ben os da escrita: as fontes documentais contemporáneas que se poderían citar aquí como exemplificación ao respecto, isto é, o ALGa (ILG, 1995), gramáticas de variedades lingüísticas locais, etnotextos dialectais e obras literarias testemuñan eses usos; algunhas destas, como os textos de Otero Pedrayo (*Devalar, Pelerinaxes, O fidalgo e a noite* etc.), rexistran o adverbio *non* como a única palabra atestada en tales estruturas<sup>13</sup>.

O que pode virar rechamante, confrontando a fenomenoloxía da interpolación nos séculos XIII-XIV coa da etapa tardomedieval e até coa da Idade Moderna, talvez non sexa tanto a diminución da diversidade de elementos capaces de se situaren entre o pronome e o verbo, mais a frecuente utilización do recurso polos autores medievais. A mudanza que se manifesta dun estadio cronolóxico a outro debe ter sido común tanto na Galiza como en Portugal, a xulgar polos textos lusitanos que manexamos, pois se o fenómeno estivese tan vivo como en tempos pretéritos posuiría unha documentación máis abundante da que ten nas obras dos séculos XVI-XVII. Mais a interpolación, cos datos con que contamos, parece comezar na época tardomedieval o seu progresivo esmorecemento, que atinxe a actualidade, caracterizándoa por unha irregular e a cada paso menor frecuencia de uso. O teatro de Gil Vicente, poñamos por caso, escrito nunha lingua con

<sup>13</sup> Paralelamente, gramáticas galegas e portuguesas adoitan salientar o uso maioritario neste tipo de construcións do adverbio *non* ou *não* (cfr. Sánchez Rei 1999, 73-85). En ambos os países, por outra parte, son habitualmente consideradas na literatura especializada como un trazo máis propio, aínda que non exclusivo, da linguaxe literaria.

importantes conexións coa oralidade popular, proporciona mostras de interpolacións, mais cun nivel de complexidade ben diferente ás estruturas de había apenas dous séculos<sup>14</sup>, segundo atestan as seguintes mostras:

25. (a) Ó diabo que t'eu recomendo (TGV, 57)
- (b) Cego seja quem m'isto faz (TGV, 80)
- (c) Já o eu lá ouvi dizer (TGV, 128)
- (d) Deve-te lá ir co'ela / como m'a mi vai (TGV, 250)
- (e) Já me tu a mi pareces bem (TGV, 253)

E, de acordo con Martins (1994, I, 566), a casuística máis rendíbel nas estruturas con interpolación durante o período clásico da lingua na outra marxe do Miño continúa a ser o adverbio *não*, forma que comeza a se tornar a única posíbel por volta do século XVII: con anterioridade a esta centuria, e seguindo aquí o exposto por Martins, as obras de Damião de Góis (1502-1574), Mendes Pinto (1510-1583), Camões (1524/5-1580) ou Diogo do Couto (1542-1616), por exemplo, proporcionan casos en que se rexistran outras recorrencias, en canto que nos escritos de António Vieira (1608-1697), Verney (1713-1792), Almeida Garret (1799-1854) ou Alexandre Herculano (1810-1877) só se atesta a citada forma adverbial. Deste modo, nun clásico como Camões aparecen exemplos como *se me vós não dais a mão* (DC, 96), e, en confronto, nun romance do XIX, cal *O primo Bazílio*, de Eça de Queiroz, documéntase un cuantioso número de mostras unicamente co susodito adverbio intercalado:

26. (a) Desde que o *não* tem está mona que se vê (PB, 95)
- (b) Mas se já em Lisboa se *não* podia fazer nada (PB, 105)
- (c) Havia semanas que a *não* via (PB, 154)
- (d) Eu espero que aquele vadio se *não* demore muito (PB, 277)

---

<sup>14</sup> Para a situación dos clíticos nas obras de Gil Vicente, véxase o traballo de Martins (2011, 94), en que a autora sinala que os “elementos interpolados são frequentemente o advérbio de negação *não* (interpolação que o padrão europeu ainda hoje permite), os pronomes pessoais sujeito e outros elementos deícticos, palabras negativas, sujeitos *não* pronominais e, mais raramente, complementos verbais antepostos”. Por outro lado, aínda en escritos notariais da outra ribeira do Miño datados no século XVI se documentan, se ben que excepcionalmente, casos de interpolación dunha notábel complexidade, como este exemplo datado en 1540: *de quem quer que lhe* sobre elle e parte delle e sobre as ditas casas e qualquer cousa delas algũ embargo ou empedimento *puser* (tirado de Martins, 1994, I, 181).

No entanto, cómpre preguntármonos se a relativa sistematicidade con que aparece nos textos iniciais do Medioevo non se trataría dunha utilización rendíbel entanto que propia da expresión escrita, e se a súa equivalencia no rexistro oral non estaría máis próxima da praxe con que se documenta no período que acabamos de ver. Os desiguais niveis de proporcionalidade que presenta nos textos arcaicos, a súa maior ou menor frecuencia en virtude da tipoloxía da obra en que se atesta ou, tamén, a recorrencia e suceso de diversas e excesivamente barrocas construcións rexistradas na prosa tabeliónica queren fortalecer esta hipótese.

### 3.5. As posíbeis causas do esmorecemento

Ao fío do que levamos comentado, van ser os séculos xv e xvi os que coñezan os primeiros indicios de que as estruturas sintácticas con interpolación comezan o seu devalar, que se acentuará durante a Idade Moderna e que continuará a avanzar até á actualidade, segundo expuxemos hai algún tempo (cfr. Sánchez Rei, 2000). Cómpre agora, pois, procurarmos algunha causa para esa perda de presenza na lingua escrita da época, para o que parece necesario distinguir-mos entre os motivos internos e as causas externas. Os que máis nos interesan neste momento son aqueles, cuxa primeira formulación asenta no carácter duplamente marcado da interpolación pronominal: por un lado, temos que a próclise responde á colocación do pronome condicionada, de forma que as linearidades máis comúns, segundo foi exposto máis arriba, se identifican coa énclise; por outro lado, as construcións con interpolación alternan na FV ao lado doutras homólogas en que se non practica este recurso, sen haber mudanza no plano semántico ou sintáctico (non así no informativo), como se ve nos seguintes exemplos:

27. (a) Nunca che *eu* falei dese modo
- (b) Nunca eu che falei dese modo
- (c) Nunca che *dese modo* falei eu
- (d) Eu nunca che falei dese modo
- (e) Eu dese modo nunca che falei etc.

A segunda explicación deriva directamente da anterior, pois é preciso termos presente que é unha orde de carácter facultativo que posibilita diversas estruturacións, como fica claro con repararmos nalgúns exemplos da oralidade actuais (cfr. ILG, 1995, II, 218-219). Iso quere dicir que depende da vontade expresiva da persoa falante, do autor ou da autora, e non dunha regra ríxida de disposición de elementos na cláusula. Os utentes do idioma parece térense decantado por posibilidades de emprego secundarizando a interpolación, que ficou marxinalizada e cun uso restrinxido; preferiron que o pronome átono escollese, aínda que nin sempre, unha colocación inmediatamente anterior ao verbo. Consciente ou inconscientemente, foi decidido que os clíticos, como morfemas verbais, debían estar de preferencia próximos do seu núcleo e non afastados del por elementos interpostos, o que certamente vira máis lóxico.

Canto aos factores externos, apuntan nomeadamente para o español, pois non debemos obviar que este idioma é o protagonista da presión lingüística sufrida polo galego. Con todo, preferimos acudir a esta explicación non nos séculos tardomedievais, mais nos correspondentes á Idade Moderna e á Idade Contemporánea (cfr. Sánchez Rei, 2000). No momento en que comeza o proceso de colonización do país por parte de axentes foráneos ten tamén inicio o subsecuente conflito lingüístico e o idioma exportado para a Galiza e con que se acomete o tal proceso non é outro que o español, que, segundo Sánchez Lancis (1993, 326), coñeceu as estruturas con interpolación no século XII para as esquecer por volta do XV. De aí que sexa lóxico pensarmos, cando menos, que unha parte da responsabilidade no esvaecemento parcial deste tipo de construcións sintácticas sexa atribuíbel a esa lingua, sobre todo a partir do século XV en adiante; preguntémonos que acontecería se o español as perpetuase até á actualidade: sufrirían un retroceso como o que se evidencia ao confrontarmos o galego antigo co dos nosos días? En todo o caso, coidamos, como se indicou anteriormente, que esta causa cobrou ben máis importancia non nos séculos en que foi centrado este estudo, mais en épocas posteriores, as correspondentes á do Galego Medio e Contemporáneo.

#### 4. CONCLUSIÓNS

En síntese, durante os séculos XV e XVI van detectándose xa algunhas características que van identificar o coñecido como Galego Medio e en certa medida tamén

a lingua da Época Contemporánea no tocante á interpolación pronominal. Relativamente a esta, e a pesar de que continúa a se documentar, en xeral, ao longo e largo do país, asistimos a unha simplificación dos elementos con capacidade para xustificaren a próclise do pronome, o que acabou por coincidir a grandes trazos coas condicións de próclise nos séculos XVI-XVIII nos casos de intercalación de formas entre o pronome e o verbo. Tamén se fai evidente que o número e a diversidade de elementos inseridos sofre unha notábel redución, aproximándose así das documentacións de que dispomos en séculos posteriores.

As causas desa mudanza parecen apuntar cara ao carácter marcado da próclise no galego e á circunstancia de que a interpolación sería neste caso unha estrutura duplamente sinalada por existiren outras posibilidades de ordenamentos morfosintácticos sen alteracións semánticas. E repárese, igualmente, en que a interpolación corresponde a unha linearidade facultativa, que permite total liberdade ao colectivo de falantes para se decantar polo seu uso ou para o desbotar. Outras explicacións, como a influencia do español, sen poderen ser completamente obviadas, parecen máis evidentes nos séculos posteriores que nos tardomedievais en que se centrou o presente traballo.

Finalmente, non queremos concluír estas palabras sen facermos mención ao grande potencial expresivo que posúe a interpolación desde unha perspectiva actual na procura dunha lingua de calidade. Conforme levan salientado algúns autores xa desde o século XIX, exemplifica unha construción identificada cun alto nivel de autenticidade lingüística, presentemente idiosincrática do galego. Por iso a súa práctica en rexistros formais, que harmoniza enormemente co galego popular-coloquial de moitas persoas de idade no cal aínda continúan a se detectar tales estruturas con relativa facilidade, eríxese nun eficaz recurso de barreira face á confluencia na sintaxe co español, idioma que hoxe non posúe este tipo de construcións. Apropiándonos das impresións de Manuel García Blanco contidas no seu opúsculo *Consideraciones sobre la decadencia y rehabilitación de la lengua gallega* de 1912 (cfr. Sanmartín Rei 2012), non empreguemos un galego isento de “sus giros y modismos más peculiares, más típicos”, mais, antes ben, aproveitemos ese manancial estilístico-expresivo tradicional, de que a interpolación vira un bo exemplo ao respecto, para alicerzarmos un modelo lingüístico digno e de calidade, realmente comprometido co futuro do idioma.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ÁLVAREZ, R.; X. XOVE (2002): *Gramática da Lingua Galega*, Vigo, Galaxia.
- ARIAS, B.; C. NOIA (eds.) (2011): *Historia da Santa Igrexa de Iria. Manuscrito galego do século XVIII*, Vigo, Universidade de Vigo.
- CARRÉ ALVARELLOS, L. (1973): *El idioma gallego en la Edad Media*, Vigo, Artes Gráficas Galicia.
- CHAMBERS, J. K.; P. TRUDGILL (1994): *La dialectología*, Barcelona, Visor.
- FERREIRO, M. (1999) [1995]: *Gramática histórica galega*. Vol. I. *Morfosintaxe*, Santiago de Compostela, Laiovento.
- FIGUEIREDO, C. de (1928): *O Problema da Colocação dos Pronomes*, Lisboa, Livraria Clássica Editora.
- FRANCIS, W. N. (1989) [1983]: *Dialectology. An Introduction*, London, Longman.
- FREIXEIRO MATO, X. R. (2006) [2000]: *Gramática da Lingua Galega*. Vol. II. *Morfosintaxe*, Vigo, A Nosa Terra.
- FREIXEIRO MATO, X. R. (2013): *Estilística da Lingua Galega*, Vigo, Xerais.
- ILG [= Instituto da Lingua Galega] (1995): *Atlas Lingüístico Galego*. Vol. II. *Morfología non verbal*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- LAPA, M. Rodrigues (1977): *Lições de Literatura Portuguesa. Época Medieval*, Coimbra, Coimbra Editora.
- LAUSBERG, H. (1981) [1956-1963]: *Linguística Românica*, Lisboa, Fundação Calouste Gulbenkian.
- LUGRÍS FREIRE, M. (1931) [1922]: *Gramática do idioma galego*, A Cruña, Imprenta Moret.
- MAIA, C. de Azevedo (1997) [1986]: “Estudo linguístico”, en *História do Galego-Português. Estado Lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o Século XIII ao Século XVI (Com Referência à Situação do Galego Moderno)*, Lisboa, Fundação Calouste Gulbenkian & Junta Nacional de Investigação Científica e Tecnológica; pp. 297-882.
- MARIÑO PAZ, R.; M. SÁNCHEZ YÁÑEZ; D. SUÁREZ VÁZQUEZ (eds.) (2012): *O romance da urca de Santo Antón (1777). Poesía en galego no Ferrol do século XVIII*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- MARIÑO PAZ, R. (1998): *Historia da lingua galega*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco.
- MARTINS, A. M. (1994): *Clíticos na História do Português*. Tese de Doutoramento (inérita). Lisboa, Faculdade de Letras da Universidade de Lisboa.
- MARTINS, A. M. (2011): “Clíticos na história do português à luz do teatro vicentino”, *Estudos de Lingüística Galega* 3, pp. 89-103.
- MELO, G. (1985) [1980]: “A reintegração linguística galego-portuguesa”, en *Linguística e Sócio-Linguística Galaico-Portuguesa. Temas de O Ensino*, Braga, Oficinas Gráficas de Barbosa & Xavier, pp. 41-56.
- MOURE, T. (2011): *Ecolingüística. Entre a ética e a ciencia*, A Coruña, Universidade da Coruña.
- OGANDO, V. (1980): “A colocación do pronome átono en relación co verbo no galego-portugués medieval”, *Verba* 7, pp. 251-282.
- PLICH, H. (1988): “Dialectology in historical grammar”, en Fisiack, J. (ed.), *Historical Dialectology. Regional and Social Trends in Linguistics. Studies and Monographs* 37, Berlin & New York & Amsterdam, Mouton de Gruyter; pp. 417-442.
- PRIETO ALONSO, D. (1986): *Prosodie et Syntaxe. La Position des Clitiques en Galicien-Portugais*, Groningen, Imprimerie Regenboog Stichting.
- POWER, D. (2007): “Introducción”, en Power, D. (ed.), *El cénit de la Edad Media*, Madrid, Crítica; pp.13-40.
- RAMSDEN, H. (1963): *Weak-Pronoun Position in the Early Romance Languages*, Manchester, University Press.



- RIIHO, T. (1994): “Sobre la yustaposición de los pronombres personales tónico y átono en el gallego-portugués antiguo”, en Lorenzo, R. (ed.), *Actas do XIXº Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas*, vol. VI, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza; pp. 239-245.
- SACO ARCE, J. A. (1868): *Gramática gallega*, Lugo, Imprenta de Soto Freire.
- SÁNCHEZ LANCIS, C. (1993): “La interpolación de complementos entre el pronombre personal átono y el verbo en el español medieval”, en Hilty, G. (ed.), *Actes du XXº Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes*, vol. III, Berlin, Walter de Gruyter; pp. 321-331.
- SÁNCHEZ REI, X. M. (1999): *Se o vós por ben teverdes. A interpolación pronominal en galego*, Santiago de Compostela, Laivento.
- SÁNCHEZ REI, X. M. (2000): “O uso da interpolación pronominal en galego durante os Séculos Escuros”, *Verba* 26, pp. 327-344.
- SANMARTÍN REI, G. (ed.) (2012): *Consideracións sobre a decadencia e rehabilitación da lingua galega. Home-naxe a Manuel García Blanco*. Monografía 7 da *Revista Galega de Filoloxía*, A Coruña, Área de Filoloxías Galega e Portuguesa & Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística da Universidade da Coruña.
- SOUTO CABO, J. A. (ed.) (2007): *A historia de Don Servando*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro.
- VÄÄNÄNEN, V. (1988) [1968]: *Introducción al latín vulgar*, Madrid, Gredos.

## TEXTOS CITADOS

- BC = Fernández de Viana y Vieites, J. I. (ed.) (1995): *El tumbillo de San Bieito do Campo (Santiago)*, Granada, Universidade de Granada.
- CGC = Polín, R. (ed.) (1997): *Cancioneiro galego-castelán (1350-1450)*. *Corpus lírico da decadencia*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro.
- COU = Duro Peña, E. (ed.) (1996): *Documentos da Catedral de Ourense*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- CP = Schubarth, D.; Santmarina, A. (eds.) (1983): *Cántigas populares*, Vigo, Galaxia.
- CSI = Souto Cabo, J. A. (ed.) (2001): Rui Vasques, *Crónica de Santa María de Íria*, Sada & A Coruña, Edicións do Castro.
- CSM = Mettmann, W. (ed.) (1981): Afonso X, O Sabio, *Cántigas de Santa María*, Vigo, Xerais.
- CT = Lorenzo, R. (ed.) (1985): *Crónica troiana*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- D = Otero Pedrayo, R. (1935): *Devalar*, Santiago de Compostela, Nós.
- DC = Ferreiro, M., Martínez Pereiro, C. P. e Salinas Portugal, F. (eds.) (1994): Luís de Camões, *Doce Canto em Terra Alheia? Antologia da Lírica Camoniana*, Santiago de Compostela, Laivento.
- DG = Martínez Salazar, A. (ed.) (1911): *Documentos gallegos de los siglos XIII al XVI*, A Coruña, Imprenta de la Casa de Misericordia.
- HGP = Maia, C. de Azevedo (ed.) (1997) [1986]: *História do Galego-Português. Estado Lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o Século XIII ao Século XVI (Com Referência à Situação do Galego Moderno)*, Lisboa, Fundação Calouste Gulbenkian & Junta Nacional de Investigação Científica e Tecnológica.
- LP = Brea, M. (coord.) (1996): *Lírica profana galego-portuguesa. Corpus completo das cantigas medievais con estudio biográfico, análise retórica e bibliografía específica*, Santiago de Compostela, Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro.

- MC = Martínez Martínez, M. (ed.) (1999): *Cartulario de Santa María de Carracedo*, Ponferrada, Instituto de Estudios Bercianos.
- MR = Lesta Meis, X. (1926): *Manecho o da Rúa*, A Cruña, Lar.
- MS = Pensado, J. L. (ed.) (1958): *Mirages de Santiago*. Anejo LXVIII da *Revista de Filología Española*, Madrid, Consejo Superior de Investigaciones Científicas.
- P = Otero Pedrayo, R. (1993) [1929]: *Pelerinaxes I*, Sada-A Coruña, Edición do Castro.
- PB = Eça de Queiroz (s.d.) [1878]: *O Primo Bazílio. Episódio Doméstico*, Lisboa, Livros do Brasil.
- SEI = Freixeiro Mato, X. R. (ed.) (1996): *A Nosa Literatura*. Vol. 7. *Os séculos escuros e a Ilustración galega*, Vigo, A Nosa Terra.
- SM = Zapico Barbeito, M. P. (ed.) (2005): *Colección diplomática do mosteiro de Santiago de Mens. Edición e estudo*, Noia, Toxosoutos.
- TA = Pensado Tomé, J. L. (ed.) (2004): *Tratado de Albeitaria*, Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- TGV = Saraiva, A. J. (ed.) (s.d.): *Teatro de Gil Vicente*, Lisboa, Portugália Editora.
- TLL = (1900-1906): *Thesaurus Linguae Latinae*. Vol. II, fasc. VI-X, Lipsiae in Aedibus B. G. Teubneri.
- VFD = Ferro Couselo, X. (ed.) (1995) [1967]: *A vida e a fala dos devanceiros*, Vigo, Fundación Penzol & Galaxia.

## ABREVIATURAS DAS LOCALIZACIÓNS XEOGRÁFICAS PARA OS TEXTOS TABELIÓNICOS

- CO = A Coruña  
DOU = Douro litoral  
LE = León  
LU = Lugo  
MI = Minho  
OU = Ourense  
PO = Pontevedra

**A CASTELANIZACIÓN  
DA TOPONIMIA NA  
DOCUMENTACIÓN  
INSTRUMENTAL GALEGA  
DA IDADE MEDIA**

**LUCÍA DOVAL IGLESIAS**

**GONZALO HERMO GONZÁLEZ**

**Instituto da Lingua Galega**

**Universidade de Santiago de Compostela**

A contribución de Gonzalo Hermo González realizouse ao abeiro dunha bolsa-contrato FPU do Ministerio de Cultura, Educación e Deporte, acadada na convocatoria de 2012.



## 1. INTRODUCCIÓN

O noso obxectivo neste artigo consiste en aproximarnos ao fenómeno da castellanización ou deturpación da toponimia galega na documentación notarial da Galicia dos séculos XIII, XIV, XV e XVI. Somos conscientes de que nos estamos a mover nun campo de coñecemento pouco estudado, de tal xeito que a nosa meta ha de ser necesariamente pouco ambiciosa. Non nos propoñemos, polo tanto, abordar a magnitude do fenómeno, pero si deitar luz sobre el mediante o cotexo de datos textuais que soborden o comentario impresionista. Queremos, en definitiva, corroborar ou desmentir algunhas ideas que circulan de xeito intuitivo polos traballos de toponomástica galega mediante datos numéricos e a análise de coleccións textuais.

Un dos comentarios máis precisos sobre a cuestión que aquí nos convoca apúntao Santamarina nun artigo de 2002:

É ben sabido que a presenza do castelán en Galicia para a prosa administrativa é case tan antiga coma a galega; a partir de 1260 ata 1550 hai moita documentación en galego, pero tamén a hai en castelán; no XIV e no XV abunda máis a galega pero finalmente queda só a castelá. Pois ben, as castellanizacións son tan antigas coma esta prosa: nos séc. XIV e XV aparecen cada vez con máis frecuencia: *Vivero, Valle d'Oro, Riberas de Minno, Cellero, Orense, Mellid, La Franquera, Rubianes, Lorigo, Morente, Olivera, Santa Comba del Oro* ó lado das formas galegas correspondentes *Viveiro, Vale d'Ouro, Ribeiras de Minno, Celeiro, Ouréns, Melide, A Franqueira, Rubiáns, Lourido, Mourente, Oliveira, Santa Comba de Louro*. Nalgúns casos mesmo se ensaiaron formas que despois se abortaron como ese *Cellero*, ou *Buero (Boiro)* que aparece en 1601 no Arz. Jerónimo del Hoyo; nas escrituras do XVIII e XIX que hai na miña casa fálase da “villa de la Fuensagrada”

(Santamarina, 2002, 257-259).

As palabras de Santamarina abren varias vías de análise que nos interesa recoller aquí. Son as castelanizacións toponímicas tan antigas coma a prosa instrumental en lingua galega? Aparecen con maior frecuencia así como nos achegamos ao solpor da Idade Media? Ensaiáronse formas deturpadas que non sobreviviron o tronso á contemporaneidade? E aínda algunha outra. A emerxencia do castelán como lingua documental en Galicia supón a consolidación das deturpacións toponímicas?

Para responder estas cuestións imos artellar un traballo orientado dun xeito duplo. Por unha banda, partiremos de catro lemas toponímicos de frecuencia alta na documentación medieval galega co obxectivo de recoller os datos, por séculos, para as solucións rectas e as castelanizadas. Pola outra, baleiremos a toponimia dun manuscrito tardomedieval galego, escrito en castelán, para analizar que formas aparecen deturpadas e en que número respecto das xenuinamente galegas.

## **2. CATRO TOPÓNIMOS GALEGOS NO DECORRER DA BAIXA IDADE MEDIA**

### **2.1. Cuestións metodolóxicas**

A continuación, propoñémonos analizar a presenza textual de catro formas toponímicas galegas ao longo da Idade Media. Para tal fin, empregaremos dúas ferramentas diferentes que nos han permitir harmonizar unha perspectiva de corte cuantitativo, que teña en consideración un número de rexistros amplo capaz de ofrecer unha visión de conxunto da realidade gráfico-lingüística de cada topónimo, e unha perspectiva cualitativa, que corrixa posibles erros da primeira. Deste xeito, empregaremos a información que nos achega o Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega (TMILG), proxecto que conta cun altísimo volume de documentación que o faculta para cubrir sobradamente o plano cuantitativo. Con todo, as edicións de documentación galega medieval non sempre foron realizadas co rigor filolóxico que cumpriría para un uso lingüístico deses textos (Lorenzo, 2004), de tal maneira que complementaremos os datos que nos devolva o TMILG coa presenza documental de cada unha das formas na colección de diplomas en pergamiño do mosteiro de Santa Comba de Naves, editada por

Pedro Dono en 2010 e cuxa información aínda non foi incorporada ao TMILG. A elección deste conxunto de documentación realizouse atendendo a catro factores distintos: a) presentar todas as garantías dunha edición filolóxica; b) incluír un corpus textual abondoso, conformado por un total de 292 pergamiños; c) seren documentos que abranguen un espectro temporal dilatado, do século XII ao XVI; e d) estaren escritos nas tres linguas documentais da Baixa Idade Media galega: latín, galego e castelán.

Cómpre sinalar que só tivemos en consideración para a nosa pescuda a prosa notarial, isto é, a documentación elaborada en territorio galego por notarios e escribáns para un uso instrumental. Desta maneira intentamos achegarnos ao alcance real da castelanización toponímica nos usos escritos da Idade Media galega, pois a prosa literaria, histórica e xurídica procede en boa medida de traducións do castelán, que poderían desvirtuar o resultado. Por outra banda, a inmensa maioría dos rexistros escritos de topónimos galegos asentan na documentación notarial.

As formas toponímicas foron escollidas de acordo coa súa presenza nas dúas ferramentas arriba sinaladas, procurando que fose o suficientemente ampla como para ser considerada representativa. Ademais, hai que ter en conta que só un número pequeno de topónimos nos é válido á hora de pescudar solucións castelanizantes nesta época, debido ás características gráfico-lingüísticas que presenta a *scripta* medieval. Pensemos nun nome como o compostelán *rúa da Raíña*, forma abondo documentada ao longo do medievo e que, polo tanto, podería ser potencialmente valiosa para unha análise como a que aquí se propón. Nun manuscrito escrito en castelán a finais do século XV, o chamado *Libro do subsidio*, recóllese a solución *Reyna*. Pois ben, a forma gráfica do nome da rúa non nos permite saber se se trata dunha solución galega recta ou castelanizada. Nos manuscritos da Idade Media galega, a grafía <n> podía representar tanto a nasal alveolar como a palatal, de tal xeito que por detrás dese segmento gráfico pode interpretarse tanto unha solución castelanizada do tipo *Rei-na* como unha forma galega do tipo *Re-í-ña*, antecedente da moderna *Raíña*, xerada por disimilación. Na verdade, os topónimos que mellor se prestan á nosa análise son aqueles que presentan un ditongo decrecente, xeralmente reducido a vogal simple nas formas deturpadas. Ese é o esquema lingüístico dos catro topónimos que nos encamiñamos a estudar: *Ourense*, *(O) Outeiro* e *(O) Souto / (O) Soutelo*.

## 2.2. O topónimo *Ourense* na documentación instrumental galega da Baixa Idade Media

Os datos que nos devolve o TMILG para o lema toponímico *Ourense* son claros. As solucións deturpadas do tipo *Orense* e variantes non superan o 3% do total en ningún dos séculos da Idade Media considerados (XIII, XIV e XV). Só no XVI se tornan maioritarios, mais temos que ter en conta que estamos a falar de tan só tres casos dun conxunto de 1140 nos catro séculos.

	XIII		XIV		XV		XVI		Total	
Formas rectas	124	126	193	198	800	813	1	3	1118	1140
Formas deturpadas	2		5		13		2		22	

Táboa 1.a. Ourense. *Solucións rectas e solucións deturpadas na prosa notarial galega da Idade Media* (TMILG).

Formas rectas: *Ourense, Ourensse, Ourens, Oures*.

Formas deturpadas: *\*Orense, \*Orens, \*Orensse*.

	XIII	XIV	XV	XVI	Total
Formas rectas	98,41%	97,47%	98,44%	33,33%	98,07%
Formas deturpadas	1,59 %	2,53%	1,60%	66,66%	1,93%

Táboa 1.b. Ourense. *Porcentaxe de solucións rectas e solucións deturpadas na prosa notarial galega da Idade Media* (TMILG).

Formas rectas: *Ourense, Ourensse, Ourens, Oures*.

Formas deturpadas: *\*Orense, \*Orens, \*Orensse*.

A información relativa ás linguas documentais e aos centros de escrita non nos axuda a esclarecer o proceso de castellanización da forma. Sería lexítimo sospeitar, á luz da información presentada, que as solucións deturpadas se desen nunha determinada notaría ou centro de irradiación de prácticas escriturais, sobre todo sendo tan escasas, mais os casos repártense no espazo sen que poidamos definir un núcleo determinado. Ben é certo que moitas das solucións do tipo *Orense* se dan en documentos da cidade das Burgas, ora da notaría do concello, ora da catedralicia, mais a inmensa maioría de formas rectas que atopamos ao longo dos catro séculos proceden tamén deses mesmos centros, en cuxa documentación, como é lóxico, a cidade aparece máis veces referida. Por outra banda, as solucións



castelanizadas figuran tamén en documentos de Pontevedra, Mondoñedo, Oseira ou Celanova.

Tamén estaría xustificado pensar que fosen só os redactados orixinalmente en castelán os que presentasen as solucións deturpadas, pero boa parte dos casos a que nos referimos foron redactados en romance galego. Do mesmo xeito, aparecen solucións desviadas en documentos copiados, do cal se podería presumir unha intervención castelanizante da man que copia, posterior no tempo, pero tamén en documentos orixinais deses séculos.

Os datos que nos ofrece a colección diplomática de Santa Comba de Naves, onde nos cinguimos a un único centro escritural, e onde os erros de tipo editorial semellan descartados, incide nas mesmas conclusións ás que chegamos a través da información do TMILG:

	XIII	XIV	XV	XVI	Total
Formas rectas	11	44	93	2	150
Formas deturpadas	1	8	28	10	47

Táboa 1.c. Ourense. *Solucións rectas e solucións deturpadas nos pergamiños de Santa Comba de Naves.*

Formas rectas: *Ourense, Ourense, Oureense.*

Formas deturpadas: *\*Orense, \*Orens, \*Orrense, \*Horense*

En efecto, as solucións deturpadas aparecen timidamente xa no século XIII, e continúan a súa andaina como formas residuais ao longo do XIV e do XV. É no XVI cando se volven maioritarias, cun total de 10 rexistros sobre 12, o que xa nos achega unha casuística máis ampla que a que nos fornecía o TMILG.

En virtude da análise de *Ourense*, poderíamos concluír que o fenómeno da deturpación aparece xa na Idade Media, desde os albores da escrita en galego (s. XIII), pero que só se estende en período posmedieval (s. XVI en adiante). Vexamos se os datos relativos a (*O*) *Outeiro* e (*O*) *Souto* corroboran esta hipótese.

### 2.3. O topónimo (*O*) *Outeiro* na documentación instrumental galega da Baixa Idade Media

Se no caso de *Ourense* nos atopabamos ante un topónimo homoxenético, que-  
re dicir, que ten un único referente extralingüístico, con *Outeiro* e *O Outeiro*

enfrentámonos a un nome paradigmaticamente heteroxénico, pois tomando como partida a realidade toponímica actual, dá nome a máis de 500 entidades, contando tamén os microtopónimos (PTG; NG). A súa alta densidade e o feito de ser un nome de lugar que, habilitado como antropónimo, foi regularmente castelanizado na forma *Otero* (CAG), ofrécenos un marco de análise interesante.

	XIII		XIV		XV		XVI		Total	
Formas rectas	82	84	103	103	277	283	6	6	468	476
Formas deturpadas	2		0		6		0		8	

Táboa 2.a. (O) Outeiro. *Solucións rectas e solucións deturpadas na prosa notarial galega da Idade Media (TMILG).*

Formas rectas: (O) *Outeyro*, (O) *Outeiro*, (O) *Auteyro*.

Formas deturpadas: \**Otero*, \**Outero*, \**Oteiro*

	XIII	XIV	XV	XVI	Total
Formas rectas	97,62%	100%	97,88 %	100%	99,15%
Formas deturpadas	2,38%	0%	2,12 %	0%	0,85%

Táboa 2.b. (O) Outeiro. *Porcentaxe de solucións rectas e solucións deturpadas na prosa notarial galega da Idade Media (TMILG).*

Formas rectas: (O) *Outeyro*, (O) *Outeiro*, (O) *Auteyro*.

Formas deturpadas: \**Otero*, \**Outero*, \**Oteiro*

As formas deturpadas que nos devolve o TMILG son escasísimas: oito dun total de 476, entre as cales, ademais da máis común *Otero*, figuran solucións intermedias con só un dos ditongos reducidos: *Outero* e *Oteiro*. Estas castelanizacións proceden, como no caso de *Ourense*, de centros de escrita distintos (Mondoñedo, Montederramo, Ourense, Viveiro, Ribadavia e San Clodio), refírense, con toda seguridade, a lugares tamén diferentes e aparecen tanto en documentos en castelán como en galego. Destaca, así, a reducida presenza textual das formas castelanizantes (máxime se descartamos un dos oito rexistros por estar redactado por un notario castelán), ata tal punto que as podemos considerar residuais.

Sería necesario un estudo máis delongado que examinase a forza da castelanización na toponimia das cidades e as grandes vilas en relación coa das pequenas vilas, as aldeas e as entidades non habitadas. A nosa sospeita, á luz do visto a propósito de Ourense, é que os nomes das grandes entidades de poboación foron máis sensibles á castelanización ca os das pequenas.

A colección de diplomas en pergamiño de Santa Comba Naves achéganos un panorama máis regular canto á evolución da forma *Otero* no tempo.

	XIII	XIV	XV	XVI	Total
Formas rectas	1	2	5	2	10
Formas deturpadas	-	-	1	4	5

Táboa 2.c. (O) Outeiro. *Solucións rectas e solucións deturpadas nos pergamiños de Santa Comba de Naves*. Formas rectas: (O) *Outeyro*, (O) *Outeiro*, (O) *Auteyro*.

Formas deturpadas: \**Otero*.

Malia que o número de exemplos non é demasiado grande, aquí observamos como nun mesmo centro de escrita se comeza, timidamente, a castellanizar o topónimo a finais da Idade Media, sendo no século XVI cando *Otero* se torna maioritario con respecto a *Outeiro*. O esquema de *Ourense/Orense* repítese neste caso.

### 3.3. Os topónimos (O) *Souto* e (O) *Soutelo* na documentación instrumental galega da Baixa Idade Media

O baleirado dos datos para (O) *Souto* e o seu diminutivo (O) *Soutelo*, topónimos que tamén designan un número de lugares abondo elevado (NG; PTG), ofrécenos un panorama semellante.

	XIII		XIV		XV		XVI		Total	
Formas rectas	55	56	93	93	128	133	7	7	283	289
Formas deturpadas	1		-		5		-		6	

Táboa 3.a. (O) *Souto* e (O) *Soutelo*. *Solucións rectas e solucións deturpadas na prosa notarial galega da Idade Media* (TMILG).

Formas rectas: (O) *Souto*, (O) *Ssouto*, (O) *Soutelo*, (O) *Soutello*.

Formas deturpadas: \*(O) *Soto*, \*(O) *Sotelo*, \*(O) *Sotello*

	XIII	XIV	XV	XVI	Total
Formas rectas	98,21%	100%	96,24%	100%	97,92%
Formas deturpadas	1,79%	0%	3,76%	0%	2,08%

Táboa 3.b. (O) *Souto* e (O) *Soutelo*. *Porcentaxe de solucións rectas e solucións deturpadas na prosa notarial galega da Idade Media* (TMILG).

Formas rectas: (O) *Souto*, (O) *Ssouto*, (O) *Soutelo*, (O) *Soutello*.

Formas deturpadas: \*(O) *Soto*, \*(O) *Sotelo*, \*(O) *Sotello*

As formas deturpadas son anecdóticas e repártanse desigualmente no tempo, no espazo e na lingua da escrita documental. Do mesmo xeito ca o que acontecía con *Outeiro*, Santa Comba de Naves achega un cadro máis regular:

	XIII	XIV	XV	XVI	Total
Formas rectas	1	3	7	2	13
Formas deturpadas	-	-	1	2	3

Táboa 3.c. (O) Souto e (O) Soutelo. *Solucións rectas e solucións deturpadas nos pergamiños de Santa Comba de Naves.*

Formas rectas: (O) Souto, (O) Ssouto, (O) Soutelo, (O) Soutello.

Formas deturpadas: \*(O) Sotelo, \*(O) Sotello

De novo observamos que as solucións deturpadas aparecen no século xv, pero só atinxen unha porcentaxe significativa no xvi. O que se desprende desta información é que a deturpación gráfica dos topónimos é un fenómeno que comezou xa na Idade Media, pero só a xeito de ensaio e de maneira tímida, incluso na documentación galega escrita en castelán. Consecuentemente, e os datos para o século xvi así queren indicárnolo, o seu proceso de consolidación tivo que producirse en período posmedieval.

### 3. A TOPONIMIA NUN MANUSCRITO DO ANO 1500: O *LIBRO DO SUBSIDIO*

#### 3.1. Cuestións metodolóxicas

Neste punto propoñémonos estudar o proceso de castelanización toponímica na Idade Media á luz dun manuscrito galego que, aos nosos ollos, presenta un especial interese: o chamado *Libro do Subsidio*, editado por Vázquez Bertomeu en 2003.

As características que fan deste libro un material proveitoso para a nosa análise son de diverso tipo. En primeiro lugar, cómpre sinalar o elevado número de nomes de lugar que recolle, resultado das súas propias características textuais: trátase dun manuscrito feito para compilar o pagamento da décima e o subsidio á catedral de Santiago por parte das parroquias adscritas á arquidiocese. En segun-

do termo, debemos valorar o feito de que sexa un texto probablemente escrito no ano 1500, nun momento en que, en virtude dos datos recollidos na epígrafe anterior, a castelanización de topónimos comezaba a facerse máis acentuada. Tamén tivemos en conta que fose un libro xa escrito en castelán, o que nos dará unha visión do tratamento dos topónimos de noso nunha época histórica en que a catedral de Santiago xa abandonara o galego como lingua documental. Por último, é interesante o valor meramente instrumental do manuscrito, pensado para un uso interno dos membros do cabido compostelán.

O noso labor neste punto consistirá en baleirar a toponimia galega presente no libro co obxectivo, non soamente de presentar os datos porcentuais de nomes deturpados e non deturpados, senón tamén de analizar lingüisticamente as formas castelanizadas para descubrir se existen nomes máis sensibles á desviación. Pretendemos, deste xeito, complementar o estudo centrado en lemas toponímicos concretos, xa artellado no punto anterior, cunha visión máis acoutada, pero tamén máis detallada, da cuestión que neste traballo pretendemos abordar.

### 3.2. Baleirado das formas deturpadas

O *Libro do subsidio* presenta 1145 lemas toponímicos galegos. A porcentaxe de formas castelanizadas é do 3,32 %, o que representa un total de 38 solucións. Esquemáticamente:

	Nº de rexistros		Porcentaxe
Formas rectas	1107	1145	96,68%
Formas deturpadas	38		3,32%

Táboa 4.a. Formas rectas e formas deturpadas no *Libro do subsidio*.

Sorprende que nun texto escrito en castelán en época tan tardía o número de formas castelanizadas sexa tan baixo. A información, por outra banda, é coherente coa achegada na anterior epígrafe: o proceso de castelanización da toponimia é máis tardío ca o da lingua de escrita e demorou máis no tempo. A comezos do século XVI, momento en que se redacta o libro, non estaba nin moito menos completado. É evidente que se trataba dun proceso emerxente, pero aínda de pouco calado.

A relación de solucións deturpadas vai achegarnos un marco de análise para bosquexar algunhas outras conclusións:

	<b>Forma moderna</b>	<b>Entidade</b>	<b>Concello</b>	<b>Comarca</b>
Amexenda	Ameixenda	Freguesía	Cee	Fisterra
Aroça	A Illa de Arousa	Freguesía	A Illa de Arousa	O Salnés
Artejo	Arteixo	Freguesía	Arteixo	A Coruña
Bardiellas	Bardullas	Freguesía	Muxía	Fisterra
Besocos	Bezoucos	Arciprestado	-	-
Bornero	Borneiro	Freguesía	Cabana de Bergantiños	Bergantiños
Bullón	Boullón	Freguesía	Brión	Santiago
Canes	Os Ánxeles <sup>1</sup>	Freguesía	Oroso	Ordes
Carrera	Carreira	Freguesía	Zas	Terra de Soneira
Çerejo	Cereixo	Freguesía	A Estrada	Tabeirós – Terra de Montes
Cervero	Cerveiro	Arciprestado	-	-
Corvera	Corneira	Freguesía	A Baña	A Barcala
Couçiero	Coucieiro	Freguesía	Val do Dubra	Santiago
Duas Yglesias	Dúas Igrexas	Freguesía	Forcarei	Tabeirós – Terra de Montes
Ferreros	Ferreiros	Arciprestado	-	-
França	Franza	Freguesía	Mugardos	Ferrol
Iglesia Alva	Grixalba	Freguesía	Sobrado	Terra de Melide
Losame	Lousame	Freguesía	Lousame	Noia
Mexigo	Meixigo	Freguesía	Cambre	A Coruña
Montoto	Montouto (Santa Cristina)	Freguesía	Abegondo	A Coruña
Montoto	Montouto (Santa María)	Freguesía	Santa Comba	Xallas
Nuefontes	Novfontes	Freguesía	Touro	Arzúa
Otes	Outes	Freguesía	Outes	Noia
Palmera	Palmeira	Freguesía	Ribeira	O Barbanza
Pynero	Piñeiro (San Mamede)	Freguesía	Cuntis	Caldas

<sup>1</sup> O nome medieval da parroquia, rebautizado no século XVII por razóns eufemísticas, era Cas (Palacio Sánchez, 2014).

	Forma moderna	Entidade	Concello	Comarca
San Tome de Pynero	San Tomé de Piñeiro	Freguesía	Marín	O Morrazo
Santiago de la Puebla	Santiago do Deán ou Castelo	Freguesía	A Pobra do Caramiñal	O Barbanza
San Salvador do Porto de Moaros	Portodemouros (San Salvador)	Freguesía	Vila de Cruces	O Deza
Quexeyro	Queixeiro	Freguesía	Monfero	O Eume
Reyes	Reis	Freguesía	Teo	Santiago
Requexo	Pontecesures (San Xulián) ?	Freguesía	Pontecesures ?	Caldas ?
Ribera	Ribeira	Freguesía	A Estrada	Tabeirós – Terra de Montes
Sarandones	Sarandós	Freguesía	Abegondo	A Coruña
Sereja	Cereixo	Freguesía	Vimianzo	Terra de Soneira
Soto	Souto	Freguesía	A Estrada	Tabeirós – Terra de Montes
Tojos Obtos	Toxosoutos	Freguesía	Lousame	Noia
Zebroero	Cebreiro	Freguesía	O Pino	Arzúa

Táboa 4.b. Relación de formas deturpadas no *Libro do subsidio*, xunto coa súa localización moderna.

### 3.3. Estudo das formas deturpadas

Da análise das formas toponímicas que presentan algún grao de desviación castelanzante con respecto á *scripta* galega medieval, chama a atención a absoluta falta de sistematicidade á hora de formular ese tipo de desviacións, dato especialmente sangrante se temos en consideración que o *Libro do Subsidio* foi redactado por unha soa man.

Un fenómeno lingüístico característico do galego que aparece nalgunha ocasión desvirtuado nos topónimos é o resultado das desinencias latinas de plural -ANES (> -áns / -ás / -ais) e -ŌNES (> -óns / -ós / -ois). Así acontece con *Canes* (med. *Cas*, act. *Os Ánxeles*, Oroso) e con *Sarandones* (Sarandós, Abegondo). En ambos os casos, cremos que está xustifico descartar que se trate de formas gráficas de feitura latina, pois serían insólitas nun manuscrito de data tan serodia. Tanto é así que, de consideralas solucións alatinadas, constituirían os únicos dous exemplos existentes no texto. O lóxico é pensar que o desvío

respecto das formas galegas se realiza nunha dirección castelanizante, máxime cando o manuscrito obxecto de análise foi redactado en castelán. Ora ben, ese mesmo desvío non se produce noutros nomes de lugar herdeiros da mesma terminación latina. Na meirande parte dos casos, as solucións gráficas reflicten algún dos resultados que, diacrónica e xeolectalmente, a devandita terminación xerou en galego: *Aguions* (33v) (Aguións, A Estrada), *Allões* (14v) (Anllóns, Ponteceso).

Con todo, o maior número de exemplos de topónimos cuxa grafía desvirtúa a súa forma galega prodúcese naqueles en que un ditongo decrecente é reducido a unha vogal simple: *San Gião d'Aroça* (San Xulián da Illa de Arousa), *Artejo* (Arteixo), *Cervero* (Cerveiro), *Losame* (Lousame), etc. No entanto, ao lado destas solucións, aparecen outras, maioritarias, escritas á galega: *Cabaleyros* (Cabaleiros, Tordoia), *Oleyros* (Oleiros), *Ouçande* (Ouzande, A Estrada), *Touro* (Touro), *Veyra* (Beira, Carral). O amanuense, de feito, chega a escribir un mesmo topónimo con distintos referentes, ora na súa forma galega, ora na súa forma castelanizada: *Meyxenda* para o de Cee, pero *Amexenda* para o de Ames; *Carreyra* para o de Ribeira, pero *Carrera* para o de Zas; *Ferreros* para o arceprestado, pero *Ferreiros* para o do Pino, etc.

Cabe mencionar, tamén, os topónimos formados a partir da concorrencia de dous elementos lexicais, dos cales só un se traslada á súa forma castelá, mentres o outro permanece na súa forma galega. Así acontece con *Duas Yglesias* (Dúas Igrexas, Forcarei) ou con *Nuevefontes* (37r) (Novefontes, Touro). Este último exemplo é especialmente rechamante por presentaren os dous lexemas (*nove e fontes*) o mesmo tipo de fenómeno lingüístico susceptible de ser castelanizado, isto é, o resultado dun *õ* breve latino, que en castelán ditongou (*nueve, fuente*). No entanto, noutras ocasións, este tipo de nomes complexos figuran con candaseu elemento lexical escrito regularmente: *Portomouro* (Portomouro, Val do Dubra, comarca de Santiago), *Arealonga* (Vilagarcía de Arousa).

É interesante subliñar que, ao lado de formas desvirtuadas que acabarían triunfando co paso do tempo, mesmo na oralidade dos veciños deses lugares (como *Puebla* ou *Duas Yglesias*), atopamos ensaios de castelanización que nunca chegarían a ter vixencia, nin sequera desde instancias administrativas, como *Bar-diellas* por *Bardullas* (Cee) ou *Otes* por *Outes*, que aparecen tanto no Catastro de Ensenada (s. XVIII) como en Madoz (s. XIX) na súa forma galega.



É dicir, a inseguridade e falta de constancia á hora de proceder á deturpación dos topónimos é absoluta, ata tal punto que podemos afirmar, sen risco a equívocos, que as castelanizacións se producen a xeito de ensaio ou tentativa. Confirmada a existencia de pequenos despuntes de castelanización, nunca regulares e sempre minoritarios, nos séculos da Idade Media, o estudo da consolidación do proceso debe quedar para os estudosos da lingua na Idade Moderna, ou aínda da Contemporánea.

#### 4. SÍNTESE CONCLUSIVA

Da abordaxe que vimos de realizar pódense extraer algunhas conclusións que coinciden en relativizar a importancia do influxo castelanizante na toponimia galega ao longo do período baixomedieval. En primeiro lugar, debemos afirmar que as formas que presentan algún grao de desviación a respecto da súa solución xenuína son minoritarias. En termos xerais, acostuman a aparecer con maior frecuencia a medida que nos achegamos ao solpor da Idade Media, pero sempre dun xeito residual, cando non anecdótico.

En consecuencia, o proceso de castelanización da toponimia galega debe ser abordado como un fenómeno eminentemente posmedieval, pois os casos de formas deturpadas que aparecen na documentación do medievo configúranse, pola súa insignificancia en termos numéricos e a súa ausencia de sistematicidade, como excepcións dignas de adquiriren a categoría de ensaios.

Debemos descartar, ademais, a idea de que a castelanización toponímica se produciu en paralelo coa castelanización documental. O noso traballo demostra que os seus ritmos e procesos non poden ser asimilados directamente, pois, por unha banda, conséntase a existencia de documentación en galego con formas castelanizadas xa desde o século XIII, co agromar mesmo do romance como lingua documental e, pola outra, a análise do *Libro do subsidio* demostra que a plena asunción do castelán como lingua de escrita non conduciu a unha regularización da castelanización dos topónimos, que, continuaba a ser, aínda a comezos do século XVI, un fenómeno nitidamente minoritario.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS E RECURSOS EN LIÑA

- CAG = Boullón Agrelo, A. I / Sousa Fernández, X. (dirs.) (2006): *Cartografía dos apelidos de Galicia*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <<http://ilg.usc.es/cag/>>. Consultado en outubro-novembro de 2014.
- Catastro de Ensenada = *Catastro de Ensenada (1751-1753)*. Madrid: Ministerio de Educación, Cultura y Deportes. <<http://pares.mcu.es/Catastro/servlets/ServletController>>. Consultado en outubro-novembro de 2014.
- Dono López, P. (2010): *Colección de documentos en pergamino do Mosteiro de Santa Comba de Naves. Introducción, edición e índices*, Tese de doutoramento (inérita), Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.
- Lorenzo, R. (2004): “Edición de documentos medievais. Problemas que presentan algunhas abreviaturas”, en R. Álvarez / A. Santamarina (eds.): *(Dis)curso de escrita. Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*, [A Coruña], Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Madoz = Madoz, P. (1846-1850): *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de ultramar*. Madrid: 2ª ed.
- NG = Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia (2004): *Nomenclátor de Galicia. Toponimia oficial das provincias, concellos, parroquias e lugares*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. <<http://www.xunta.es/nomenclator/busca.jsp>>. Consultado en outubro-novembro de 2014.
- Palacio Sánchez, A. (2014): “Malos, Perros e Cas, topónimos interditos”, *Estudos de Lingüística Galega* 6, 217-231.
- PTG = Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia (2000–): *Proxecto Toponimia de Galicia* (microtoponimia). Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. <<http://sitgaideg.xunta.es/buscadoravanzado/>>. Consultado en outubro-novembro de 2014.
- Santamarina, A. (2002): “A recuperación e salvagarda da toponimia galega”. En *Actas dos IV encontros para a normalización lingüística*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 253-262.
- TMILG = Varela Barreiro, X. (dir.) (2004–): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*, Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega. <<http://ilg.usc.es/tmilg/>>. Consultado en outubro-novembro de 2014.
- Vázquez Bertomeu, M. (2003): *A Igrexa de Santiago contra 1500. O Libro do Subsidio*, Verín-Santiago de Compostela, Edicións Lóstrego.



No ano 2007 o Consello da Cultura Galega e o Instituto da Lingua Galega publicaron unha obra colectiva que levaba o título de *Na nosa lyngoage galega. A emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media*. Este volume acha agora o seu reverso nestoutro libro, que se debruza sobre a cuestión do abandono do uso escrito formal da nosa lingua entre os séculos XV e XVI e sobre os procesos de cambio en que naquela altura estaba inmersa. Os traballos en que se estudan as cuestións relativas á lingua galega no final da Idade Media van precedidos por unha análise do marco político, económico e social en que o reino de Galicia chegou a esta conxuntura histórica e por dúas contribucións destinadas a presentar o escenario en que se deu a transición da Idade Media á Idade Moderna en dúas comunidades lingüísticas veciñas de Galicia que estaban inmersas en escenarios sociolingüísticos ben diferentes entre si: Portugal e Asturias.



CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA